



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 61

Sesión Plenaria
9 de setembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 32555 (12/CPP-000058)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta da xestión da Administración autonómica en relación da vaga de incendios forestais rexistrada este verán en Galicia: medidas de prevención, dispositivo de extinción e liña de axudas ás persoas, empresas e entidades afectadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 32026 (12/CPP-000056)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

Punto 2. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

2.1 32974 (12/POPX-000051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

2.2 32976 (12/POPX-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego aos retos que ten Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

Punto 3. Texto lexislativo

3.1 Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo (doc. núm. 10918, 12/PPLI-000001)

Publicación do coñecemento das sinaturas e admisión a trámite, BOPG nº 201, do 21.05.2025



Punto 4. Mocións

4.1 28372 (12/MOC-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1722, publicada no BOPG núm. 16f1, do 24 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 8 de xullo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 221f1, do 18.07.2025

4.2 28373 (12/MOC-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27442, publicada no BOPG núm. 213f2, do 25 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 8 de xullo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 221f1, do 18.07.2025

4.3 28419 (12/MOC-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre a situación do transporte escolar en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1514, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 8 de xullo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 221f1, do 18.07.2025

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 22885 (12/PNP-001855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación de débeda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

5.2 27332 (12/PNP-002207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025



5.3 30189 (12/PNP-002328)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f1, do 14.08.2025

5.4 30454 (12/PNP-002344)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

5.5 30927 (12/PNP-002367)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241f1, do 25.08.2025

5.6 31525 (12/PNP-002376)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 20453 (12/INT-000825)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

6.2 31883 (12/INT-001157)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e catro deputados/as máis**

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025



6.3 31887 (12/INT-001158)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 32962 (12/PUP-000132)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia do inicio dos expedientes para a declaración do pazo de Meirás e da illa de San Simón como lugares da memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.2 32977 (12/PUP-000134)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e Prado del Río, Paula**

Sobre os compromisos do Goberno central na colaboración para a recuperación e restauración das superficies queimadas na última vaga de lumes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.3 28490 (12/POP-004103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 01.08.2025

7.4 30178 (12/POP-004534)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de inclusión nos orzamentos de 2026 dunha contía de 36 millóns de euros para dedicar á rehabilitación e mellora das infraestruturas dos centros educativos públicos de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025

7.5 29892 (12/POP-004491)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as pretensións do Goberno de España respecto do sistema de distribución de menores migrantes non acompañados entre as distintas comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025



7.6 30328 (12/POP-004553)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea sobre a tramitación dos proxectos eólicos realizada pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025

7.7 30465 (12/POP-004571)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para manter as prazas das persoas funcionarias con máis antigüidade no concurso de traslados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.8 32626 (12/POP-004748)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia do impacto dos incendios forestais de agosto de 2025 no patrimonio cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.9 32975 (12/PUP-000133)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as eventuais responsabilidades políticas da conselleira do Medio Rural pola situación en que estaba o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando se inicia a vaga de lumes do mes de agosto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O presidente comunica a inasistencia do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas e a súa delegación de voto na deputada Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 12.)

Alteración da orde do día

O presidente comunica o debate acumulado das dúas comparecencias da orde do día. (Páx. 12.)

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta da xestión da Administración autonómica en relación coa vaga de incendios forestais rexistrada este verán en Galicia: medidas de prevención, dispositivo de extinción e liña de axudas ás persoas, empresas e entidades afectadas. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: presidente da Xunta de Galicia (Alfonso Rueda Valenzuela). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 31.), José Ramón Gómez Besteiro (S) (Páx. 34.), Ana Belén Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 38.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 41.).

A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, amosa desacordo co desenvolvemento do debate anterior e o presidente intervén para aclarar os tempos empregados en cada unha das intervencións. (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: presidente da Xunta de Galicia (Alfonso Rueda Valenzuela). (Páx. 46.)

O presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 48.) Nesta rolda interveñen os deputados Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 48.), José Ramón Gómez Besteiro (S) (Páx. 50.), a deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 52.), o deputado José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 54.) e o presidente da Xunta de Galicia (Alfonso Rueda Valenzuela). (Páx. 56.).

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día, consistente en adiantar o debate das preguntas ao presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 60.)



Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 60.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 61.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 62.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 63.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resposta que está a dar o Goberno galego aos retos que ten Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 64.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 66.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 66.)

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *representante da Comisión Promotora (Teresa Navaza González).* (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 71.), *Olalla Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 74.) e *Carmen María Pomar Tojo (P)* (Páx. 77.).

Rolda de réplica: *representante da Comisión Promotora (Teresa Navaza González).* (Páx. 80.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo: *rexeitada por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: *José Manuel Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 85.) e *Rubén Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 88.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 90.)

O deputado José Manuel Golpe Acuña (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 90.)



Suspéndese a sesión ás tres e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 92.)

Intervención do grupo autor da moción: Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Paloma Castro Rey (S) (Páx. 95.) e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 98.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 100.)

A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 100.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a situación do transporte escolar en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Julio Ernesto Abalde Alonso (S). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 104.), Paulo Ríos Santomé (BNG) (Páx. 104.) e Cecilia Vázquez Suárez (P) (Páx. 107.).

Nova intervención do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso (S). (Páx. 109.)

Votación das mocións

O deputado Rubén Lorenzo Gómez (P) pide a votación por puntos na moción que se vai votar a seguir (Páx. 111.) O seu autor, José Manuel Golpe Acuña (BNG), acepta a petición. (Páx. 111.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras: aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención. (Páx. 111.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras, agás o punto 1: rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 111.)

A portavoz do G.P. Popular de Galicia solicita a votación por puntos na seguinte moción, que non é aceptada. (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero: rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 112.)



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a situación do transporte escolar en Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños e do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación da débeda. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Patricia Iglesias Rey (S).* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 118.), *Cristina Sanz Arias (P)* (Páx. 118.).

A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 121.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Deza Martínez (P).* (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Carlos López Font (S)* (Páx. 126.) e *Alexandra Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 128.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 131.)

A deputada María Deza Martínez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). (Punto quinto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 133.)



Intervención do grupo parlamentario emendante: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 136.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 138.), *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 138.).

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 140.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia don Brais Ruanova Vilas-Boas, que xustifica a súa inasistencia, e —xa o comentei— delega o seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo. Todo iso conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara.

Sen máis, entramos na orde do día: punto primeiro, comparecencias.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Acumúlanse dúas comparecencias.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta da xestión da Administración autonómica en relación coa vaga de incendios forestais rexistrada este verán en Galicia: medidas de prevención, dispositivo de extinción e liña de axudas ás persoas, empresas e entidades afectadas

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025

O PRESIDENTE: Para comezar ten, en primeiro lugar, a palabra o presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías, invitados e invitadas que hoxe enchen a tribuna deste pleno, medios de comunicación, galegas e galegos, sen dúbida, toda Galicia está conmovida polo que vivimos ao longo deste mes de agosto. Foi unha conmoción penso que transversal a ideoloxías e incluso a circunstancias de cada un. A dor que sentiron e sentimos ao vivir en primeira persoa, en moitísimos casos, ou ao ver a través dos medios de comunicación ou das redes sociais como unha parte do noso territorio se converteu en pasto dos incendios, é, sen dúbida, unha dor compartida. Cada hectárea que ardeu percibímola como se fose propia, como se fose de cada un de nós. Tamén sentimos moi preto aquelas galegas e galegos que perderon as súas propiedades ou o seu modo de vida.

Por iso, aínda que sexa por unha vez, contradicindo o individualismo que impera moitas veces nestes tempos, esta catástrofe vivímola unidos, vivímola como o pobo que somos, e, polo tanto, creo que non debería haber diferenzas nin divisións máis alá dos diferentes pun-



tos de vista políticos. Vivamos nas cidades ou no rural, opinemos dun xeito ou doutro, creo que todos e todas nos sacudimos por igual cando Galicia arde. *(Aplausos.)*

Antes que nada, gustárame facer unha mención moi especial aos catro integrantes dos equipos de extinción que, protexendo o noso monte e os nosos veciños, sufriron queimaduras, nalgúns casos moi importantes. Tres deles seguen recuperándose na Unidade de Queimados do Hospital Universitario da Coruña, no CHUAC, e desexámoslles que canto antes se poidan recuperar.

Señorías, nin esquecemos nin esqueceremos o acontecido neste mes de agosto: 673 lumes, case 30 diarios —algúns días máis de 30—; 62 concellos afectados, nas catro provincias; máis de 400 persoas evacuadas das súas casas e máis de 2.000 que nalgún momento tiveron que ser confinadas; 144 vivendas afectadas polos lumes, das que 13 son vivendas habituais. No mes de agosto arderon en Galicia ao redor de 120.000 hectáreas, das que o 31 por cento corresponden a superficie arborada, o 69 por cento a monte raso e chan espido e o resto a outro tipo de superficies. Isto non é minimizar nada, é simplemente dicir a verdade, porque dicindo a verdade é como se poden solucionar os problemas, e a xente non é parva.

Señorías, vivimos momentos duros nos que as emocións estiveron a flor de pel. Seino, igual que moitísima xente, de primeira man, porque desde o propio martes, 12 de agosto, estiven durante dez días cada día acudindo a onde todo isto ocorría, acompañando a moitísima xente que estaba alí tamén. Polo tanto, puiden compartir de primeira man o esforzo dos membros do Cecopi, dese comité de coordinación que se constituíu en canto Ourense pasou á situación 2. Estivo durante dúas semanas toda esa xente practicamente sen saír do centro e en moitos casos practicamente sen durmir, ou durmindo moi poucas horas. Puiden ver a bombeiros forestais actuar con moita profesionalidade e con moito valor; con moita vocación, diría eu. Puiden comprobar a solidariedade dos veciños, que rompían portais para defender casas nas que non había ninguén nese momento, ou contiñan o lume ata que chegaban os medios; descargas de medios aéreos en moitos casos. Tamén puiden comprobar a súa responsabilidade en todos aqueles casos nos que deberon ser confinados ou mesmo evacuados; é que foron fundamentais esas instrucións, e seguilas, para evitar danos persoais. Escoitei testemuñas de persoas que nunca viran nada igual e que temeron polas súas vidas e polas súas pertenzas. Coñecín a valentía de moita xente, de viticultores, de agricultores, que saíron con maquinaria pesada a facer cortallumes para evitar que o incendio chegase aos seus cultivos, ás súas cepas. Estiven con gandeiros que viron como o lume rodeaba as granxas, ameazaba os seus animais ou acababa directamente co seu alimento, cos pastos. Vin traballadores e empresas, en principio non vinculadas á Administración, que ofrecían cisternas e carretaban auga voluntariamente sen descanso dun lado para outro, en condicións moi difíciles, arriscadas en moitos casos, para poder abastecer as motobombas que apagaban o lume.

Agradezo, polo tanto —e nunca o farei dabondo—, o esforzo de todos eles; o esforzo dos profesionais da extinción e o esforzo dos que, sen ser profesionais, tamén traballaron nesta extinción. Agradezo sobre todo o esforzo e o compromiso deses veciños aos que antes me refería, que actuaron de xeito exemplar en circunstancias moi difíciles.

En definitiva, nunha situación extraordinaria, vin a resposta extraordinaria dun pobo extraordinario. Podemos sentirnos realmente orgullosos. *(Aplausos.)* Agora o noso deber, o



deber dos que temos responsabilidades públicas, é extraer leccións, como non, para evitar, se é posible, que isto volva pasar, e para, se pasase, intentar minimizar os danos e estar mellor protexidos fronte ao lume.

A xente espera de nós que saibamos analizar o acontecido, que saibamos recoñecer, por suposto, os erros cometidos —ninguén fai todo perfecto nin moito menos— e ofrecer solucións viables e realistas. Non hai que agardar —ou non debería, polo menos, ter que agardarse de ningunha— que ningunha utilice o que sucedeu neste mes de agosto para reafirmarse nos mesmos dogmas de sempre, por moito que a realidade os desminta nunha gran parte unha e outra vez, incluída a realidade deste mes de agosto.

Señorías, a contenda política é lexítima, por suposto que si, ¡faltaría máis!, e é normal que non coincidamos nas análises ou nunha parte delas, e que tamén poidamos disentir en moitas das propostas que fagamos cara ao futuro.

Pero se hai sete anos, despois dunha vaga de lumes que se cobrou aquela vez catro vidas, se puido chegar neste Parlamento a un ditame que saíra adiante por unha ampla maioría, hoxe sería moi difícil de entender que se escenificase e que transmitísamos a idea de que é imposible chegar a consenso, sobre todo cando moitas das medidas —case o 90 por cento daquelas que se adoptaron no ano 2017— ou están executadas ou están en vías de execución.

Deputados e deputadas da oposición, coñezo as propostas que fixeron, linas con atención, é a miña obriga. Hai cousas nas que non coincidimos e outras nas que si; hai cousas que nos parecen discutibles ou directamente imposibles e outras que se poden levar a cabo e que en que gran parte poden coincidir coas que nós propoñemos. Non vou facer o que fixeron vostedes, pedir dimisións —empezando pola miña—, dicir que non lles vale nada, antes de escoitar aquilo que terían que enxuizar para dicir se lles vale ou non lles vale, e facer o que fixeron sempre: convocar manifestacións e non querer escoitar. Propóñelles que por unha vez fagan o que imos facer nós, escoitar, analizar, entender que todos queremos acertar e que, polo tanto, podemos ter unha parte de razón e intentar chegar a acordos. O meu goberno, o partido que o sustenta, quere facer, e espero sinceramente que vostedes, por unha vez, estean á altura de todo isto; os galegos estanos observando. *(Aplausos.)*

Solicitei comparecer neste Parlamento porque era a miña obriga, porque a transcendencia do que sucedeu así o demandaba e porque creo, con toda a convicción da que son capaz, que, fronte a uns incendios que son cada ano máis difíciles e que serán cada ano máis difíciles, o diálogo e as propostas entre partidos políticos, entre as forzas políticas, deberían, pola contra, ser cada vez máis sinxelas, máis doadas. Por tanto, eu creo que este debate, esta comparecencia, vai servir tamén para comprobar se estamos á altura do noso pobo e do reto que agora temos por diante.

Señorías, na análise das causas que provocan os lumes, non caben simplificacións, non levan a ningunha parte; sinceramente, iso é o máis doado, pero o máis ineficaz. Como en todos os grandes desafíos dos nosos tempos —e este é, sen dúbida, dos máis grandes— normalmente quen busca resumir as orixes ou as solucións dos problemas nun tuit, nun titular ou nun mitin político é porque non ten moitas ganas de ser eficaz e ten intereses distintos á busca



da verdade e das solucións. Hai moitísimos biólogos, físicos, enxeñeiros de montes, historiadores, economistas, profesionais das forzas e corpos de seguridade, dos equipos de extinción, empresarios ou traballadores do sector forestal que levan anos estudando e interpretando dende Galicia —que é onde máis sabemos disto moitas veces, por desgraza, pola longa experiencia— as causas que conducen aos lumes e os medios que se poden poñer para mitigalos. E, por suposto, para acertar, é necesario escoitar, e escoitar en primeiro lugar as persoas que viven no noso rural —que dixeron moitas cousas, non só nestes días, senón anteriormente, e que dirán no futuro, así o espero—, que viviron xa, como dicía, por desgraza, un bo número de incendios forestais e que tamén saben o que cambiou nestas décadas para que a virulencia dos incendios sexa cada vez maior. Eles non utilizan a demagogia, non utilizan o curtopracismo, son xente á que merece a pena escoitar.

E, escoitándoos a todos eles, obsérvase unha enorme coincidencia nas orixes dos lumes que tivemos neste verán e dos que poden vir no futuro.

Estas coincidencias apuntan, en primeiro lugar, a que o monte só arde —non só, pero na maioría dos casos— se alguén o prende; e negar isto é negar unha evidencia e non querer solucionar o problema. É certo que ás veces se prende como consecuencia de negligencias, de imprudencias ou de despistes, non o imos negar. En ocasións os xestos máis involuntarios —máis inocentes, se queren— acaban en lumes devastadores, e por iso é necesario avanzar en concienciación, en prevención, en formación e na atención a todas as recomendacións, as instrucións e as ordes —chegado o caso— para evitar na medida do posible estas negligencias, imprudencias ou despistes.

Pero noutros casos, moitos máis dos tolerables, dos esperables, os incendios provócanse de xeito intencionado. Temos moitísimas evidencias, non só as investigacións que están facendo as forzas e corpos de seguridade do Estado, que están en mans da xustiza, tamén evidencias deste verán sen ir máis lonxe, como lumes que se orixinan con varios focos simultáneos ao longo da mesma estrada, lumes que nacen no lugar e no momento no que poden facer máis dano, no lugar no que aos medios lles resulta máis difícil actuar, lumes que se repiten sempre nos mesmos lugares sen que haxa unhas condicións especiais para que aí se produzan lumes de xeito fortuíto... Todo iso sabémolo todos, outra cousa é que inexplicablemente hai xente á que lle interesa, non sei se por descoñecemento, por lonxanía ou por interese político, negar esta evidencia.

É absolutamente irresponsable —na miña opinión e na opinión de moita xente— ignorar este problema limitándose a sinalar —fíxoo algún representante do Goberno central moi recentemente— que os pirómanos e mesmo os incendiarios son unha minoría e que, polo tanto, non hai que facerlles caso porque non teñen ningunha actuación determinante. Nótase que non están en Galicia e nótase que non falan coa xente que sabe, señorías (*Aplausos*).

En Galicia, por desgraza, sabemos que isto non é así e por iso imos seguir reforzando a vixilancia con cámaras en puntos estratéxicos, con máis tecnoloxía, con máis partidas disuasorias e potenciando a investigación todo o que faga falta. Isto xa está dando froitos grazas a esta vixilancia, grazas á concienciación da poboación de que isto é así e grazas, por suposto, ao traballo das forzas e corpos de seguridade da Policía Autonómica, da Garda Civil, da Uni-



dade de Investigación de Incendios Forestais —que creamos nestes últimos anos—, de moitos veciños e de moito persoal das brigadas, que ten isto claro e que colabora na detención de presuntos incendiarios. A día de hoxe hai 35 persoas investigadas e 17 detidas como presuntos responsables de causar lumes. Confío en que, se queda demostrada, por suposto, como condición indispensable, a súa culpabilidade, a xustiza caia con todo o seu peso sobre os que provocan toda esta devastación e danan gravemente o patrimonio de todos. Así o espero, ¡así o espero! (*Aplausos.*).

En segundo lugar, nesta análise das persoas que realmente saben de lumes, hai unha coincidencia case xeral en que as condicións climáticas teñen unha influencia moi importante, e cada vez máis. ¿Quen pode negar esa evidencia? ¡Sería absurdo! Neste verán vivimos unha situación absolutamente excepcional, unha tormenta perfecta, como se acostuma dicir. O primeiro ingrediente desta tormenta foi un mes de xuño extremadamente cálido, o segundo con temperaturas máis altas de toda a serie histórica. Estas temperaturas altas secaron a vexetación e convertérona nun combustible fácil, moi fácil de arder, despois de que crecese nunha primavera que, pola contra, foi especialmente chuviosa. O segundo ingrediente desta tormenta foi, pois iso, o que acabo de dicir, a falta de precipitacións. Dende o inicio do verán e ata o 25 de agosto só houbo un día —¡un só día!— de choiva xeneralizada na maior parte de Galicia: o 19 de xullo; un só día ata o 25 de agosto dende o inicio do verán. E o terceiro ingrediente: as temperaturas, moi elevadas no mes de agosto, tanto de día como de noite. No mes de agosto sucedéronse ata 16 días consecutivos con avisos serios por temperaturas extremas, por altas, ademais dunha humidade moi baixa e rachas de vento fortes e cambiantes, moitas veces producidas pola propia virulencia dos incendios.

Polo tanto, ¿quen nega a influencia do clima en todo isto? E como non o negamos, senón todo o contrario, Galicia vai seguir estando á vangarda da loita contra o cambio climático. Onte mesmo aprobabamos no Consello da Xunta de Galicia unha lei ao respecto, pero tamén temos clara unha cousa: non somos nin demagóxicos, nin estamos fóra da realidade, e nin Galicia en solitario, nin sequera España en solitario, pode reverter esta situación nin lograr un impacto relevante nun fenómeno que ten incidencia e transcendencia a nivel global, a nivel mundial.

Polo tanto, claro que faremos o noso traballo, claro que seguiremos loitando contra as causas do cambio climático, reducindo no posible as emisións, apostando —se nos deixan— polas enerxías verdes e facendo todo o que estea na nosa man. Pero non podemos limitarnos a apuntar que o cambio climático é o responsable principal, a conseguir un titular, a aludir á necesidade dun pacto e logo non facer nada para promocionar ese pacto e manifestar que xa non hai nada máis que facer. Iso, se queren facelo outros, ¡alá eles!, nós imos traballar en serio, que é o que queremos facer. (*Aplausos.*)

O terceiro grupo de coincidencias de case todos os expertos está en que a evolución demográfica ten unha incidencia importantísima sobre os incendios. Contrariamente ao que algúns poden imaxinar, ou que apunta moita xente que vive de crer en mitos que non teñen moito sustento, Galicia nunca tivo na súa historia tanta superficie forestal como agora. Boa parte dos bosques que temos hoxe orixináronse non hai moito tempo, no século pasado, sobre todo a partir da segunda metade, con repoboacións forestais que tiñan a intención de



converter Galicia no que somos agora: unha potencia forestal, unha potencia madeireira. En épocas anteriores a estas repoboacións, o noso rural parecíase máis a unha sucesión de pastos e de terras de cultivo que ao territorio repleto de árbores que algúns imaxinan e afirman, sen moita base histórica. Logo, os movementos de poboación que se sucederon en Galicia ao longo de décadas encheron as cidades, baleiraron as aldeas ou os pobos pequenos, xunto coas correntes migratorias, e favoreceron e provocaron que haxa agora amplas extensións de bosque ou de matogueira en zonas onde antes vivían persoas que cultivaban a terra, que pastoreaban o seu gando e que, polo tanto, coidaban e mantiñan ordenado e limpo o monte. Isto hai que dicilo porque isto é así. Escoitamos durante estas últimas semanas, sobre todo de xente que fala dende fóra de Galicia, unha serie de teorías, unha serie de afirmacións, que non responden á realidade. Non coñecen a realidade galega e, se a coñecen, parece non importarlles. Eu creo que é impensable, que é inaceptable para calquera —estaremos todos de acordo, os 75 deputados e deputadas desta Cámara—, a pesar de que algúns autoproclamados expertos suxiren o contrario, que ningún poder público —nin autonómico, nin estatal, nin local— pode ordenarlle á xente onde ten que vivir ou decidir que agora se vive aquí ou non se vive aquí, ou que, se vivías aquí, agora tes que volver vivir noutro sitio. Non temos capacidade, xamais a teremos —e é lóxico— para tomar esas decisións. Outra cousa é que fagamos todo o posible para favoreceras, claro que si. Outra cousa é que debamos comprometermos a seguir dotando o rural galego duns servizos homologables aos que existen nas zonas urbanas, os que a xente busca moitas veces cando sae dos pobos; en todos os concellos, incluso nos máis pequenos. Isto servirá para que os que viven neses concellos se plantexen quedar alí e servirá tamén para que moita xente que está vivindo en cidades —ás veces non necesariamente en cidades galegas, incluso noutros lugares— pense en mudarse e iniciar unha nova vida no rural.

Polo tanto, señorías, a poboación do rural debe ter todas as facilidades para quedar e a poboación de fóra, que non vive no rural, todos os incentivos posibles para facelo, para vivir no rural. (*Aplausos.*)

Hai que apostar, señorías, por un rural no que se poida vivir, pero tamén do que se poida vivir. A Xunta de Galicia teno claro hai moito tempo. Destinamos cada ano máis de 3.000 millóns de euros para financiar a remuda xeracional, para favorecer as actividades agrarias, o Banco de Explotacións, as axudas para a incorporación de mozos e mozas, para formar especificamente e promover a profesionalización das actividades agrarias, dos oficios agrarios, para impulsar a produción de calidade das nosas D.O. e indicacións xeográficas protexidas, para seguir sendo unha potencia europea no sector lácteo, cárnico, vitivinícola —a súa puxanza será a mellor blindaxe para o noso agro—, para seguir promocionando a rebaixa de impostos... O Programa de impostos cero no rural, pioneiro en España, eliminou os tributos para a compravenda de solo rústico e explotacións agrarias, e tamén instaurou deducións moi importantes por nacemento de fillos e fillas en concellos pequenos; dotamos con máis de 1.200 prazas a conciliación no rural, as casas niño e as casas do maior, que logo imitaron noutras comunidades autónomas, establecendo axudas para mellorar as posibilidades turísticas, sobre todo nos pequenos concellos, co turismo rural. Impulsáronse proxectos enoturísticos, dinamizouse o Camiño de Santiago, que pasa por moitas zonas rurais, para darlle unha vida, unha nova alternativa económica, unha nova perspectiva a estes pequenos concellos, construíndo torres de telefonía —70— para dar cobertura de voz e datos



a 210 núcleos de poboación que ata ese momento estaban illados, concedendo axudas para que a xuventude poida adquirir unha vivenda nun concello pequeno, nun concello de menos de 10.000 habitantes. Seguimos apostando pola Estratexia Galicia Retorna, para atender as necesidades evidentes de persoal, de vacantes laborais, que existen nas catro provincias, moitas delas en pequenas empresas do rural e con isto equilibrar a tendencia ao desprazamento laboral cara a zonas máis poboadas. Potenciamos a rede de polos de emprendemento. Catorce das quince oficinas das que dispón a Xunta de Galicia están situadas fóra das cidades para ir buscar os emprendedores ao rural e dicirlles que, se poden, emprendan no rural. Temos unha presenza de servizos da Xunta de Galicia no 90 por cento dos concellos galegos, como de centros educativos. O 90 por cento dos concellos galegos ten un centro educativo —é case o dobre que a media do conxunto de España— e temos unha rede de transporte escolar gratuíto moi grande, a máis grande a nivel nacional, e que cobre practicamente o cen por cento do territorio galego, e sete hospitais comarcais e 450 centros de saúde. Absolutamente todos os concellos de Galicia, sexa cal sexa o seu tamaño, teñen un centro de atención primaria, e isto só o pode dicir Galicia —supoño—. Non sei se hai algunha comunidade autónoma máis, pero estou seguro de que a inmensa maioría non dispoñen desta potencia de instalación, que se paga cos recursos de todos os galegos. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, un rural con actividade vai ser sempre un rural con futuro; un rural de postal, ao que se lle neguen todas as posibilidades de crecemento económico, é un rural condenado, sen dúbida, a esmorecer lentamente. É moi fácil dende núcleos máis poboados, dende contornos urbanos, dicir o que hai que facer e o que non, pero non é casualidade que o mapa das zonas que máis arderon coincida nunha gran parte co mapa de fenómenos que se producen en Galicia, como a dispersión, o despoboamento ou o sobreenvellecemento.

E por iso, señorías —repítooo unha vez máis—, seguiremos loitando tamén contra o abandono do agro do xeito máis sustentable que existe, confiando en proxectos empresariais que, respectando o contorno, cumprindo con toda a normativa, creen emprego fóra das cidades; ese é o camiño. E con todo o respecto á nosa contorna natural, pero sen a demagogia irresponsable de quen limita os dereitos, as posibilidades doutros, dende fóra, seguiremos apostando polas posibilidades do medio rural.

Por iso o compromiso cun rural vivo e activo somos conscientes de que é un reto de enormes dimensións e de que require da implicación de todas as administracións. Estamos a falar da vida da xente e de obxectivos que requiren de medidas sostibles, que non só pode promocionar e soste a Xunta de Galicia, sobre todo porque son obxectivos e medidas que teñen que ter unha durabilidade, unha sostibilidade e, polo tanto, teñen prazos e tempos longos ás veces.

As institucións europeas deben redobrar a súa implicación co futuro do rural a través dos fondos de cohesión —polo tanto, hai que establecer esa necesidade, esa presión que todos deberíamos estar facendo; nós, dende logo, estámolo facendo—, para evitar a recentralización deses fondos, porque dende aquí sabemos onde hai que investilos, e sempre ou case sempre é nas zonas rurais. Hai que reivindicar a vixencia da PAC, da política agraria común, e hai que eliminar tamén moitas trabas burocráticas que se establecen en Europa e que dificultan o acceso aos fondos e hai que eliminar restricións normativas, ás veces innecesarias, que chegan a facer imposible ou dificilísimo ata o punto de abandonar o traballo no agro.



Por outra parte, por suposto, o Goberno central non se debe acordar só do rural cando arde; ten que facelo sempre; ten que acordarse cando planifica as estradas, cando planifica o funcionamento do tren, cando planifica os seus trazados, os seus traxectos, as súas frecuencias e, señorías, as súas paradas. Todo iso hai que planificalo pensando no rural; e, por suposto, tamén cando decide a repartición do financiamento autonómico.

Conceptos como a dispersión e o envellecemento son os que nos interesan, os que temos que defender, os que a outras comunidades —que agora mesmo lle dobran a man ao Goberno— non lles interesa, en absoluto, porque non os necesitan, non padecen diso. Teñen criterios e pretensións moi diferentes.

Estes factores son os que hai que ter en conta á hora de planificar a repartición de fondos; e, por tanto, o equilibrio territorial, para garantir servizos de calidade, pasa por todo isto. E non ten ningún sentido que, incluso en Galicia, se estean apoiando posturas e pretensións doutras comunidades autónomas, que queren impoñer criterios que nada teñen que ver coas nosas necesidades en Galicia, especialmente coas necesidades do rural. E hai que dicilo moi claramente as veces que faga falta. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, a acción dos incendiarios, as condicións climáticas, o devalo demográfico..., son causas que favorecen os lumes, sen ningunha dúbida, ás cales leva o descoido da terra e moitas veces o seu abandono, e a todo o que vén despois. Polo tanto, cómpre analizar a situación dende todas estas perspectivas, deixando a un lado, na medida do posible, a demagogia —ou, polo menos, que non sexa o único criterio—, o vantaxismo político, os dogmas, o curtopracismo político..., é como podemos chegar a respostas útiles ante esta lacra.

Polo tanto, eu convócoos a esta diagnose. Isto é o que esperan os galegos de nós; esperan que teñamos altura de miras e que non se produza, unha vez máis —pois sería unha decepción—, o enésimo intento de desgaste a todo custo, de extracción dun réditto político que vai ter un percorrido moi curto e que non estaría á altura deste reto. Dende logo, este Goberno, o partido que o sustenta —como dicía antes—, vai intentar estar á altura deste reto. E na parte que corresponde como Goberno, estas son as nosas propostas —non, protestas fanas vostedes; iso xa o sabemos—; *(Aplausos.)* propostas son as que facemos nós, que aquí, por desgracia, o papel de cada un hai tempo que os galegos o coñecen.

En canto ás nosas propostas, señorías, para plantar cara aos lumes e ao seu impacto, hai que apostar pola prevención e pola extinción. Nin a primeira debe desprazar a segunda nin a segunda pode monopolizar os nosos esforzos e os nosos recursos en detrimento da primeira. A eficacia está no equilibrio, non é nada sinxelo, é moi complicado, pero hai que intentar logralo e hai que conseguilo. E, ademais, isto non o digo eu, senón que é a filosofía ou o que din, primeiro —volvo dicir—, a xente que sabe e que sabe moito do tema, e é o que dicía o Ditame que saíu deste Parlamento hai sete anos.

Dende o ano 2018, a Xunta duplicou —porque así o exixía ese ditame— o orzamento destinado á prevención de incendios; pasamos de 25 a 50 millóns de euros en algo máis de cinco anos. Aprobamos tamén unha Lei de recuperación da terra agraria, que introduciu ferramentas que eran moi novidasas e que permitiron —e teñen que permitilo moito máis, por—



que aquí hai moitos factores que inflúen — e teñen que permitir a mobilización destas terras: as figuras como os polígonos agroforestais, as permutas ou as agrupacións forestais de xestión conxunta.

Aprobamos tamén, con base nese ditame, un plan forestal que logrou varios dos seus obxectivos —non todos—. Algúns que se conseguiron foron ambiciosos: incrementar nun cincuenta por cento a superficie de frondosas; pasamos de 400.000 hectáreas ás 620.000 hectáreas actuais, ou multiplicouse por cinco o número de hectáreas de monte ordenadas —por cinco—, de 117.000 a máis de 500.000.

Apostamos tamén pola creación de pasteiros, e hai que apostar moito máis; isto favorece a gandaría extensiva e serve de barreira natural contra o lume. Nos últimos cinco anos invetéronse máis de dez millóns de euros en crear preto de dous mil hectáreas de pasto, alí onde os que entenden onde teñen que estar os pastos, dicían onde tiñan que situarse. E hai que facer moito máis neste sentido, e para min quedou bastante claro nesta crise.

E, tamén redobramos o traballo conxunto cos concellos —e quédome deter nisto— na xestión das faixas secundarias, é dicir, as faixas que rodean os núcleos de poboación. Señorías, aquí hai alcaldes, alcaldesas e moitos responsables locais, e todos sabemos que as faixas secundarias, eses anacos de terreo ao redor das vivendas, posúen unha importancia enorme e son decisivas para o que pode pasar para cando chega o lume. Favorecen a protección das casas e, ademais, se están ben ordenadas e ben limpas, permiten que os medios antiincendios non teñan que detraer, como pasou en moitos dos lumes deste mes de agosto —como pasa moitas veces—, medios na loita no monte para protexer o máis importante —algo que sempre o imos ter claro—, que son as poboacións e a protección da veciñanza. E, por tanto, manter limpas as faixas secundarias é unha responsabilidade compartida; unha responsabilidade, en primeiro lugar, dos propietarios; e creo que isto todo o mundo o entende e o defende, pero outra cousa é levalo á práctica. Tamén é unha responsabilidade subsidiaria dos concellos, se os propietarios non cumpren. Unha lei do ano 2007 establéceo clarísimamente. E, por suposto, tamén é responsabilidade da Xunta de Galicia —non eludimos a nosa responsabilidade—, e oxalá as deputacións e o Goberno central pensen ou pensasen que tamén é responsabilidade deles.

Como é unha responsabilidade da Xunta de Galicia, sabemos perfectamente e somos perfectamente conscientes de que moitos municipios, polas súas dimensións, polas súas capacidades, pola súa estrutura..., teñen moitísimas dificultades á hora de actuar —a práctica estánolo amosando continuamente—. Isto non quere dicir que non haxa casos, por desgraza hai casos en que é así, pero son os mínimos... A maioría dos concellos que non están cumprindo, concellos de pequeno tamaño, non é porque lles falte vontade, senón que é porque lles falta capacidade para poder facelo. E, como xa o sabiamos dende hai moito tempo, xa van sete anos dun convenio a tres bandas coa empresa pública autonómica Seaga e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que representa todos os 313 concellos; todos os 313 concellos teñen faixas secundarias e, polo tanto, todos teñen obrigas.

Saben moitos dos que están na tribuna, ou creo que todos e todas, que, en virtude deste acordo, non só se ofrecen tarifas moi bonificadas, 420 hectáreas no ano para desbrozar —moi por de-



baixo do seu custo real— aos donos de parcelas nas parroquias chamadas «prioritarias» para que a roza se faga directamente. Tamén axudamos os concellos adheridos que teñan, ademais, un plan preventivo aprobado, que, por outra banda, é unha obriga para, cuxo cumprimento, a Xunta dá axuda económica.

Isto é abondo, pero hai, no día de hoxe, cincuenta concellos de todas as cores políticas —teño que dicilo— que aínda non están incorporados a este sistema. E non estar incorporado a este sistema, dificulta, sen dúbida —non sei se na totalidade dos casos—, en moitísimos casos seguro, o cumprimento da súa obriga de vixilancia e de execución subsidiaria da limpeza das franxas secundarias.

Os concellos que si están no sistema e dispoñen dun plan de prevención, é dicir, que teñen os requisitos para poder acollerse a este convenio —que antes dicía—: Seaga ofrécelles servizos que —creo— se demostraron e se amosaron moi útiles nesta vaga de incendios: limpeza ata dez hectáreas de monte por concello e ano; actuacións en ata doce quilómetros de vías municipais por concello e ano; apoio nos labores de inspección de parcelas para verificar o cumprimento das obrigas ou a colaboración no envío de notificacións tras os incumprimentos detectados por parte dos propietarios.

Isto xa deu froitos, pois nestes momentos máis do sesenta por cento da superficie das parroquias prioritarias na loita contra o lume está xestionada e elévase aínda máis nas parroquias non prioritarias, ata un dez por cento máis. Son unha mellora —como dicía— estas porcentaxes, respecto do que había antes de que entrase en vigor este convenio, pero distan moito de deixarnos satisfeitos; primeiro, porque hai que limpar máis superficie; e segundo, porque, en moitos casos, estanse producindo incumprimentos e as consecuencias xa as vimos nesta vaga de lumes.

No día de hoxe, señorías —hai que dicilo—, segue habendo propietarios e segue habendo concellos que non acaban de ser conscientes da importancia de manter limpas as contornas dos lugares onde están e que non acoden aos servizos de Seaga, nin sequera a aqueles que son practicamente gratuítos —moi por debaixo do que custaría un desbroce ou unha roza encargada noutro lugar—. Por iso adiántolles que, de xeito urxente, imos reforzar —hai que facelo— o sistema de xestión das faixas secundarias. E, ¿como o imos facer? Reforzando os concellos e as súas capacidades para apoialos no cumprimento das obrigas, ás cales veñen suxeitos pola lei do ano 2007. Polo tanto, o que faremos será convocar, de xeito inminente ou de inmediato, a Federación Galega de Municipios e Provincias, que —insisto—, representa todos os concellos, para analizar os seguintes aspectos —que agora paso a expoñer—: primeiro, para modificar o convenio para que a Xunta poida colaborar cos concellos, en principio cos de menos de dez mil habitantes, que son os que teñen máis dificultades de execución. ¿Colaborar como? Asumindo a súa competencia para ordenar a limpeza das faixas secundarias. Os traballos de limpeza, por tanto, asumiríalos Seaga, a cal, despois, naturalmente pasaría a factura correspondente ao propietario e mais a sanción, que tamén sería tramitada dende a Xunta de Galicia.

Tamén queremos propoñer a todos os concellos que fagamos unha identificación conxunta, tras este verán, das rozas máis urxentes e prioritarias. Creo que aprendemos moitas cousas e



moi rápido nestes días, e, polo tanto, agora mesmo está perfectamente detectado onde é urxentísimo actuar para que Seaga, ao longo das vindeiras semanas, poida facer eses desbroces.

Impulsaremos —xa o estamos facendo, pero hai que intensificala moito máis— a plantación de frondosas autóctonas na contorna das parroquias afectadas para que actúen, en certa maneira, de corta lumes; un cortalumes natural. Xa está previsto, pero pódese intensificar moitísimo máis.

Tamén estableceremos —é necesario—... Non pode dar igual que un concello estea ou non estea adherido a estes convenios de limpeza, e, polo tanto, será un factor para ter en conta á hora das asignacións que reciben todos os concellos galegos, con cargo ao Fondo Galego de Cooperación Local.

E duplicaremos tamén a contía que destinamos todos os anos aos labores de limpeza —hai que facelo—. Isto vai supoñer un esforzo importante da Xunta de Galicia. E tamén incrementaremos as contías que dedicamos a colaborar cos concellos para as contratacións, dentro do programa Aprol Rural.

E tamén imos impulsar cambios normativos; cambios para que as administracións, especialmente a Xunta e os concellos poidamos solucionar un problema que agora mesmo se está dando e que moitos alcaldes e alcaldesas comentaron estes días con razón. Non pode ser que se dea a situación, onde haxa unha intención de querer limpar as fincas —lugares moi sensibles aos lumes, lugares que é imprescindible ter limpos—, nas cales os propietarios non só incumpren a súa obriga de limpalas por eles mesmos, senón que, despois, reaccionan e impiden a entrada, cando a Administración quere facer a limpeza. Hai que facer cambios legais para facilitar as entradas porque estamos falando de poñer en risco moitísimas cousas: non só as fincas deses veciños, aos cales non lles dá a gana nin de limpar nin de deixar que lles limpen.

E, por suposto, a responsabilidade de prevención non pode quedar só na Xunta. Por suposto, está nos concellos que a teñen e nos veciños —os primeiros obrigados—. A responsabilidade de prevención tamén ten que ir aos propietarios dos montes. Hai comunidades de montes en Galicia —moitísimas— absolutamente exemplares, que cumpren coas súas obrigas de traballo de limpeza, de prevención, de cortalumes, de material, de ferramentas de extinción, incluso de persoal; pero hai outras que non. Polo tanto, faremos un especial seguimento e os cambios normativos que sexan necesarios para obrigar aquelas que non o estean facendo e incluso, se fose necesario, incrementaremos as porcentaxes das cotas de limpeza, en determinados casos, e de ser necesario adquirir maquinaria, facelo tamén, sendo conscientes de que xa hai moitas comunidades de montes que están facendo un traballo exemplar. O problema é que hai outras que non.

E, por suposto, solicitaremos a colaboración das deputacións provinciais. Dicía que isto non pode ser só un tema de competencias porque, entón, a Xunta tamén podería dicir que, no tema das faixas, a competencia vén perfectamente establecida. E non pode ser así, trátase de ser eficaces, e, polo tanto, pedimos ás deputacións provinciais que colaboren, ao igual que estamos colaborando con elas, nas emerxencias, a través dos consorcios provinciais, e



que se impliquen, como xa fai algunha deputación —a de Ourense, nomeadamente— no co-financiamento de maquinaria á disposición dos concellos; especialmente dos concellos máis implicados, os que teñen máis claro onde vai ter máis utilidade esta maquinaria que se poña á súa disposición. Estou seguro de que as deputacións entenderán tamén que, cando arde unha parte da súa provincia, algo lles está ardendo tamén a eles.

No caso dos municipios nos que non se cumpran as obrigas deste proceso de limpeza de faixas, iso a cidadanía ten dereito a sabelo; saber en cada momento en que punto exacto do proceso que leva a limpar unha franxa secundaria está o procedemento. E, polo tanto, se hai algunha firma parada ou algunha cousa que non se estea impulsando, iso ten que ser de acceso público. Acceso público ao estado de tramitación dos correspondentes expedientes.

E ademais, loxicamente, imos —en principio— duplicar o número de inspectores que xa están percorrendo —pero non son dabondo— os concellos galegos revisando o estado das faixas secundarias e dando nota dos incumprimentos e tamén, por suposto, dos cumprimentos.

E simplificaremos tamén ao máximo o procedemento administrativo para que os particulares poidan limpar de vexetación e de árbores as zonas colindeiras coas estradas autonómicas, que son as da nosa competencia. Polo tanto, substituiremos a necesidade actual de autorización por unha simple declaración responsable. Facelo todo moitísimo máis sinxelo.

Porque, señorías, non nos cabe ningunha dúbida de que a limpeza do monte é necesaria para moitas cousas, pero tamén non nos cabe ningunha dúbida de que eliminar vexetación dunhas parcelas que ninguén vai traballar despois vai supoñer, por regra xeral, que cando chegue o mes de agosto, a máis tardar, despois das choivas de primavera e do sol do inicio do verán, a vexetación con moita probabilidade volverá estar como estaba. E por iso hai que incidir na ordenación e no aproveitamento forestal, non só na limpeza. (*Aplausos.*) Estamos convencidos de que o remedio máis estable e máis eficaz contra os lumes non é tanto plantar unhas especies en detrimento doutras; é garantir que as parcelas están sendo traballadas e, polo tanto, ordenadas e coidadas.

Este mes de agosto deixounos evidencias de que con lumes destas características —que, insisto, chegaron para quedarse— ningunha especie arbórea garante nin impide nada. Polo tanto, a experiencia dinos que o monte máis aproveitado é sempre o monte que menos arde. E, tal e como sinalan —volvo dicir novamente— os que saben, o futuro pasa por configurar paisaxes chamadas «en mosaico», ordenadas por franxas que combinen diferentes especies e alternen superficies arboradas con pasteiros.

E por iso, señorías, é fundamental que sigamos estando ao carón da nosa industria forestal galega; é máis dun 1,7 por cento do noso PIB. É unha aliada fundamental á hora de loitar contra o lume, porque supón ordenación, rendemento económico do chan do monte para que non arda. Por este motivo o declaramos sector estratéxico desde a Xunta de Galicia. Por este motivo e porque hai milleiros de familias en toda Galicia que queren como ninguén a terra onde viven, queren coidala e queren preservala, pero tamén esperan de nós menos política, menos demagogia á súa custa e máis futuro económico. E este Goberno váillelo dar. ¡Este Goberno váillelo dar! (*Aplausos.*) Por iso anuncio que, antes de que remate este ano, presentarémolle ao sector



o borrador —xa moi avanzado— do futuro plan director da industria forestal, que vai ser o instrumento que identifique as maneiras de aproveitar o noso bosque e o noso monte, onde están os vectores de crecemento, por onde hai que seguir e por onde hai que innovar. Por exemplo, promovendo —como está facendo a Xunta de Galicia— a construción en madeira, o uso industrializado deste recurso natural en Galicia. Eses son os novos camiños. Así conseguiremos que o aproveitamento económico e a ordenación forestal poidan ir da man.

Señorías, direino as veces que faga falta: un territorio produtivo é un territorio coidado, e un territorio coidado aporta rendibilidades aos seus propietarios e é moito máis difícil que arda; ou así debería ser. E, como este é un reto que ten o Goberno, asumímolo e asumímolo en todos os campos: no campo agrario, no campo forestal, concentracións parcelarias que desde o 2020 lograron mellorar a ordenación de máis de case 23.000 hectáreas dende o ano 2020 —se falamos de máis atrás serían moitísimas máis—. Varias iniciativas contempladas na Lei de recuperación de terra agraria; aprobamos esa lei neste Parlamento hai catro anos, no 2021. Esas iniciativas, as agrupacións forestais de xestión conxunta, que xa se revelaron moi útiles para a realidade que temos, de propietarios moi atomizados, incluso moitas veces descoñecidos. Corenta e catro agrupacións xa, levamos investidos dous millóns de euros nelas. A partir deste ano existen tamén as agrupacións forestais de xestión conxunta sen base territorial, o que favorece que as persoas, con menos trámites, poidan unirse simplemente para compartir información, técnicas, experiencias ou asesoramento. Ou as permutas de fincas rústicas, das que neste momento xa se teñen finalizado —son moi complexos— sete procesos e hai outros cinco en trámite.

Tamén hai que continuar reducindo a burocracia, sen dúbida, para que os propietarios —que bastantes cargas, bastante traballo e bastantes preocupacións teñen xa— non atopen demasiadas trabas administrativas á hora de poder sacarlle partido ás súas parcelas. Hai que dar máis facilidades para converter o solo forestal en chan agrario. Polo tanto, faremos posible que toda a superficie que foi agraria e quedou abandonada hai corenta anos ou menos poida volver ao seu uso inicial sen ter que levar a cabo ningún tipo de procedemento.

Simplificaremos tamén a obtención dos permisos para facer rozas e queimas controladas; isto non quere dicir menos control, pero hai que simplificalos e facilitalos. Proporemos, por exemplo, que se poidan facer —por suposto, sempre con supervisión— lumes técnicos en Rede Natura entre os meses de abril e xuño, para minimizar o risco que logo se produce en verán e que vimos nesta ocasión nesta vaga, con tantas hectáreas ardidadas en Rede Natura. Tamén proporemos que se eleven os máximos de terreo que se poden rozar en Rede Natura, do vinte ao trinta por cento da superficie de matogueira, e así poder facer pastos; e o máximo no que se poden facer queimas pasalo do cinco ao dez por cento inicialmente. E, en previsión —e é fácil prevelo— de que suba a demanda de profesionais dos traballos agrícolas e silvícolas de desbroce, imos seguir reforzando a promoción dos ciclos de FP relacionados con estes oficios, con estes traballos, para que ademais dun beneficio para o monte sexa unha oportunidade laboral para os nosos mozos e mozas, que ademais poderán traballar en contextos rurais.

Como Galicia debe continuar avanzando cara a un territorio rural cada vez máis ordenado, e como isto é unha evolución laboriosa e lenta, volvo facer un chamamento a este consenso



fóra de posturas demagóxicas e fóra de afirmacións dogmáticas. Creo que demos pasos nestes últimos anos na boa dirección e a miña esperanza, a nosa esperanza, é que nos vindeiros anos poidamos dalos moito máis rápidos. (*Aplausos.*)

Señorías, a extinción. Vaia por diante —creo que xa o dixemos moitas veces durante o peor dos lumes e, por suposto, despois— que o recoñecemento que fagamos aos equipos de extinción sempre será xusto, pero nunca será dabondo. Son profesionais como a copa dun pino, que deron todo de si mesmos en condicións moi extremas e moitísimas veces baixo unha enorme presión. Protexéronnos a nós e ao noso patrimonio e, polo tanto, merecen a nosa gratitude. (*Aplausos.*) Eles son os primeiros que din, fronte á opinión dalgún experto que en realidade non ten nin idea, que houbo lumes que estaban fóra da capacidade de extinción —de calquera capacidade de extinción—; que non se podían apagar, para entendernos. Combater focos que están en lugares inaccesibles dende terra e cunhas temperaturas que facían que calquera cousa que se lle botase dende un medio aéreo non chegase nin ás lapas fai un lume, nese momento, absolutamente inextinguible. E, se o combinamos con refachos de vento e explosións térmicas dun momento para outro que propagan o incendio ás veces a quilómetros de distancia, temos esa situación que os profesionais de extinción coñecen e describen perfectamente. Con todas estas dificultades, os equipos traballaron e cumpriron co obxectivo que tiñan marcado en primeiro lugar —que nin falta facía, porque o tiñan clarísimo—: había que protexer sobre todo as persoas e, logo, as vivendas. Esa foi a máxima prioridade e creo que todos estamos de acordo en que así debía ser. Grazas a iso, grazas aos equipos de extinción, lograron defenderse moitas aldeas e logrouse que en Galicia os incendios no día de hoxe non se cobrasen ningunha vítima mortal. E recoñecémolo sempre: ¡moitísimas grazas por ese traballo! (*Aplausos.*)

Para extinguir estes incendios contamos cun dispositivo de primeirísimo nivel: 3.000 profesionais do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais; máis de douscentos bombeiros, GES e Protección Civil; 343 efectivos de brigadas municipais dos concellos; 380 motobombas, 36 buldóceres, 12 batracios, máis de trinta medios aéreos n; axentes forestais e máis de cento vinte axentes medioambientais, persoal da Policía Autonómica, das Forzas e Corpos de seguridade do Estado e tamén do Exército. Tivemos en Galicia preto de cincocentos membros da Unidade Militar de Emerxencias, douscentos doutras unidades militares e cen a maiores que correspondían á Operación Sentinela, que custea a Xunta de Galicia.

E porque agradecemos todos estes medios —porque ningún é dabondo en determinadas situacións— e porque cremos que as circunstancias obxectivas así o reclaman, avánzolle que me dirixirei ao presidente do Goberno e á ministra de Defensa para solicitar a creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias en Galicia; concretamente, nas instalacións que temos no concello de Toén, na provincia de Ourense. (*Aplausos.*) Farémolo de xeito inmediato.

Porque, señorías —grazas—, pódolles asegurar que á hora de atacar os lumes e de actuar en medio deles non houbo cores nin houbo bandos; todos os profesionais e os voluntarios —dependesen da administración que dependesen, os que dependían— traballaron cóbado con cóbado para conter as lapas. Os efectivos enviados polo Goberno central fixeron un magnífico traballo —teño que dicilo—, cos ritmos e no número que lles indicaron dende os ministerios



—teño que dicilo, non sempre foron os ritmos que nos terían gustado, os desexables, sobre todo nos momentos máis difíciles, pero fixeron un magnífico traballo—.

Este traballo tamén vale para o momento actual. Non estamos na vaga de lumes tremenda que tiñamos hai poucas semanas, pero hai que seguir actuando e, polo tanto, seguimos necesitando axuda. Teño que dicir que dúas semanas despois de solicitalo ao Ministerio de Defensa, respondendo ao ofrecemento feito polo presidente do Goberno, e despois de pedirlle ao Exército que nos axudase para cara as vindeiras semanas facer traballos no monte e previr movementos de terras e circunstancias desa índole, aínda non chegou ningunha máquina das solicitadas. Pasaron dúas semanas. Nós xa estamos traballando e imos subir o ritmo, loxicamente, estes días. Simplemente poño isto de manifesto e volvo pedir máis dilixencia e máis cumprimento das ofertas que se fan en quente. Cando se fan ese tipo de propostas, despois hai que cumprilas; e, se non se cumpren, hai que dicilo. *(Aplausos.)*

Por iso, eu sinceramente lamento que mentres toda esta xente estaba traballando ao pé do lume vísemos que algúns ou algunhas se dedicaron ao de sempre: ao curtopracismo, ao barullo, á política de pancarta. Non coinciden con algúns responsables políticos. Eu quédome co ministro de Interior, que afirmou que as comunidades estaban a xestionar con acerto e eficacia a crise dos lumes; por iso non interviñeran de oficio podendo facelo. «Con acerto e eficacia». ¿Quen conta a verdade?

Moitos alcaldes e alcaldesas, non só do Partido Popular, afirmaron e recoñeceron que os medios da Xunta estiveron dispoñibles 24 horas, mesmo nos días nos que a situación era máis difícil e con máis complicación. Polo tanto, agradezo estes recoñecementos, sobre todo dos que saben de que falan —alcaldes e alcaldesas— porque estaban alí. E esta gratitude hai que recoñecela tamén con feitos, e feitos é mellorar de maneira sostida as condicións laborais do persoal de extinción. Fómolo facendo ao longo destes últimos anos. Estanse contando moitas cousas que non son certas. Transformamos, ou estamos no camiño de transformar, un dispositivo que só era —ou basicamente só era— de extinción hai non demasiados anos nun dispositivo que fai extinción e prevención: apaga o lume cando hai e coida e limpa o monte cando non hai lume ou cando estamos fóra da tempada de alto risco.

A diferenza do que pasa noutras comunidades autónomas —e diga o que diga, por exemplo, unha vicepresidenta do Goberno que veraneou placidamente e sen inmutarse a moi pouca distancia de onde se estaban producindo os incendios—, a práctica totalidade dos traballadores do dispositivo da Xunta de Galicia son traballadores públicos integrados na Administración. ¡A práctica totalidade! *(Aplausos.)* Polo tanto, hai que falar cun pouco máis de coñecemento, hai que falar cun pouco máis de rigor. Dous terzos do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, que son empregados públicos, traballan todo o ano, os doce meses. Isto fano desde 2023, cando os contratos que estaban en nove meses pasaron, a maioría deses dous terzos, a doce. Dous terzos traballando todo o ano, os doce meses. E o outro terzo son os traballadores fixos discontinuos que teñen, logo dun acordo cos sindicatos, un proceso —xa están no ecuador dese proceso— para chegar aos nove meses a partir do ano 2026. Neste 2025 xa traballaron oito meses e no ano 2026 traballarán nove meses. Ampliaranse os seus contratos ás tres cuartas partes do ano.



Ademais, seguimos afondando —porque é de xustiza e porque hai que facelo— nas melloras das condicións de traballo deste persoal. Reciben gratificacións por cada hora prolongada en materia de servizos extraordinarios cando son necesarios e teñen unha compensación económica por cada dous domingos ou festivos traballados. E hai que seguir, por suposto, mellorando estas condicións, para distanciarnos do que pasaba non hai moito tempo. Ano 2008: pouco máis de mil douscentos profesionais traballaban todo o ano no servizo de extinción; seiscentos facíano durante seis meses e tan só en campaña de alto risco se incorporaban outros mil. Só tendo en conta as brigadas de extinción estamos a falar de que hoxe hai mil postos de traballo máis en comparación con aquela época. Esta tamén é unha comparación que debe saberse, porque se nega. *(Aplausos.)* Grazas a iso temos equipos cunha experiencia e unha capacidade que permitiron facer fronte ao que dicía ao principio: días de máis de trinta lumes; lumes moi perigosos e, polo tanto, primeiro hai que poñelo en valor, agradecerlo e tamén reforzalo.

Hai que reforzar tamén, á parte de todo o que falei de prevención, o dispositivo de extinción, con novos medios, para adaptalos mellor ás realidades. E, á parte de ir renovando material, seguir dotando os concellos de material de extinción —espero, como dicía antes, coa colaboración das deputacións—, a primeira decisión xa —porque ademais amosouse nestes incendios que é unha prioridade— é reforzar os primeiros ataques sobre o lume, sobre todo en zonas inaccesibles, que son os que hai que facer con medios aéreos.

Foi fundamental nesta crise a base transfronteiriza inaugurada o ano pasado —apenas sen uso o ano pasado e este ano cun uso do cal poden imaxinar a intensidade—. Estou falando da base aérea transfronteiriza de Verín-Oímbra. Puxémola en marcha o verán pasado; con críticas, tamén, había xente á que non lle gustaba, que lle parecía que non era necesaria. Menos mal que non lles fixemos caso. E, polo tanto, como cremos que hai que seguir por aí, anúnciolles que a Xunta vai acometer, como acabo de dicir, un reforzo dos medios aéreos de extinción, tanto mediante a incorporación de novos avións e helicópteros, como mediante a creación de novas bases como a que temos en Verín. Porque son eficaces e porque son necesarias. *(Aplausos.)*

O primeiro que faremos é apoiarnos no programa europeo Restore, que permite aos territorios afectados por catástrofes naturais reorientar de xeito excepcional fondos comunitarios como o Feder para dedicalos a este tipo de tarefas; tarefas de recuperación despois de acontecementos catastróficos.

E, señorías, déixolles un dato para a reflexión. Fondos MRR. Saben da decisión de xestión centralizada que se tomou no noso país. España, como Goberno, decidiu que era dabondo dedicar 240 millóns de euros a fondos para unha xestión forestal sostible, incluída a loita contra os lumes. Isto foi a terceira parte, por exemplo, do investimento que dedicou Portugal, cun tamaño moito menor. Estou falando en termos absolutos. Polo tanto, isto tamén nos ten que mover á reflexión e a unha chamada, e volvo dicir o que vimos dicindo moitas veces sobre os fondos MRR: se non son capaces de xestionalos, estamos a tempo, agora máis que nunca, de que se nos faga unha transferencia e que se lle dean á Xunta de Galicia para investir en xestión forestal e en prevención. Se o Goberno non sabe en que gastalos, en Galicia temos motivos e sitios de sobra para poder facelo. *(Aplausos.)*



E, por último, señorías, hai que falar da reconstrución. Oxalá non houbera que facelo, pero houbo moitas cousas que foron destruídas e o noso deber, a nosa prioridade e a nosa urxencia é reconstruílas canto antes. Este é un traballo contra o reloxo, sobre todo nos danos máis grandes; se non, non é eficaz. Hai que reparar, en primeiro lugar, o medio natural, que é esencial para prever a erosión e a perda de solo. Poden empezar a chuvias en calquera momento, chuvias fortes. Isto lastraría gravemente o brote de vexetación nas zonas que foron máis devastadas.

É certo que durante todo o ano a Demarcación Galicia-Costa, que é a que é titularidade da Xunta de Galicia, leva a cabo tarefas de prevención: retiran biomasa morta en moitos quilómetros de ríos galegos e das súas contornas. ¿Con isto que conseguimos? Minimizar os riscos dos lumes cando chegan e o seu impacto, por unha banda, e, por outra, facilitar actuar de urxencia nun momento coma este, cando hai unha vaga de lumes tan tremenda como a que acabamos de sufrir. E, polo tanto, coa boa base deste traballo feito, xa podemos activar, xa están activadas, as barreiras anticontaminación para evitar que as cinzas cheguen aos ríos. Xa hai cordóns vexetais feitos con pólas e con troncos nos contornos, que minimizan a perda de chan e favorecen a pronta implantación de especies vexetais. Xa están postos algúns e outros estanse colocando nestes momentos. Barreiras de madeira en puntos con elevada pendente para reducir a velocidade da auga e evitar arrastres excesivos.

E, por suposto, estamos facendo o que nos corresponde coas capacidades que nos corresponde. Seguimos pendentes. Eu tiven ese ofrecemento por parte da vicepresidenta de Transición Ecolóxica, con ocasión da visita dos Reis a Verín, de que había colaboración coa Xunta de Galicia para, xuntamente coa Conferencia Hidrográfica, asistir as dúas —porque, ademais, a zona de Verín é Confederación Hidrográfica do Río Douro— confederacións en todo o que fixese falta. Quedamos en ser convocados a unha reunión. No día de hoxe —non sei se hoxe, dende logo onte non— esta reunión non foi convocada aínda.

E seguimos analizando o terreo afectado. Hai que identificar as zonas máis críticas para poder intervir canto antes. Hai que repasar os cortes de buldócer, evitar os arrastre cara ás augas... Para esta misión é para o que solicitabamos, como dicía, a colaboración do Exército, que ten motoniveladoras, ten pas e podería botarnos unha man fundamental que agardo que, aínda que sexa un pouco tarde, chegue canto antes. Nos vindeiros días comezaremos cos de preparación no monte, co acolchado de palla, a técnica chamada *mulching*, para poder executalos. O cálculo é que antes de que remate este mes de setembro e comezos de outubro xa se poidan executar. Estamos xa tramitando os encargos a Tragsa e a Seaga para que poidan facer os cortes de buldócer; estamos contratando os medios aéreos necesarios para a técnica do *mulching* e todo isto completárase, por suposto, co traballo que fagan as brigadas na súa faceta de prevención. E tamén estamos, por suposto, traballando nos montes de xestión pública a cargo da Xunta de Galicia para poder dar saída á madeira queimada, un asunto fundamental para evitar a súa perda e tamén problemas de pragas, problemas fitosanitarios.

Acabamos de solicitar por carta á ministra de Transición Ecolóxica, como xa se fixo en anteriores ocasións, a colaboración económica do Goberno central para todas estas obras de emerxencia e protección, conservación e restauración forestal. Agardo, como xa pasou outras veces, que chegue canto antes.



E, por último, os concellos teñen un labor importante en colaborar con nós para evitar que as verteduras derivadas dos incendios poidan comprometer as zonas de abastecemento de auga, a calidade da auga e incluso impedir o seu consumo por parte das persoas. Polo tanto, desde o primeiro momento estamos traballando para garantir a seguridade e saúde dos veciños afectados. Temos un plan de actuacións extraordinario. Por un lado, vixilancia extraordinaria por parte dos inspectores de saúde pública nas zonas máis afectadas, para detectar se se producen estas verteduras; e tamén colaboraremos economicamente —xa o anuncio agora tamén— para intentar axudarlles aos concellos no custo que lles van supoñer as tarefas de autocontrol da calidade da auga, que terán que facer de xeito extraordinario, derivados desta vaga de lumes.

E, por último —non o máis importante e prioritario pola urxencia de actuar no monte, pero ao mesmo tempo fixémoslo dende o primeiro día, practicamente—, antes de rematar o mes de agosto, como saben, tivemos un consello na propia cidade de Ourense para aprobar as axudas da Xunta de Galicia, que xa se podían solicitar a partir do día seguinte. É unha batería de medidas como creo que hai que facelo: non teñen límite, son partidas abertas e, polo tanto, todos aqueles que sufriron danos e cumpran os requisitos —que espero que sexan moitos— serán resarcidos. Todas as solicitudes van ser atendidas, tanto as indemnizacións para as persoas feridas como para a reconstrución das vivendas. Aí os propietarios disporán de apoio: os domicilios habituais, 132.000 euros, para rehabilitación e compra dunha nova; ata 16.000 para a substitución de mobiliario; vivendas ocasionais, 66.000 para a rehabilitación e ata 5.400 para o enxoval. A Xunta vai correr co cen por cento dos gastos de alugueiro, nos casos en que sexa necesario, e cos gastos de mudanza. Para explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, o primeiro é reducir a burocracia, ata 200.000 euros á disposición de cada afectado. Para comercios, industrias, establecementos turísticos ou outras empresas —mañá estará o director da Axencia de Turismo cos empresarios turísticos das zonas afectadas para falar destas axudas— e para negocios en xeral, ata 600.000 euros de axuda, que pode chegar ata o millón e medio se hai un grande impacto socioeconómico en termos de postos de traballo. Para os concellos, axudas da Xunta de Galicia para afrontar os gastos derivados dos lumes: danos en instalacións municipais, gastos que tivesen de extinción, gastos que tivesen os veciños axudando os concellos para a extinción... Todo iso será sufragado mediante convenios. Para os Tecor, ata 42.000 euros para alimentación da fauna e reparación das súas infraestruturas. Para os espazos protexidos ou reserva da biosfera, ata 40.000 euros. E, a nivel tributario, a ampliación de todos os prazos e axudas recibidas. As axudas recibidas, por suposto, non computarán para efectos de IRPF. E, por suposto, todas estas axudas serán plenamente compatibles coas que poidan achegar de calquera instancia, incluído o Goberno central, sempre e cando, loxicamente, a suma dos fondos non supere o dano total.

E hai que ser eficaces. Xa digo que as da Xunta de Galicia podían solicitarse dende o día seguinte. Non sabemos no día de hoxe —sabemos outras cousas, sabemos de peticións de adhesión ao pacto climático, e tampouco sabemos en que consiste— cando se van publicar as ordes de axudas do Goberno central. Houbo unha declaración xeral —xa a fixemos nós— pero resulta que o mesmo día que fixemos esa declaración convocamos as axudas e a xente xa as pode pedir. Agardo que, cando por fin se convoquen as axudas do Goberno central, teñan maior contía das que coñecemos inicialmente e sexan fáciles de tramitar. As nosas, desde logo, vano ser. A Xunta habilitou 17 oficinas de atención aos afectados, ademais das chamadas que se poden facer a través de teléfonos de información.



Hoxe podemos facer xa un balance provisional das solicitudes nesta primeira semana: tivemos 41 axudas para vivenda, 13 para a primeira residencia acreditada, as que estimamos, e 28 para vivendas ocasionais. Dicía que hai que ser eficaces, hai que axudar a xente cando a xente o necesita.

Con ocasión da vaga de lumes do ano 2022, as axudas convocadas pola Xunta estaban practicamente pagadas ao cen por cento a todos os que cumprían os requisitos antes de que rematase o ano; incendios de xullo. Nese momento non se convocara aínda ningunha ou practicamente ningunha das axudas comprometidas polo Goberno central, polo presidente, en Valdeorras, na miña presenza, igual que eu comprometín as da Xunta de Galicia.

Polo tanto, hai que ser eficaces e, como a eficacia se demostra con feitos, anúnciollles que unha semana despois de que se abra o prazo, podemos pagar xa cun anticipo do cen por cento as primeiras dúas axudas para reconstruír casas onde vivía xente e que foron destruídas. *(Aplausos.)* Pagarémolas nesta mesma semana.

E tamén esta mesma celeridade pódena esperar —porque están no seu completo dereito e é a nosa obriga— as 191 solicitudes que recibimos por danos en explotacións agrogandeiras, as 61 por danos en explotacións forestais, 3 en industrias e comercios, unha nun Tecor e outra, presentada no día de hoxe —é previsible que haxa máis—, por danos que sufriu un concello.

Así é como se demostra, señorías, a utilidade dos poderes públicos. Por iso me sinto moi orgulloso dos funcionarios da Xunta de Galicia, moitos desprazados sobre o terreo, que entenderon a urxencia e están respondendo á altura do que teñen que esperar os galegos da súa administración principal. Moitísimas grazas a todos eles. *(Aplausos.)*

E, como dicía, señorías, nunha crise sempre hai leccións que extraer e fallos que corrixir. Non vou dicir —non mo escoitaron durante toda a crise e moito menos agora— que non se cometeron erros. Claro que si, por suposto. Se dixese iso, non estaría sendo fiel á verdade, estaría contando algo que non é certo. Polo tanto, hai que analizar os erros que houbo; hai que ver os acertos, que foron moitos tamén; e hai que ver como podemos facer para evitar, se é posible ou, se por desgraza non é posible, mitigar os danos no futuro. Xa digo que foi unha situación excepcional. Estivo marcada por moitísima dureza, pero tamén pola grandeza de todos os que tiveron que intervir.

Nos días máis difíciles, cando o lume ameazaba, activáronse todos os recursos ao noso alcance, iso si que o podo asegurar. Houbo milleiros de profesionais con moitísimo material dando o mellor de si mesmos. E non só eles. Volvo insistir: a cidadanía, ou os veciños, volveron demostrar que cando Galicia ten que traballar unida, faino como ninguén.

Como dicía, son moitas as leccións que debemos extraer. As do pasado permitíronnos minimizar os danos desta vaga, sen ningunha dúbida, e as deste verán teñen que servirnos para, como dicía, estar máis preparados para todo o que teña que vir no futuro. Por iso, dende antes de se apagar a última lapa, xa estabamos traballando na recuperación. Podo asegurar que o negro das cinzas ten que ser só un paso previo para o regreso desa Galicia



verde que todos queremos. Ese é un obxectivo ilusionante que debería, por enriba dos intereses políticos, movernos e motivarnos a todos e a todas. Veremos se é certo.

Polo tanto, como presidente da Xunta de Galicia, eu quero dicirlles ás persoas afectadas, a quen perdeu a súa casa, o seu traballo ou o seu medio de vida, que non están sós, xa o saben. Non están sós non só porque o Goberno da Xunta de Galicia está ao seu lado, é porque Galicia enteira os está acompañando. Esa é a nosa obriga como responsables públicos e esa é a responsabilidade colectiva de todo o pobo: que o que agora está devastado volva converterse no que foi, un símbolo de vida; que teña un futuro mellor, máis verde, máis vigoroso e máis unido.

Vivimos momentos duros. Galicia non se rendeu, Galicia sempre renace e Galicia sempre terá a forza da súa xente.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, presidente.

É a rolda dos grupos parlamentarios. Do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Estívoise falando todo o tempo dos lumes en Galicia, pero eu particularizaría algo máis: os lumes foron fundamentalmente na provincia de Ourense, como todos vostedes saben. Dos lumes de España a inmensa maioría foron en Galicia e dos lumes de Galicia a inmensa maioría foron na provincia de Ourense. Non lles vou dar máis explicacións, xa que as coñecen todos. Foron entre 130.000 e 150.000 as hectáreas calcinadas ou carbonizadas —pode haber un baile de números entre o que di a Xunta e o que parece ser que din algunhas autoridades espaciais europeas—, das cales case 32.000 corresponderon só ao Concello de Larouco. Decía e remataba o señor presidente con «apagar a última lapa». A última lapa aínda non se apagou. Polo que sei, aínda seguen activos, aínda que creo que de xeito controlado, lumes na Vilavella da Mezquita e tamén en... Non recordo agora o outro sitio.

Eu vou empezar case polo último que falou o señor presidente. O máis urxente agora é a rexeneración, pero a rexeneración do país, a rexeneración da contorna e a rexeneración das vidas das persoas que se viron afectadas. Esas persoas sufriron as consecuencias da mala xestión sen ter culpa ningunha. Estaban dedicándose á súa vida, dedicándose ao seu traballo e, de repente, en moitos casos, perderon todo: perderon as súas casas, perderon os seus negocios e perderon a súa forma de vida. Entón, tamén eles teñen que retomar as súas vidas, e iso é o máis importante.

Falou das axudas e xa imos dicir que nos parecen escasas. Hai outras comunidades autónomas, por exemplo Castela e León, que, como teñen comprobado, aplican un múltiplo enteiro das axudas: tres ou catro veces máis axudas que as que aplica a Xunta de Galicia, ou as que



ten pensado aplicar. Tamén coincido co señor presidente nas necesidades das axudas do Estado, que parece ser que soamente están programadas en cantidades ínfimas en virtude dun decreto que ten vinte anos e que non foi actualizado. O señor presidente dixo que ían facer moitas cousas seguindo loxicamente —e parécenme ben— o consello dos expertos, pero implicitamente estaba recoñecendo que ata agora non as fixo. «Imos facer isto, imos facer aquilo e imos facer o de máis alá». A maioría das cousas parécennos ben porque, precisamente, son as que recomendan os expertos, pero estaba recoñecendo implicitamente que ata ese momento, ou neste momento, non se estaba facendo o suficiente labor de prevención. Isto é obvio porque o vinte por cento —a quinta parte— da provincia de Ourense ardeu. Ese é un feito e, se é un feito, quere dicir que as cousas non se fixeron ben.

Empezou falando o señor presidente dos pirómanos. De acordo, estamos de acordo en que a inmensa maioría dos incendios son provocados pola acción das persoas, do ser humano. Algúns son froito de irresponsabilidades, outros son provocados por un interese, outros son provocados por mitigar unha frustración e moitos son provocados polos propiamente pirómanos. Estes son persoas que teñen algún tipo, nalgúns casos, de patoloxía psíquica que os fai irresponsables a efectos penais e noutros casos si, teñen a responsabilidade, ¡pero con iso hai que contar! ¡Con iso hai que contar! Coa existencia dos pirómanos e das persoas con intereses en plantar lume hai que contar. O Estado conta coa existencia da delincuencia e por iso hai a policía e hai os xuíces. Aquí cóntase coa posibilidade de que poida entrar neste Parlamento algunha persoa con intencións non demasiado boas e, por iso, hai un servizo de seguridade na entrada e unha policía. Entón, cos pirómanos temos que contar, porque iso é inevitable, como con outras formas de delincuencia, pero a responsabilidade da Administración é a de tomar as medidas para que iso non teña consecuencias e, sobre todo, que non teña consecuencias en persoas inocentes, como foron todas as persoas que se viron afectadas, e ademais no grao en que se viron afectadas.

Imos recordar: vivendas, industrias, granxas, gando e viñedos. Os viñedos que en gran parte da provincia de Ourense son a fonte principal de vida como, por exemplo, na zona de Oímbra e en todo o val de Monterrei. Alí ardeu e vaise perder, posiblemente, a colleita deste ano, porque incluso nas viñas que non arderon, aínda que estas fixeron de cortafogos en moitos casos, quedaron afectadas as plantas e as uvas para poder comercializar o viño e, seguramente quedaron afectadas para as vendimas dos próximos anos. Arderon castiñeiros, explotacións forestais, os Tecor e os espazos protexidos... Temos unha especial dor pola zona de Ridimoas, no Ribeiro, que era unha especie de burbulla ecolóxica que unha persoa, Pablo Oitabén, levaba fomentando dende hai moitas décadas e que se viu arrastrada polo fume.

Ardeu patrimonio cultural, arderon igrexas na zona de Oímbra e na zona de Carballeda de Valdeorras. O sector turístico viuse totalmente afectado, como todos vostedes saben, coa cancelación de banquetes, a cancelación de actividades e a cancelación das propias festas gastronómicas con tirón turístico, como pasou por exemplo en San Xoán de Río. Houbo problemas de tráfico que foron... Á parte, había outra cousa. Unha das cuestións é que, xa por meternos no tema do tráfico, moitísimas —xa por falar só delas— carreteras autonómicas seguramente, segundo din os expertos, se viron afectadas polas altas temperaturas e van requirir dun investimento a medio ou a longo prazo, porque a calor e as altas temperaturas danaron moitísimas das carreteras. Falo das autonómicas porque son nas que vai haber que, seguramente, acabar por investir diñeiro.



A afectación nas comunicacións, por exemplo, incluso dificultou moitas veces a atención sanitaria. Na contorna, dúascentas persoas tiveron que ser atendidas por diversos motivos. Os casos especialmente máis graves, loxicamente, foron as persoas que estaban apagando os incendios e que sufriron queimaduras. Algúns están nos hospitais. Decía o señor presidente que non houbo ningunha vítima mortal. Houbo unha vítima mortal, non en Galicia, senón en León, pero era un ourensán, precisamente.

As comunicacións, ben, xa saben vostedes... Decía que nos hospitais, moitas veces, non podían traballar incluso coas fichas médicas das persoas porque fallaba Internet polos lumes. Ás veces afectou as liñas de alta tensión. A cidade de Ourense quedou sen luz durante varias horas o día que houbo o incendio de Seixalbo —no que estiveron presente—. Ás veces porque os lumes afectaban as liñas e ás veces porque había que apagar a corrente para que os avións puidesen tirar a auga sen que se producisen cortocircuitos. É triste, por exemplo, o caso de Vicente de Leira, un pobo de Valdeorras que xa tiña a historia que tiña coa estrada, que estaba caída. Ardeu por completo e, aínda encima, despois foi sometida á pillaxe de desaprehensivos. Xa digo, a saúde das persoas vai ter incluso consecuencias a longo prazo: queimaduras, traumatismos, afeccións oculares; e, despois, afectacións na saúde psíquica tamén. Moitas persoas tiveron que ser, e terán que ser, atendidas no ámbito físico.

Eu penso que os orzamentos do ano 2026 da Xunta de Galicia van ter que contemplar, de xeito posiblemente específico, unha partida xenerosa para abordar os efectos desta onda de incendios na provincia de Ourense en todos os aspectos; non soamente as axudas ás persoas directamente afectadas. Estas, xa digo, estimámolas moi pequenas, porque o que teñen é que refacer dignamente a súa vida porque non tiveron absolutamente ningunha responsabilidade nesa desgraza que se ven obrigadas a sufrir. É a Administración a que ten que cumprir e, polo tanto, é a que ten que facerlles recuperar a súa calidade de vida dun xeito digno. Non queremos nada de limosnas, porque se a Administración non cumpriu, polo menos que cumpra agora a posteriori, devolvéndolles a súa calidade de vida e a rendibilidade das súas empresas.

Houbo falla de previsión. Dixo o señor presidente que estaba demostrado que o que había que facer era traballar na prevención. Efectivamente, segundo din os expertos, estes lumes son por un montón de causas: pola homoxeneidade do mato, polas altas temperaturas, pola alta combustibilidade de determinadas cousas... Decía un experto que era como pretender apagar unha bomba atómica. (Risos.) Loxicamente, apagar unha bomba atómica non é posible. Nesas lumes convectivos créase unha corrente de convección e pirocúmulos que atraen o aire e, coa compoñente do aire principal, fan que se pase ao réxime de turbulencia e son imposibles de controlar. Se non van ser posibles de apagar, o que temos que facer é evitar que aparezan e, para iso, hai que traballar na prevención de moitas das maneiras que dixo o presidente, efectivamente. Moitas delas estabanllas dicindo os propios expertos pero, polo visto, non se estaban facendo.

A verdade é que nós temos moitísimo menos tempo que o señor presidente para falar e non nos dá tempo a dicir nin a décima parte do que tiñamos pensado. As solucións, como vostedes saben, pasarán por aplicar as novas tecnoloxías e os cambios lexislativos, algúns dos cales xa fixo el e incluso alcaldes do seu partido. Creo recordar agora que a alcaldesa



de Riós lle pediu que a Xunta de Galicia asumise competencias no eido de comunicarlles aos propietarios das franxas secundarias que desbrocen. Xa que non teñen capacidade para localizalos e para facérllelo chegar, que asuma esas medidas a Xunta de Galicia. Xa dixo que ía asumilas en forma de colaboración, pero ao mellor aí ten que facer algo máis que colaborar.

Pedimos o alivio fiscal e as medidas nos seguros; a concentración parcelaria, que leva moi-tísimo atraso na provincia de Ourense... E logo tamén hai que pedir loxicamente as responsabilidades do resto das administracións. A Confederación Hidrográfica xa realizou un plan de choque que aínda non chegou para a provincia de Ourense. No caso de Augas de Galicia, Ourense nunca intervéñ, porque non temos litoral. As causas coñecémolas todas e todos... Á parte da formación dos profesionais, hai que formar á propia cidadanía. Queixábase a alcaldesa de Larouco que moitas persoas ían aos incendios facer fotos de forma frívola (*Murmurios.*) para subilas ás redes, entorpecendo os labores...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: ...de extinción. Ou sexa, hai moita formación que facer.

A ver se podo dicir algo máis na segunda intervención, porque a verdade é que tratar de comentar en dez minutos o que o presidente dixo case nunha hora e media non resulta doado.

Moitas grazas, presidente.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Bo día.

En primeiro lugar, quero ter unha lembranza para tantas persoas que nas últimas semanas sufriron esta vaga de lumes. Vírona crecer e víron como se arrasaba un territorio que senten como propio. Observaron con impotencia como o lume avanzaba e non entendían como poder facerlle fronte. Hai quen perdeu as súas casas, todos os restos dunha vida. A todos eles e elas, o noso maior afecto e o noso compromiso de persistir en que se mude a política necesaria para que isto non volva acontecer. (*Aplausos.*)

De maneira especial quero agradecerlle a todos os equipos profesionais de distintos sectores que loitaron contra o lume: brigadistas, militares, corpos de seguridade, emerxencias, bombeiros, e tamén aos voluntarios e a todas as persoas que afrontan unha situación como esa, en defensa do seu territorio, que, por certo, tamén é o noso. Aos que aínda sofren consecuencias, desexámoslles unha pronta e unha boa recuperación. Non hai verbas que expresen a admiración e o agradecemento suficiente porque, mirando un atrás para os recoñecementos que se fan en Galicia, penso que este é un bo exemplo de quen si defende con orgullo o noso país. (*Aplausos.*)



Señor Rueda, despois de escoitalo falar, teño que dicirlle que a asunción de responsabilidades políticas non admite atallos nin evasivas. Só hai un camiño posible: a súa dimisión. (*Aplausos.*) Despois de escoitalo hoxe e durante os últimos trinta días, só se pode concluír que se amosou no exercicio das súas competencias como un perfecto incompetente, a maiores de que volvería facer o mesmo de repetirse a vaga de lumes.

Señor Rueda, vostede fracasou; é unha evidencia que xa non é discutible. Se vostede aínda se sente responsable do que lle sucede a este país —cousa que ás veces non parece—, vostede acaba de evidenciar un fracaso estrepitoso. Todo aquilo que dependía de vostede amosouse incompleto, a medias, ineficiente ou abandonado. Non estabamos preparados, por moito que vostede presumise en incontables ocasións de que todo estaba perfecto. O que ninguén lle compra é o relato de que os incendios son inevitables, porque o que si se pode facer, e vostede non fixo, foi anticiparse, previr, protexer; iso é gobernar, e vostede non gobernou. Por iso debe irse, porque hai tempo que abandonou as súas responsabilidades. E a Xunta estaba tan pouco preparada para este desastre coma vostede, señor Rueda.

O primeiro incendio de agosto foi o día 1, e xa se declarou en situación 2, con risco para a poboación desde ese día. Galicia ardeu sen descanso, e vostede tardou doce días en aparecer, con Ourense enteiro en emerxencia 2 e con tres bombeiros no hospital, (*Murmurios.*) e, iso si, perfectamente informado de que o delegado do Goberno ía acudir ao centro de mando o día 12 de agosto.

Se algo houbo que recoñecerlle foi o seu ton institucional, que tardou en mudar soamente 24 horas, cando Feijóo apareceu en Galicia, non para dar solucións, por certo, senón para repartir culpas, falar de terrorismo incendiario e pedir máis recursos ao Goberno central, intentando desviar cara ao Goberno do Estado a súa responsabilidade. A UME —lémbro-lle— estaba sobre o terreo desde o 30 de xullo, día no que xa houbo incendios, e vostede sábeo.

O seu comportamento no mes de agosto volveu poñer de manifesto unha sombra que o persegue desde que vostede é presidente da Xunta: unha sombra negra —negrísima, diría eu—, a do seu predecesor Núñez Feijóo, que unha e outra vez se interpón entre vostede e os intereses de Galicia, ou, dito doutro xeito, entre os intereses de Galicia e os intereses do Partido Popular de Madrid, que, lonxe de ser o mesmo, non poucas veces son absolutamente contraditorios. Ata o día 15 de agosto a colaboración entre o Goberno de España —fundamentalmente coa UME— funcionou como debía, con toda a potencia e todos os medios para combater a propagación, pero a partir do día 15 se interpuxo a sombra de Feijóo, que obrigou, xunto a outros presidentes, a cambiar o paso e a solicitar en cuestións de horas todo o que non pediran durante moitos días, ata chegar ao ridículo de duplicar a petición de medios cos que conta a propia Unión Europea. Iso si, o señor Rueda pon ao servizo dos intereses de Feijóo o noso país, pon a Galicia por debaixo de Feijóo. «Papá Feijóo» fala en Galicia, e o día 15 todas as comunidades do Partido Popular piden máis medios ao Goberno; a conselleira por carta, sen aclarar o número de efectivos, e logo en clara descoordinación, pero co mesmo guión, e o mesmo fai o director xeral de Emerxencias. Balóns fóra... Non, señor Rueda, porque vostede ten todas as competencias, as de previr, as de apagar e as de coordinar, e en todas elas fracasou.



O deste verán non foi unha sorpresa, foi un guión escrito, sabíase —e sabíao vostede—, porque no ano 2018 este Parlamento aprobou 123 medidas para previr incendios e adaptarnos ao cambio climático —¡123 medidas!—. Vostede tiña a obriga de aplicalas e non o fixo. As medidas claves: sistemas de información e estatística forestal, plans de prevención por distritos, refundición normativa, a creación dun ente instrumental único e a propia Lei galega de incendios para impulsar a prevención, que prometeron cambiar xa cando estaban na oposición no 2006. Pois non se cumpriron os prazos, ou quedaron simplemente nun caixón. O resultado é que Galicia se enfronta hoxe a lumes de comportamento extremo coa mesma falta de planificación e de prevención que hai sete anos, e con menos efectivos. (*Aplausos.*) Señor Rueda, 600 menos, segundo o Pladiga; 2.500 menos dos 7.000 dos que presume cada ano. A realidade: nun día, 3.500, e aínda por riba piden 200 militares cando deixan 200 prazas por convocar. (*Aplausos.*)

Iso é o que hai, un descontrol absoluto, un fracaso de coordinación e de planificación, tanto que en plena vaga de lumes tiveron que preguntarlles aos concellos polos medios que tiñan a dispor, porque non os coñecían previamente. ¡Iso si que é planificar! É tanto que nin sequera aparecen nas reunións de coordinación estatais, como ben sabemos todos a día de hoxe.

Non hai excusas, o lume real non o prendeu vostede, señor Rueda, pero a irresponsabilidade si que é súa e o fracaso tamén (*Aplausos.*): fracaso na prevención. O monte está hoxe como levamos anos denunciando, sen xestión, cheo de combustible, cada ano máis, e cada ano engadindo voracidade ao lume e capacidade de propagación. E os núcleos rurais, igual, como levamos lustros denunciando, abandonados, co monte pegado ás casas e sen servizos, sen apoio. A Galicia interior morre, señor Rueda, porque a deixan morrer. Millóns bloqueados desde xaneiro para os labores da prevención, afectando o 50 por cento do monte en man común e en nove distritos forestais. ¿Para que lles serve iso? ¿De que tanto presume vostede de ter os orzamentos operativos desde o 1 de xaneiro se non son capaces de executalos? (*Aplausos.*) Convocan prazas agora para setembro, como quen quere sacar o carné de conducir despois de ter un accidente. Ese é o seu balance: un fracaso que é o mellor aliado dos incendios.

Fracaso na extinción. O Pladiga segue, exercicio tras exercicio, escorado cara á extinción na prevención. Así o advertiron os expertos xa polo 2018. Non é unha mera discrepancia de criterio. Tivo xa consecuencias dramáticas e terá máis no futuro se non se corrixe, porque hai unanimidade en que só reducindo a carga forestal se pode facer fronte aos incendios do futuro. Persistir nas coordenadas actuais do plan non é un erro, é simplemente homicida.

Señor Rueda, no único no que non fracasou foi na desinformación. Volveron sacar a pasear o falso relato dos pirómanos, agora si xa coa pulseira marca Feijóo. E no que respecta á información puntual e diaria para a cidadanía: ningunha, só a manipulación da Televisión de Galicia (*Aplausos.*)

E para os grupos da oposición, eu a única chamada que tiveron foi a do 15 de agosto, que me fixo o conselleiro da Presidencia para dicir que se avexiñaba unha fin de semana dura. Iso hai que dicilo, pero non dixo nada máis, cando menos a min, mentres eu si recibía información diaria da Delegación do Goberno. Ese foi todo o esforzo comunicativo da súa Xunta, que usou de novo a Televisión de Galicia como un medio particular de propaganda do Partido Popular



e non como un servizo público nestas trágicas semanas. Cos telexornais —cos da televisión pública de Galicia— acontece especialmente como co papel, que aguantan todo o que lles boten. Alí aparece vostede con chaleco de emerxencias e a barba en cuarto crecente, (*Murmurios.*) unhas veces para escoitar e outras para dicir algo. Coa factura do Ventorro aínda sen pagar, quedaba escasa marxe para facer outra cousa. Agora xa o vexo rasurado, con traxe e gravata. Volve vostede aparecer para dicir, como primeira valoración, o seguinte: tampouco foi para tanto, boa parte do que ardeu é matogueira e monte baixo, e ata hai boa parte da superficie que non eran outra cousa máis que pedras. Deben estar nas academias de biodiversidade, nas aulas de bioloxía, vendo como premiar semellante análise dos danos dos lumes.

Pero a realidade era que a provincia de Ourense non precisaba do lume para verse devastada; chegaba coa marxinación que orzamento tras orzamento lle aplicaba o seu goberno para que as e os ourensáns tivesen claro que dende hai tempo se lles receita a política de terra queimada. Que prenda un lume non é unha responsabilidade, non é a súa responsabilidade, señor Rueda, pero si que o país estea á deriva en política de equilibrio territorial e que se dean as condicións para que eses incendios sexan incontrolables. (*Aplausos.*)

Arde o monte porque estamos ante un proceso de cambio climático voraz e perigoso —que vostedes negan— e porque hai tempo que no monte galego hai menos xente para traballalo e para coidalo. Precisamos un goberno que entenda que debe facerse cargo do territorio...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: ...e que debe afrontar con decisión novos modelos que impliquen a xestión pública do monte: coidalo, límpalo, ordenalo e facelo produtivo. O problema demográfico é unha evidencia, señor Rueda, causado por moitas razóns, pero alimentado tamén —e moito— por quen retira servizos. ¿Como vai quedar a xente no rural, onde se aproveita calquera oportunidade para pechar escolas ou retirar médicos?

Señor Rueda, sabíamos que isto podía pasar, sabíamos que pasaría, e vostede non tiña preparado o necesario.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Besteiro

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Desta vez —remato enseguida— saíulle cruz, non choveu, señor Rueda. Recortou coa esperanza de que se viñan outros xa resolverían a papeleta, ou que choería, ou ¡malo será!... Pero un presidente da Xunta non pode xogarse o patrimonio natural de Galicia e poñer en risco vidas baixo a teoría do «¡malo será!» De que non fose máis salváronnos os servizos de extinción, a profesionalidade, a vontade inquebrantable dun pobo concienciado e todos eses servidores públicos aos que vostede recorta dereitos e salarios. Vostede púxonos en máis perigo do que deberíamos estar, señor Rueda. Pensei que aprendería —dígoo con sinceridade—, pero tristemente non foi así. Intentou enganar coa prevención, non soubo xestionar a crise, intentou utilizala para os mandatos do seu partido e non entende ningunha aprendizaxe para o futuro do que precisamos como país.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.



JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Vostede —remato, presidente, agora mesmo— é responsable, señor Rueda, vostede fracasou, vostede debe marchar. Galicia non pode permitirse unha nova traxedia.

Moitas grazas.

Grazas, presidente.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, mentres o escoitaba, pensaba: teño que dicirlle, co corazón encollido, ¿que sentirían ante as súas escusas, as persoas que viron como ardían as súas casas, as desaloxadas, as que o perderon todo, porque perderon o seu modo de vida ou perderon a terra que tanto queren? Pensaba en todos os veciños e veciñas que loitaron en moitos casos, sen medo, sen medios, contra os lumes, coas súas propias mans, e que foron claves para que esta catástrofe non fose a peor. Estas persoas merecen moito máis que o seu discurso propagandístico e oco, porque eles e elas supliron coa súa valentía e coa súa coraxe a súa incompetencia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Por iso quero facer un recoñecemento público a unha cidadanía que volveu dar un exemplo de dignidade e de orgullo, o mesmo orgullo que sentimos por todas e cada unha das persoas que traballaron incansablemente nos equipos de extinción, como os mozos da brigada de Oímbra e o bombeiro, que seguen hospitalizados, aos que desde aquí queremos enviarlles todo o cariño, tamén ás súas familias, e poder velos pronto nas súas casas. *(Aplausos.)*

E, señor Rueda, a verdade é que, mentres o escoitaba, seguía vendo co chaleco. Hoxe hai cámaras aquí. ¿Por que non o trouxo, señor Rueda? *(Murmurios.)* Si, si, eu de feito pensei que o ía traer, porque lle gusta poñer o chaleco cando hai cámaras. Teño un aquí se quere, señor Rueda. *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo mostra un chaleco.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, esta foi a súa maior contribución a esta crise. *(Aplausos.)* A súa xestión desta vaga de lumes será recordada porque vostede, nunha escalada propagandística, puxo o chaleco para tapar a súa incompetencia.

Volveron sacar o manual de crise do Partido Popular, un manual que ten dúas técnicas que repiten sistematicamente. A primeira é a propaganda. E aí temos unha vez máis a Televisión de Galiza convertida en TelePP. Mentres os galegos e as galegas vían na pantalla do seu móbil como xa arderan miles e miles de hectáreas no noso país, na pantalla da TVG vían como noticias estrela do seu magazine unha fonte contaminada e unha praga de pulgas. A súa manipulación dá vergoña allea. *(Aplausos.)*

E a triste realidade é que arde sobre queimado. Porque é falso que estes incendios foran unha fatalidade inevitable; ao contrario, é que son a negligencia do seu Goberno. Os expertos veñen



alertando da situación. Tivemos avisos moi claros nas vagas de 2017 e 2022, pero a súa resposta foi como hoxe: a propaganda e ignorar a propia comisión de estudo que crearon neste Parlamento ou ignorar as recomendacións dos comités de expertos. E o resultado da súa incompetencia e da súa propaganda é un drama, unha catástrofe que acabamos de vivir este verán.

Pero é que o seu manual de manipulación non queda aí, porque hai unha segunda técnica que sempre está presente, volvémosla ver hoxe: botar balóns fóra. Vostedes sempre son as vítimas, a culpa sempre é dos demais: tramas incendiarias, alcaldes, os veciños que son moi maiores e xa non coidan os montes ou un clásico como é o Goberno central. Todos son responsables menos vostedes, que, casualmente, teñen as competencias en ordenación e xestión do noso monte, en desenvolvemento rural, en extinción e prevención. *(Aplausos.)*

Pero é que, miren, se o pensan, se o pensan ben, esa actitude é a maior declaración de inutilidade. Porque, señor Rueda, se vostede non é responsable de nada, ¿para que o queremos? ¿Para que lle pagamos o seu salario os galegos e as galegas?

¿Pode explicarnos por que cando presentaron o Pladiga era un plan perfecto? Dixeron literalmente: «Estamos preparados, estamos traballando con intelixencia artificial e temos medios e persoal suficiente». Pero, cando chegou agosto e os incendios, a súa resposta é: terrorismo incendiario ou o Estado non nos dá os medios que necesitamos.

Señor Rueda, esta vaga de lumes é consecuencia directa da súa incompetencia política, e por iso debe dimitir. *(Aplausos.)*

Voullo demostrar, voulle demostrar como a súa cadea de negligencias foi a que nos levou a esta catástrofe. Desde o ano 2009 vostedes, por sectarismo político, levan desmantelando todas as medidas que se puxeran en marcha de prevención e ordenación dos nosos lumes. Derrogaron as uxfor; eliminaron a obrigatoriedade das repoboacións forestais en mosaico, que hoxe nos dixo que eran fundamentais; derrogaron as medidas de ordenación preventiva da lei; reduciron as franxas de protección ás vivendas; paralizaron o Banco de Terras; non aprobaron os plans de ordenación por distrito; persisten nun modelo forestal fracasado e no abandono do rural. Porque, señor Rueda, quen lle quita os recursos e os servizos ao medio rural é vostede. *(Aplausos.)*

Incumpren as súas propias leis, e este ano, señor Rueda, deixaron 11 millóns de euros en medidas de extinción sen executar, incluídas as franxas de protección en parroquias de máximo risco, señor Rueda; deixounas sen executar.

Pero é que tamén asistimos a unha deterioración e recorte do dispositivo. Eliminaron agrupacións de vixilancia veciñal, ignoraron as recomendacións dos expertos de crear 70 unidades de intervención rápida ou de incrementar o dispositivo en Ourense e temos menos medios terrestres e aéreos propios que en 2008; un dispositivo máis pequeno e que por riba non estaba operativo ao 100 por cento en época de máximo risco.

Explíquenos, señor Rueda, por que, mentres vostede lle reclamaba máis fondos ao Estado, tiña 300 prazas sen cubrir no medio da vaga de lumes. ¿Pódese ser máis incompetente, señor Rueda? *(Aplausos.)*



¿E onde estaba vostede mentres Galiza ardía? ¿En moto? ¿De festa en festa? (*Murmurios.*) Si, si. ¿Ou na praza de touros de Pontevedra, con Feijóo e con Rajoy? (*Aplausos.*) Porque vostede chegou tarde, tardou cinco días en poñer o chaleco da incompetencia.

Señor Rueda, recoñeza que houbo fallos na coordinación das brigadas, que chegaron a estar incomunicadas; que moitos alcaldes e alcaldesas, veciños e veciñas estiveron sós, traballando a cegas contra o lume; que houbo motobombas paradas por falta de persoal, medios avariados ou mesmo algún helicóptero parado mentres ardía esa comarca. Ou, mire, non sei se o sabe, pero a base de avións de Verín deixou de funcionar en plena vaga de lumes mentres ardía, porque se foi a luz e non tiñan ningún medio alternativo. E recoñeza tamén que deron ordes incomprensibles como prescindir dos bombeiros de Lugo ou da Coruña, ou irresponsabilidades como deixar arder durante semanas un vertedoiro na Rúa, poñendo en risco a saúde pública. (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*) Señora Prado... Ben, eu xa sei que a bancada popular utiliza sempre esta técnica, pero non me van calar, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E tamén usou vostede o chaleco da manipulación, minimizando a verdadeira dimensión dos incendios. Ocultaron durante días o incendio de Pena Trevinca, unha das xoias do noso patrimonio natural. E, para colmo de manipulación, tivemos que escoitar da súa propia boca, despois de máis de 110.000 hectáreas queimadas, que non é para tanto, que total, o que ardeu maioritariamente eran mato e pedras. Señor Rueda, ante esta cadea de neglixencia e incompetencia, ¿cando pensa dimitir? (*Aplausos.*)

Porque, miren, esta catástrofe puido evitarse se vostede tomara outras decisións, se aprendera dos seus propios erros. E é que tiveron avisos importantes. En 2017 arderon 72.000 hectáreas e morreron catro persoas; en 2022 arderon 51.000 hectáreas; en 2025, e aínda non acabou a temporada de risco, máis de 110.000. Vostede estivo en todos e cada un dos gobernos que viviron esta situación. E o máis grave é que non aprenderon nada nin parece que o vaian aprender de cara ao futuro. Porque non só non queren cambiar as causas que nos levan aquí, senón que queren agravar o problema con proxectos como o de Altri, incrementando a eucaliptización de Galiza en pleno cambio climático. E isto, señor Rueda...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...é botarlle gasolina ao lume. (*Aplausos.*)

Remato, presidente.

Gobernar é anticiparse, planificar, coidar o país e defender a xente e os seus bens comúns. Se vostede non pode, non sabe ou non quere, póñase a un lado, porque quen é responsable do problema non pode ser parte da solución. Dimita, señor Rueda. (*Aplausos.*)

A reconstrución empeza por asumir responsabilidades e, dunha vez por todas, facer desta catástrofe un punto de inflexión, porque estamos fartas de ver como Galiza cada vez arde máis e non cambian nada, Señor Rueda. Hoxe na súa comparecencia o que nos di é que esta



vaga de lumes se vai solucionar con que á UME lle paguemos un edificio na Galiza ou con promesas resesas como o Plan director industrial forestal...,

O PRESIDENTE: Grazas.

Remate, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...que leva en exposición desde o ano 2024.

O PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, ¿de verdade esta é a súa actitude?

O PRESIDENTE: Rematou o tempo, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Permítame, señor presidente.

O PRESIDENTE: Non, non, rematou. Non, mire o reloxo, por favor, mire o reloxo. *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Este é o Regulamento, eu non teño... Non son culpable de que o Regulamento vaia como vaia. Non, non. Síntoo.

Mire, eu estou vendo o peluco desde aquí, ou sexa, que non me digan... Non, rematou. *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, rematou o seu tempo. Ben, si, pero... Cambien o Regulamento cando queiran, pero, de momento, é así. Rematou. *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Rematou, señora Pontón.

Grazas, grazas, grazas.

(Aplausos.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a gran vaga de lumes que afectou a Galicia este verán parece, por fin, baixo control e os afectados por esta vaga xa poden solicitar as axudas aprobadas polo Goberno galego para paliar os danos sufridos. E, polo tanto, agora si, agora si, estamos en disposición de dar explicacións, de analizar actuacións e de pensar tamén en solucións de futuro.

E eu por iso quero empezar poñendo en valor a presenza do presidente Rueda hoxe nesta Cámara, porque creo que é a proba palpable de que sabe establecer perfectamente as prioridades. As prioridades de Alfonso Rueda eu creo que son moi evidentes: cando toca extinguir, está cos equipos de extinción; cando toca deseñar axudas, está cos equipos da Xunta; cando toca consolar, está ao carón dos afectados; e cando toca dar explicacións,



está aquí no Parlamento de Galicia, no primeiro minuto do primeiro pleno do exercicio, señorías. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, eu síntome orgulloso, ¡eh!, de ter un presidente que en cada momento está onde ten que estar, fai o que ten que facer e atende ao que toca atender. Non todos poden dicir o mesmo.

Preguntaba incluso hoxe alguén por que non trouxo hoxe o chaleco o presidente. Porque xa o trouxo vostede, señora Pontón, que é a que prefire a *performance* parlamentaria ao debate no Parlamento. (*Aplausos.*) E de paso tamén... Iso si, hai que recoñecer que reciclou o que utilizou na visita a Finsa, que iso parece que non lle trae bos recordos.

Mire, hoxe empezamos o proceso de reflexión sobre as circunstancias desta vaga de lumes e como punto de inicio a min gustaríame saber se podemos polo menos, polo menos, coincidir nunha premisa básica: Galicia non é vítima dunha maldición que periodicamente a condene a sufrir un proceso de combustión espontánea do seu monte. Galicia non arde, a Galicia quéimana. (*Aplausos.*) E podemos debater moitas cousas, señorías, pero deberíamos de estar de acordo nisto.

Podemos falar de reforzar o servizo público de extinción galego, o mellor da nosa historia, sen dúbida, pero, como calquera, susceptible de mellora. Podemos falar do cambio climático, da súa incidencia no incremento da virulencia dos incendios e de como Galicia, a comunidade autónoma que máis reduciu as súas emisións de CO₂ nas últimas décadas, pode seguir mellorando neste ámbito. Podemos falar de como seguir mellorando a xestión forestal e os traballos de prevención ata completar esa folla de ruta que acordamos no Parlamento tras a vaga do 2017 —follla que se está executando—. Podemos falar de demografía, de ordenación do territorio, da necesidade de incrementar as oportunidades de futuro no rural; e estaría ben que o fixésemos sen vetar calquera posibilidade de proxecto que intente crear traballos nesas zonas.

Tamén está moi ben que hoxe veñamos aquí responsables e alcaldes, incluso de fóra de Ourense, solidarizarse con Ourense, pero tamén estaría moi ben que o pensasen cando piden eliminar paradas da Gudiña, por exemplo —¿verdade?—, para fixar outro tipo de intereses.

Podemos falar de todo isto, porque sen dúbida é un debate lexítimo e necesario, pero a realidade incuestionable é que no conxunto do Estado os incendios intencionados alcanzan o 59 por cento do total —non datos meus, son datos do Goberno, do ministerio— e no noroeste da Península esa porcentaxe elévase ata superar o 80 por cento de lumes provocados. Negacionista, señor Besteiro, é quen nega os datos oficiais do seu propio ministerio. (*Aplausos.*) ¡Iso si que é negacionismo!

Miren, señorías, este grupo está disposto a debater sobre calquera posible ámbito de mellora, sempre que se debata e se aborde dende o rigor e con vocación de aportar solucións dende unha crítica ponderada e construtiva. Creo sinceramente que resulta desolador para o conxunto do país que a primeira consecuencia de calquera emerxencia sexan os bulos, a demagogia e a crítica desapiadada de todo e de todos. E gustaríame —recoñezoo— que Galicia



nisto fose tamén é unha excepción. Pero o certo é que non é así, acabamos de comprobalo agora mesmo: dúas peticións de dimisión, cero propostas.

Eu, señorías, quero aclarar unha cousa: se vostedes queren debate, todo o debate; se vostedes queren crítica construtiva, toda a crítica construtiva; se vostedes queren aportacións en positivo, estudarémolas todas. Pero o que non imos aceptar é que os mesmos que pasaron a emerxencia tombados tuiteando desde a hamaca veñan dar leccións agora aos que estiveron a pé do lume. (*Aplausos.*) ¡Ata aí podíamos chegar!, ¡ata aí podíamos chegar, señorías!

Porque, señorías —como recordaba a señora Pontón—, esta non é a primeira vaga de lumes que sofre Galicia —é certo que ela esqueceu nomear unha que parece que non lle trae bos recordos— e, polo tanto e desgraciadamente, xa temos experiencia dabondo para avaliar como reacciona cadaquén cando toca asumir as responsabilidades de goberno, e as diferenzas son moi moi notables.

Como xa explicou o presidente, moito mellor do que o poida facer eu, o que fixo o seu Goberno durante estes lumes, permítanme que me deteña un momento en dicirlles o que non fixo este goberno. Miren, este presidente non continuou de vacacións namentres queimaban Galicia, e cómpre aclaralo, porque houbo outro presidente noutro tempo que si o fixo, pero non era un presidente do Partido Popular. Este goberno non renunciou a aceptar a colaboración que se lle ofrecía doutras administracións, como fixeron outros no seu momento, que se negaron a renovar o convenio polo que o Exército patrulla os nosos montes, porque consideraban entón que 224.000 euros era un gasto inútil e moi elevado. É que a vostedes o de ver o Exército español no monte galego non lles gusta, e por iso fan o que fan cando o presidente anuncia que vai solicitar unha unidade militar de emerxencias ubicada en Galicia de forma permanente, que creo que sería unha gran noticia para Galicia e para o seu monte. (*Aplausos.*) A vostede iso dálles igual. Vostedes, si, vostedes rexeitaban a axuda das deputacións, rexeitaban a axuda de concellos e ata tiveron a desfachatez de chamar os concellos a autoorganizarse en comités de defensas porque isto non era cousa deles, ¿verdade?

Este goberno —este que está hoxe aquí— tampouco inventou unha trama organizada de incendiarios —é que teñen mala memoria—, este goberno non acusou de terrorismo forestal persoas despechadas por non ser contratadas como brigadistas, non anunciou unha trama organizada de incendiarios, e non, por certo, insinuou que os incendiarios tivesen interese político e carné de militancia, cousa que si fixeron vostedes, ata que houbo un detido que tiña carné político, e precisamente non era o do Partido Popular. Este goberno non diagnosticou ningunha patoloxía estraña aos galegos, pero unha exministra socialista, que hoxe preside o PSOE, non dubidou en solicitar un estudo científico para coñecer se os galegos tiñamos unha patoloxía que nos levara a queimar o monte, e logo, para arreglalo, afirmou que talvez non, talvez a causa deses incendios fora o baixo nivel sociocultural dos galegos do rural. Este goberno non se atrevería a facer esas cousas, señorías. (*Aplausos.*)

Este goberno tampouco se negou a facilitar datos de superficie queimada, como si fixo o seu, señoría. É certo que se o fixera este goberno non recibiría a felicitación por transparencia que recibiron vostedes das habituais —en fin— plataformas convocantes de manifestacións; que, por certo, este goberno tampouco tivo a desfachatez de convocar unha manifestación



en plena vaga de lumes para protestar contra as políticas da oposición. Non, señorías, este goberno non o fixo, fixérono vostedes; este goberno simplemente arremangouse, apertou os dentes e púxose a traballar a favor dos galegos, (*Aplausos.*) o que vostedes non saben nin fixeron nunca.

Pero afortunadamente aquel goberno de infausto recordo pasou á oposición; cambiou a súa posición, pero desgraciadamente non mudaron as súas mañas. A culpa —dicía— é que nos facemos as vítimas sempre. Pero, señora Pontón, se somos os culpables nós sempre, se dá igual que esteamos no Goberno ou na oposición, sempre se nos chama o mesmo. Vostedes mesmos chamáronnos carroñeiros: carroñeiros cando estabamos na oposición e carroñeiros agora que estamos no Goberno. E voulle dicir unha cousa, señoría: eu non admito que me chame carroñeiro nin a femia alfa do clan de hienas nin o cabecilla dun comité de voitres, ¡non llo admito baixo ningún concepto! (*Aplausos.*) Señoría, ¡non o admito! Non admito leccións da oposición máis desleal e máis irresponsable da historia de Galicia, (*Aplausos.*) capaz de cuestionar en plena emerxencia as decisións técnicas tomadas por profesionais de experiencia máis que acreditada. Pero, iso si, namentres o Goberno galego e os equipos de extinción se centraban en extinguir lumes, a prioridade da oposición era espallar lumes, convocar protestas e pedir o voto. ¡E que non lles caia a cara de vergoña...!

Mire, señora Pontón, a súa maior aportación nesta vaga foi exercer o cuñadismo tuitero, e a do señor Besteiro, a de sempre: converterse no altofalante, ¿verdade?, do argumentario de Ferraz, por vergoñento que este fora. De verdade, a día de hoxe, ¿son capaces vostedes dous de manter as críticas que puxo unha directora de extinción pola decisión que toma de mobilizar nun sentido ou noutro un grupo de bombeiros? ¿De verdade que non lle vai pedir escusas? ¿De verdade que non se vai desculpar?

Señor Besteiro —como case sempre, ausente desta sala—, ¿segue vostede cuestionando a lista de peticións que fixo Galicia? ¿Coñece vostede quen a elaborou? Dígollo eu. Esa lista foi elaborada un 15 de agosto pola noite nunha reunión do Cecopi. Como non se atreve vostede só a cuestionar o criterio dos técnicos da Xunta, voulle dicir quen estaba nese Cecopi: a Subdelegación do Goberno, a través do subdelegado e da responsable de Protección Civil; o tenente coronel da Comandancia da Garda Civil de Ourense; o capitán do subsector de Tráfico da Garda Civil; permanentemente, un capitán da Unidade Militar de Emerxencias, un responsable de ADIF, a Policía Nacional durante a vaga en Ourense, a Cruz Vermella, etc. Señoría, ¿de verdade é que vostede se atreve a cualificar de excesiva a petición de medios que elaboraron os propios responsables e técnicos dependentes do Goberno do Estado? Pero ¿de verdade que non se vai desculpar? ¿De verdade que non lles vai pedir perdón? ¿De verdade que mañá se atreve a posar ao lado deles e despois, brevemente, mirarlles aos ollos para dicirlles: non, sodes uns exaxerados, o Goberno cumpriu mandando o que mandou?, que foi francamente escaso para o que precisaba Galicia. (*Aplausos.*) ¡Non sei como non lle cae a cara de vergoña, señoría!

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Remato xa, presidente.



O Goberno de Alfonso Rueda, que foi o que deu a cara no momento máis difícil, vai ser o mesmo que continúe a traballar para axudar as vítimas destes lumes e para avanzar solucións realistas cara ao futuro, coa súa axuda ou sen ela —iso xa depende de vostedes—.

Eu creo que as solucións a este problema non se atoparán nin no simplismo nin na demagogia, e que estaremos máis cerca da solución se continuamos pola senda que xa leva transitando anos este goberno: a do rigor, a da planificación e a do investimento continuado e sostido.

O PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Se vostedes queren camiñar con nós ese camiño, pois serán benvidos a realizar o traxecto. E se vostedes queren seguir na frivolidade, na demagogia, no ruído...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...e na algarada, pois seguirán tan sós...

O PRESIDENTE: Remate, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...como os levan deixando os galegos ata o de agora.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: Ben, imos ver, non se pode... Ademais está aquí e está vostede ao meu lado, señora Prado.

Vostede é a vicepresidenta do Parlamento *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* e eu son o presidente e eu dirixo este debate, *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* e vostede o que non pode dicirme a min que é un escándalo cando os tempos que se acaban de producir son os seguintes: Armando Ojea, máis 1 minuto 20; Gómez Besteiro, máis 2 minutos; Ana Belén Pontón Mondelo, máis 2.45; e Alberto Pazos Couñago, 2.49. ¿Cal é o escándalo? *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Igual ca el. ¿Cal é o escándalo? *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Mídase vostede, por favor! *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Mídase! *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Que vostede ostenta un cargo institucional. *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Un pouco de respecto! *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)*



Estame dicindo a min que isto é un escándalo. ¡Escándalo é o que está provocando ou quere provocar vostede! (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Por favor, un pouco de respecto! (María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Isto é o Parlamento, e eu son o presidente. (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Respécteme!, ¡respécteme como presidente! Terminou. (Murmurios.) (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Home!, por favor, ¡vamos!, ¡é que xa está ben! (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

Réplica do presidente da Xunta. (Murmurios.)

Presidente, cando queira.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

A ver se o entendín ben. Ou sexa, que o máis criticable de todo, o que non poden soportar, (Murmurios.) o que é intolerable é que eu levara chaleco e barba. (Aplausos.) Fago un pequeno exercicio de imaxinación: ¿que estaría dicindo a señora Pontón se eu me meto co seu aspecto e coa súa vestimenta?, ¿que estaría dicindo a señora Pontón? (Aplausos.) ¡Isto é o que hai!

Señora Pontón, ¿sabe por que levaba chaleco? Porque estaba alí. (Murmurios.) Non aparecín o día 15 —levaba xa desde o día 12—, Ourense en situación 2; pero, claro, interromper unhas vacacións por iso..., iso non pode ser. E, polo tanto, claro, hai que aparecer o día 15 e improvisar solución de urxencia: 200 millóns; non volveu falar diso, o plan de 200 millóns. Iso é unha pena, porque o tiña aprendido, porque é o comodín da señora Pontón: «Pontón reclama en Poio un plan de choque de 200 millones ante el colapso de la atención primaria», «Pontón reclama a Sánchez 200 millones para intervenir Alcoa y 100 para transformar Navantia», e «Pontón propone un fondo de 200 millones de euros para las zonas afectadas por los incendios», os 200 incendios de improvisación de urxencia da señora Pontón. (Aplausos.)

E, señor Besteiro, ¿en que quedamos? ¿Foi todo un desastre ou dámoslle a razón ao señor Marlaska?, que dixo —supoño que falando en nome do Goberno, incluído o seu xefe máximo, do que segue sendo tan guiadiño—: vostede non é capaz de falar dos incendios nin nun pleno sobre os incendios. Vaise enseguida ao cumprimento das ordes: hai que falar de Feijóo. Dedicou tanto tempo a falar de Feijóo como dos incendios, señor Besteiro, cumprindo o encargo. Pode estar tranquilo.

Pero entón, aos que lle fixeron o encargo, tenlles que dicir que se aclaren. O señor Marlaska, en plena vaga de lumes do mes de agosto dixo: «Si nosotros hubiéramos entendido que una comunidad autónoma se encuentra en una situación de incapacidad para la extinción de incendios, hubiéramos asumido la gestión de los trabajos, pero la gestión fue la adecuada». ¿En que quedamos, señor Besteiro?, ¿quen ten razón? ¿O Goberno de España ou vostede?

E, dende logo, non será por máis contacto, porque vostede estivo no Cecopi tantas veces como o señor Marlaska: unha vez. Resulta que eu aparecín no Cecopi o día 12 porque estaba



perfectamente informado de que ía estar o delegado do Goberno. ¡Pois vaia información, porque o delegado foi o 13, señor Besteiro! Foi o 13. Vostede foi unha vez nada máis, o día que estivo Pedro Sánchez. Non tiña moitas esperanzas de que aparecese vostede porque era domingo, pero apareceu, apareceu. *(Risos.) (Murmurios.)* E non foi máis. Mire que fácil sería aparecer por aí e pedir información. Pero, claro, é moito mellor ver os touros desde a barreira *(Murmurios.)* —xa que falan de touros, si— que estar alí, e despois vir dicir as cousas que dixo. Claro, como ten un discurso escrito de antemán pois, ¡que máis dá o que diga!

O chaleco, a barba... Mire, mentres estaba aí, varios alcaldes —non vou dicir cales para non buscar ningún problema— xa me están escribindo e dicindo: moi ben o das faixas, era o que necesitabamos, por fin se toman este tipo de decisións. Moi ben o das comunidades de montes, dixo algún. Moi ben o dos permisos. Todo iso é o que importa, pero todo iso, claro, por suposto, a vostedes non lles merece nin un minuto.

Tamén poderíamos falar de por que en ningún momento se dixo absolutamente nada para que mandasen eses medios que necesitabamos, que como dicía o señor Pazos é unha listaxe elaborada polos técnicos; dicirlle ao Goberno de España que, ¡home!, quizais había que mandalos. Pero nada diso. Ningún comentario para dicir por que dúas semanas despois as axudas do Goberno seguen sen convocar, e, por suposto, ningún comentario para dicir que, se xa imos pagar dúas vivendas en menos dunha semana, pois esas cousas están ben feitas. ¡Porque non as facemos nós! Fanas os técnicos da Xunta de Galicia, os funcionarios. Pois nada diso. Só Feijóo, se estiven, se non estiven... Ben, isto é o que hai.

Eu dixen na miña intervención que había propostas que podíamos consensuar. Aínda non renuncio a iso, eh. Vouno intentar, a pesar de que, ben, xa vin o nivel. As teimas da señora Pontón: militares fóra da Galiza. ¿Que a UME estea aquí...? ¡Non, non!, ¡un exército na Galiza e, encima, ímoslle dar un edificio! Pois eu reivindico aquí o enorme traballo que fai a UME. *(Aplausos.)* Como se nota que a señora Pontón non estivo nos lumes e, polo tanto, non sabe o traballo que fai a Unidade Militar de Emerxencias. *(Aplausos.)*

¡Había un helicóptero parado! Señora Pontón, menos mal que vostede é presidenta pero só na sombra. Estaba parado porque non podía voar, había fume. Ao mellor, se está aí, vostede chega alí e mándao voar. *(Murmurios.)* ¿Dáse conta de como, tocando de oído e collendo dunha cousa e doutra, ao final é imposible facer un discurso consistente? Sinceramente, eu agardaba outra cousa.

Entendo, e dixen na miña intervención, que podía haber diferentes puntos de vista; podía haber propostas nas que coincidamos no fondo, pero non no seu deseño, incluso na súa aplicación. Pero creo que hai cousas que son de sentido común, sinceramente. Claro, se agora veño eu propoñer reformas é porque todo é un desastre antes. ¡Non, porque se pode mellorar, por suposto!, porque non todo se fai ben; foi o que estiven dicindo dende o principio. Pero vexo que pouco se pode esperar de vostedes, é unha pena. Dende o principio fixeron o mesmo e farano ata o final.

Miren, eu estou moi orgulloso de estar alí dende o momento en que era necesario que estivese; de estar un día tras outro, vendo como traballaba a xente no Centro de Coordinación e



sobre o terreo; de estar escoitando e agradecendo, e de estar agora, xunto co meu Goberno e os funcionarios da Xunta, reaccionando con prontitude. Alá vostedes se queren estar onde están sempre. Insisto en que a xente está tomando nota.

Dende logo, todas estas medidas, que creo que son necesarias, ímolas impulsar. Se é con vostedes, perfecto. Se é sen vostedes —témome que vai ser así— e quedan no de sempre —despois estráñanse de levar os anos que levan na oposición—, pois terá que ser así.

Apelo a moitos alcaldes; xa dixen que incluso a algúns do meu partido que non estaban agora mesmo no convenio de faixas. Creo que hai que seguir facendo ese labor de concienciación. Podía falar aquí de quen fai as cousas e quen non as fai, que sinxelo sería. Pero non, porque creo que os alcaldes que pisan terreo o teñen moito máis claro que vostedes.

Señor Ojea, das cousas que vostede pediu —teño que dicirlló—, algunhas xa se están facendo —o tema das notificacións, por exemplo, xa as facemos nós; os alcaldes asínanas nada máis— e outras, evidentemente, hai que facelas. E teña por seguro que son perfectamente consciente de que a provincia de Ourense foi, con moito, a máis danada, e actuaremos en consecuencia; seguiremos actuando en consecuencia.

Vólvolle dicir outra vez: grazas polo seu ton, grazas por ser construtivo. Que pena que outros e outras non aprendan un pouquiño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Polo que vexo, fun o que menos me pasei de tempo na intervención anterior.

A min gustaríame incidir en que a Xunta de Galicia, para os orzamentos do 2026, á parte das axudas que está dando, que consideramos moi insuficientes e presentan aspectos tales como, por exemplo, que —parece ser— só se poden pedir durante un mes —eu penso que ese prazo se podería ampliar, porque moitas persoas ao mellor non poden, polo motivo que sexa, completar todos os requisitos nun prazo tan curto, aínda que para vivendas sexa algo máis, ao parecer—, pois non lle pode seguir fallando á provincia de Ourense. Eu estimo que o Goberno galego lle fallou á provincia de Ourense neste mes de agosto, e aos feitos me remito, porque aquilo parece unha paisaxe distópica, totalmente cheo de cinsa. Dicimos sempre que os gobernos sucesivos consideraron a provincia de Ourense a cinsenta de Galicia, e esta vez xa a cousa foi máis aló da metáfora e foi ao seu sentido literal: chea de cinsa a provincia de Ourense.



O orzamento do 2026 tería que ter unha partida específica e xenerosa, moi xenerosa, para reverter esa situación; ou sexa, para reverter os efectos negativos dos incendios, que poden ser de moitos tipos. Xa desde as partidas habituais se poden habilitar cartos por un concepto ou polo outro, pero baixo ese sentido xeral, baixo ese epígrafe xeral de combater os efectos dos incendios do mes de agosto de 2025, pódese habilitar diñeiro para moitas cousas diferentes. Como dicía antes, desde a perda dunha empresa ata ter que arranxar unha estrada. Hai perigo tamén, polo visto, de que caian, nos próximos días e semanas, árbores afectadas polo lume nas estradas, e que poidan causar accidentes. Hai moitísimos efectos negativos do lume que se irán vendo —moitos deles— no medio e no longo prazo que nós estimamos que se deberían abordar con cargo a unha partida presupostaria que debería ser especificamente pensada para devolverlle á provincia de Ourense, como mínimo, a dignidade dos seus habitantes. Desde logo, logo, a maiores, habería que tratar de reverter a situación de discriminación xa estrutural e crónica que entendemos que ten, pero, primeiro, saír do paso, polo menos, desta situación conxuntural de xeito digno.

Abordáronse outra coas cuestións, como por exemplo a situación da UME. A UME pediuna o Partido Socialista de Ourense hai uns poucos anos na Deputación e nós apoiámola. Parécenos unha idea boa. Primeiro, polo servizo que presta e que, desde logo, se lle agradece. Por certo, o outro día foron moi contentos do polbo galego os membros da UME que estaban asentados alí en Oira; moitos non o coñecían. Unha anécdota para quitarlle un pouco...

Gustaríanos que a UME se asentase na provincia de Ourense, polo motivo do traballo que fan e porque, ademais, asentariamos poboación e traerían as súas familias, traerían o seu poder adquisitivo para gastar na provincia de Ourense. Foi ese xa un argumento que demos no seu momento, a ver se se pode conseguir. Xa digo, fora unha idea do Partido Socialista. Naquel momento o portavoz era —recórdoo eu— o señor Villarino, hoxe noutras competencias.

Desde logo, quero agradecer o traballo dos servizos de extinción, agradecer o traballo dos profesionais e desexarlle a recuperación a todas as persoas afectadas. Quero agradecer a solidariedade tamén de moitos cidadáns do común, que desde Vigo, desde Coruña, desde outras partes de España aportaron ás veces auga, ás veces alimentos, ás veces outros recursos, e a solidariedade dalgúns colexios de colectivos profesionais como apareladores, axentes de seguros e outros que, na medida das súas posibilidades, tamén se ofreceron para axudar.

Desde logo, moitas das medidas que anunciou hoxe o presidente son as que os expertos veñen dicindo dende hai tempo, e non se estaban facendo, porque desde o momento —como dixeran antes— en que o presidente dixo que se van facer, estaba recoñecendo implicitamente que non se estaban facendo. Por exemplo, os cambios lexislativos, a diminución da burocracia, poñer atención na xestión do monte ou actualizar os catastros, aínda que iso xa lle corresponde ao Estado central.

Por certo, volvemos falar do despoboamento como causa; xa non digo dos incendios, pero si do feito de que os incendios sexan tan incontrolables e tan grandes. Aí tamén me gustaría volver recordar esa estación da Gudiña na que o señor ministro o outro día tivo unhas palabras bastante desafortunadas dicindo que non se fixera o AVE para vertebrar o noroeste, cando o propio presidente do Goberno o recoñeceu cando estivo na estación —eu estaba alí



presente— e, por certo, tamén se recibiron fondos europeos por ese concepto para facer o AVE. Ou sexa que... Ademais, na manifestación que fixemos na Gudiña estaban presentes altos cargos do Partido Socialista, algún deles aquí presente. Quero dicir que esperemos que fose unha *boutade* do señor ministro e que realmente reconsidere esa idea e, desde logo, reconsidere a situación das frecuencias, tan necesarias para repoboar, pois o despoboamento é unha das causas —como acabamos de dicir— do abandono do rural, e, por ende, entre outras cousas, do incremento da gravidade dos incendios.

Logo, un par de reflexións que vin estes días xa noutro ámbito. Cando a xente percibe que unha situación de emerxencia se utiliza como moeda de cambio político, que se utiliza sinxelamente para...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: ...a loita política, a xente acaba por deixar de crer na política, e empeza a tomar corpo a antipolítica.

Entón, déixoo así, porque todos vostedes entenden o que quero dicir con iso.

Nada máis, grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, pouco tardou en vir o estilo Rueda: ese estilo bronco, ese estilo co que o que quere, en vez de vir aquí dar explicacións, é criticar a oposición por facer o seu traballo. Ben, é unha forma pouco democrática —paréceme a min—, (*Aplausos.*) de pouco espírito democrático, pero responde claramente a como fai vostede política e á política da que vostede quere falar.

Iso si, empezou falando de consenso: hai que apelar ao consenso. Por un momento, pensei que non estaba vendo a Alfonso Rueda, senón que estaba vendo outro persoeiro político. Pediu consenso para tomar este tipo de decisións, para liderar o país. Pero, mire, o consenso e o voto de confianza o meu partido deullo ao seu partido no ano 2018, cando se aprobaron esas 213 medidas (*Aplausos.*) que vostedes sistematicamente incumpriron nos seguintes anos. Pasaron sete anos, señor Rueda. Nós démoslles a confianza; Partido Popular e Partido Socialista votaron nesta Cámara a favor dese ditame. ¿Iso que é, máis que favorecer o consenso?, ¿iso que é, máis que favorecer a aposta real e demostrar confianza? Unha confianza burlada por parte do Partido Popular, (*Aplausos.*) como se viu nos anos sucesivos e como se materializou na desgraza que tivemos que ver todos no mes de agosto. Esa é a confianza que podemos ter nosoutros no Partido Popular: incumprimentos sistemáticos. E, desas actuacións, derivan esas consecuencias. Consenso, cando votamos a favor e cando lle damos un aval para facer política.



¿Que xustificación pode darlle a toda Galicia vostede, cando leva gobernando o Partido Popular, e vostede no Goberno galego, desde 2009? ¿Que explicación se lle pode dar a Galicia sobre as medidas que hai que tomar en relación co abandono rural, en relación coa prevención, en relación coa extinción? ¿Que lle pode dicir aos galegos e ás galegas? ¿Que xustificación pode atopar vostede para dicirlles que, despois de dezaseis anos, non foron capaces de facer ben o seu traballo? (*Aplausos.*) E vostede, naquel Goberno, despois do 2009, era conse lleiro de Presidencia e responsable das emerxencias de Galicia. Por tanto, algo do tema de bería saber vostede. Pero non; vimos aquí, sacamos peito, quedamos en anécdotas tristes e vergoñentas e, de dar explicacións e dicir o máis importante, que é o que ten que facer este país para saír desa situación, nin unha palabra. *Pullitas*, botando culpas e sempre balóns fóra, dicindo que se os concellos non facían o seu traballo... ¡Asuma a responsabilidade vos tede, a Xunta de Galicia, de poñer fin a esa situación!, (*Aplausos.*) porque previr os incendios, sexa na primeira faixa, na segunda faixa ou no monte, é responsabilidade e debe ser cum prida pola Xunta de Galicia. Esa é a súa responsabilidade, e non botar balóns fóra.

Veu aquí poñer a venda antes que a ferida. ¡Si, nunha actitude lamentable! En vez de dar explicacións e de xustificar que investimentos se fixeron. Podía facer un balance dos investi mentos nos últimos anos en materia de prevención, cando sabemos todos que hai cortalumes que levan dous anos sen ver a man do home para poñer fin a esta situación. ¡Ningún dato diso despois de dezaseis anos no Goberno! Pero vostedes, ¿que cren? ¿Que a xente é parva? Dezaseis anos de goberno, señor Rueda. Vimos coa teoría dos falsos pirómanos, e despois parécelle mal que lle diga que vostede o único que fai é poñerse de rodillas diante de Feijóo e obedecer todo o que lle di, sexa interese de Galicia ou non. Parécelle mal, pero é a verdade. (*Aplausos.*) Iso é o que está transmitindo aos galegos e ás galegas a súa actuación.

Falsos pirómanos. E agora, a nota: pide que a UME teña unha base estable en Ourense. ¡Oia!, isto xa se pediu no 2018, e teño aquí a noticia: «*El Gabinete de Mariano Rajoy contestó que no la considera necesaria*». No 2018. ¡Oia!, ao mellor, nese empaque que ten agora de pedir com petencias, pida competencias da UME para Galicia. (*Aplausos.*) Eu creo que vai ter apoio neste Parlamento. Pero, mire, ¿sabe que? Que as competencias en emerxencias, as competencias en prevención e extinción de incendios sonlle de vostedes; por iso lles doe tanto que llelo recordemos. A competencia é de vostede e a incompetencia de non facelo tamén é de vostede, que lle imos facer. A situación é así de palmaria.

Non hai resposta ás cuestións. Despois dicimos: ¡oia!, ¿e cos fondos MRR? A xente que nos está escoitando moitas veces non saberá o que son porque, claro, utilizamos abreviaturas para camuflalo todo. Refírome aos fondos de recuperación. Vostedes din: que nolo cedan a nosou tros. Pero ¿como llelos van ceder despois do informe do Consello de Contas, que di que son incompetentes para xestionar os fondos europeos? (*Aplausos.*) Sería unha tolería darlles a vostedes os fondos para a prevención —como dicía na miña primeira intervención—, actuando como quen quere sacar o carné de conducir despois de ter un accidente. Vostedes non son dis ciplinados no exercicio e no cumprimento dos fondos europeos. E non o digo eu, dio o Consello de Contas. Agora, ao mellor, tamén temos que facer unha revisión do Consello de Contas.

Fala de Lugo e de Ourense. Antes desta vaga de lumes, tivemos a triste noticia de saber que, dos fondos de equilibrio territorial, non foi nin un só euro —pero non 1.000 ou 2.000, ¡nin



un só euro! — para as provincias de Lugo e de Ourense. (*Aplausos.*) E agora si, vimos, aquí, dámonos un golpe de peito, repartimos culpas... Por certo, non agradecemos os servizos que prestan moitos concellos que son claramente urbanos pero que aportaron tamén medios humanos, vontade e servizo. Diso non dicimos nin unha soa palabra, porque, ¡claro!, iso sería recoñecer que, efectivamente, vostedes foron uns incompetentes na xestión da extinción dos incendios.

A partir de aí, xa sacamos a batería, a receita clásica de Alfonso Rueda de: *a ver cuando vienen las indemnizaciones*. Ben, paréceme moi ben. Di que as dúas primeiras xa están en marcha, pero, claro, hai unha semana dicía que soamente había oito vivendas afectadas. Rápido fixo o balance. O balance do custo da extinción, o balance dos investimentos; ese balance foi moi rápido. A dúas vivendas xa lles van dar a subvención... (*Murmurios.*) Eu lino na prensa, terá que recoñecerlle logo á prensa que efectivamente se equivoca.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Mire, pedímoslle a dimisión desde a responsabilidade política, desde ese exame. Nós non podemos facer unha moción de censura neste Parlamento, aínda que motivos habería, porque non dan os números —iso ao que vostedes recorren frecuentemente—, pero o que lle pedimos é unha análise responsable, consciente, apelando a esas cuestións que agora lle manifestaba. ¿Que xustificación pode ter, que motivos, que razóns pode dar vostede para, despois de dezaseis anos no exercicio de goberno —ou, como lle gusta dicir para os demais, en coche oficial—, garantir e dicir que asumiu con competencia a xestión destes incendios? Uns incendios respecto dos cales — como saben — a prevención, a extinción...

O PRESIDENTE: Grazas. Remate por favor.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: ... —remato agora, presidente— eran competencias súas. Tanto que lle gusta falar das competencias duns e doutros, e tanto que lle gusta repartir balóns fóra e non asumir responsabilidades, que saiba vostede o que saben todos os galegos e galegas: que a responsabilidade sobre previr incendios e extinguilos é unicamente súa e, por certo, coordinalos tamén.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Eu lamento moitísimo o papel que neste Parlamento veu facer hoxe o presidente da Xunta. É desolador que neste país ardesen máis de 120.000 hectáreas, porque a cifra vai cambiando cada día. É desolador que vísemos tanta xente loitando contra o lume, e que o que teñamos aquí sexa máis propaganda, máis mentiras e unha falta de respecto á xente que estivo loitando, á democracia e ao Parlamento. (*Aplausos.*) Pero no fondo, esa actitude o único que demostra é escapismo e que o señor Rueda ten mala con-



ciencia, porque non é capaz de defender aquí a súa xestión, non é capaz de defendela. Efectivamente, é imposible de defender, porque son responsables da catástrofe que vivimos este verán polo que non fixeron na prevención, polo que non fixeron na ordenación, polo que non fixeron á hora de darlle vida ao noso medio rural e porque tampouco acertaron en que tivéssemos o mellor dispositivo para facer fronte a estes lumes. Por iso, señor Rueda, despois da súa intervención, dicimos que ten que presentar inmediatamente a súa dimisión, (*Aplausos.*) porque non pode protexer este país, porque non está á altura dos galegos e das galegas, porque fallou; e o máis grave é que volverá fallar, porque non queren cambiar absolutamente nada do que nos levou até aquí.

Fíxese, vostede fixo referencia ao chaleco. É que o chaleco o que evidencia... (*Murmurios.*) —si, si, fixo referencia— é que chegou tarde, e a súa escalada propagandística... É que ao señor Rueda lle pareceu mal que eu nomease o chaleco, pero el falou do chaleco, concretamente nese acto político no que facía de teloneiro de Feijóo, onde dixo: «Despois da vaga de lumes, do que máis ganas tiña era de afeitarme e de quitarme o chaleco». Puro postureo político, puro postureo e propaganda. (*Aplausos.*)

E mire, como sempre, veu aquí manipular as miñas palabras, e non lle acepto que manipule nada. Os únicos que criticaron a UME dos que estamos aquí sentados foi o Partido Popular, que, cando se creou, dixo que era «un capricho e despilfarro faraónico». Esas son as súas palabras e non as miñas.

Falouse tamén hoxe aquí de carroñerismo cos incendios. Eu, de verdade, creo que ser do Partido Popular e atreverse a vir aquí falar de carroñerismo político... Hai que ter moita cara dura, moita cara dura. (*Aplausos.*) Miren, esta é a imaxe do carroñerismo político. (*A deputada Ana Belén Pontón Mondelo amosa unha fotografía.*) (*Aplausos.*) ¿Sabe o que é carroñerismo político? (*A deputada Ana Belén Pontón Mondelo amosa un documento.*) As instrucións que daba o seu partido para que, cando gobernaba un goberno do BNG e do PSOE, se boicoteasen as brigadas de incendios municipais. Estas eran as instrucións do Partido Popular. (*Aplausos.*) Miren, carroñerismo político é estar vostede o día 10 de agosto na praza de touros co señor Rajoy e co señor Feijóo mentres xa estaba ardendo este país, pero, iso si, dous días despois, ir co señor Feijóo facerse unha foto no Cecopi para dicir que a culpa era dos demais. Isto si que é carroñerismo político, (*Aplausos.*) e todo para tapar a súa incompetencia.

Señor Rueda, explíquelle aos galegos e ás galegas por que este ano deixou 11 millóns de euros sen executar nas medidas de prevención, incluídas faixas de alto risco que tiña que facer Seaga —eses convenios que agora din que van ampliar e que non estaban feitos cando empezou o mes de agosto—. Explíquelle á cidadanía deste país por que faltan fondos para a prevención. Porque dixo que a xente non coída o monte, pero, sen embargo, nas últimas axudas, nas de 2023, quedaron case o 80 por cento das solicitudes denegadas, porque non había fondos nin para comunidades de montes nin para poñer puntos de extinción de incendios.

Mire, señor Rueda, é evidente que vostede non quere cambiar nada do que nos levou até aquí. Por iso, nós insistimos: a reconstrución empeza por que asuman responsabilidades políticas e por que cambien a fracasada política do Goberno do Partido Popular, porque estamos fartas de ver como Galiza cada vez arde máis e non fan nada para solucionalo. Si, é



que xa hai anos que as persoas científicas e expertas e a propia xente do medio rural nos di que hai que cambiar, e nós precisamente recolleemos esas propostas no plan Da Cinza á Vida, *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo amosa un documento.)* un plan que ten alternativas para este país, porque, si, hai que tomarse en serio a prevención, con medios e recursos económicos e executando eses recursos.

Esta prevención ten que vir de dar maior vida ao rural, e, para iso, hai que apoiar de verdade a quen produce e coida. Hai que protexer e ordenar o noso territorio, e ten que recoñecer que é un erro rebaixar as faixas de protección, como fixo o Partido Popular. Hai que ampliá-las, como mínimo, a 100 metros, e, ademais, hai que darlles aos concellos os medios necesarios para que poidan utilizalos, porque as súas medidas sabe que van quedar outra vez curtas. Hai que acabar cos monocultivos de especies pirófitas e hai que apostar por unha maior profesionalización e coidado de toda a xente que está no dispositivo. Porque o importante é que hoxe vostede aquí anunciase que van contratar a todo o persoal todo o ano para facer tamén traballo de prevención e que, ademais, vai haber unha maior investigación sobre o combate dos lumes.

Señor Rueda, a súa xestión é unha decepción, pero a súa comparecencia de hoxe demostra que non está á altura do que o país necesita. Cre que o fixo todo ben e non vai cambiar absolutamente nada do que nos levou até aquí. Pero, a pesar de todo, eu quero rematar cunha mensaxe de esperanza para toda a xente que segue querendo e que cre que outro rural e outro monte é posible. Só se precisa vontade política para facelo.

Desde o BNG, imos facer todo o posible e o imposible para logralo. Ese é o noso compromiso, e ese é tamén o meu compromiso como portavoz nacional desta organización. Lamentablemente, señor Rueda, temos un Goberno que, despois dos incendios máis grandes deste século, di que o fixo todo ben, que só fan falta pequenos retoques. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Isto é unha irresponsabilidade, porque o grave é que, se agora non fan nada, o que vai vir é moito peor, e a nós dóenos Galiza, señorías. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, eu, ademais de sumarme ao agradecemento polo ton empregado polo señor Ojea, quería facer algún comentario sobre certas cousas que escoitamos aquí. Empezarei polo señor Besteiro —outra vez ausente; é difícil coller o señor Besteiro, a verdade, no Parlamento de Galicia, é complexo—. Pero o señor Besteiro hoxe cuestionou varias cousas. Primeiro, cuestionou a lei que establece a competencia municipal na xestión das franxas municipais, que non é do PP, que é do ano 2007. ¡Cuestionouna! Cuestionou os datos de incendios provocados e de incendiarios, e eu creo que non hai moita dúbida da gráfica. *(O deputado José*



Alberto Pazos Couñago mostra unha gráfica.) Non é miña, non a fixo o meu equipo; é a gráfica elaborada polo Ministerio. É a súa gráfica, son os seus datos, que din que no norte de Galicia, o 80,34 por cento dos incendios, dos lumes forestais, son intencionados... Señor futuro subdelegado, se quere vostede, cando chegue, chama alí e pídelles que cambien a gráfica, pero non mo pida a min, que eu non a elaborei. Fixérona vostedes, ¡caramba! (*Aplausos.*) ¡É que é verdade! ¡Que cousa!

Tamén cuestionou o criterio do ministro Marlaska, que reconece que se fixo unha boa xestión da emerxencia, e ata cuestionou o criterio do Cecopi, que foi o que elaborou a listaxe de peticións que había que levarlle ao presidente; esa que lle chegou a noite do 15 á ministra e que dixo que chegara a deshoras —porque parece ser que non hai que interromper, nun caso destes, o descanso da señora ministra de Defensa— e que se ratificou ao día seguinte en presenza do señor Sánchez con todo o persoal que estaba presente alí, que antes relatei.

Pero, bueno, vostedes están niso e o señor Besteiro está niso. Eu preguntome —pregunteillo o outro día e preguntareillo hoxe, para que lle leven vostedes a pregunta, ¡como non a pode escoitar!— se vai seguir defendendo que os incendios de Asturias, de Cataluña ou de Castela-A Mancha son incendios causados polo cambio climático e non os de Galicia. ¿Por que non os de Galicia?, que parece ser que son causados por unha deficiente xestión do Goberno galego.

E tamén me sorprende que lles sorprenda que o presidente insista na necesidade de que cheguen a Galicia medios e axudas canto antes. Parece bastante lóxico, e paréceme moito máis lóxico se un permanece atento aos periódicos. Isto coñecíámolo onte «*El Gobierno paga con dos años de retraso seis millones a La Palma*». Nós o que pedimos é que non pase en Galicia o que lles está pasando aos amigos da Palma ou aos valencianos despois da DINA. Pedimos prontitude para que esas axudas —que creo que todos consideramos necesarias— cheguen o antes posible.

E, señora Pontón, eu, de verdade, non sei se vostede trae a réplica escrita da casa ou se lle dá igual o que diga o presidente, pero dicir que hoxe o presidente non fixo autocrítica, non fixo propostas, non reconeceu erros e que dixo que estaba todo ben é que directamente ou vostede non escoitou absolutamente unha palabra do que se dixo aquí ou é que vostede é, simplemente, unha mentireira compulsiva. (*Aplausos.*) ¡É que non hai máis opcións!, ¡non hai máis opcións! ¡Non se pode dicir isto despois do que escoitamos aquí, señoría! ¡E que é sorprendente escoitala a vostede! Pide explicacións de onde estaba o señor Rueda. ¿Onde estaba vostede neses días, e o señor Besteiro, nos que estiveron completamente desaparecidos da face de Galicia, da face da terra?

Veu hoxe aquí criticar a vestimenta do presidente, a reina da *performance*, de verdade... É que é a reina do postureo, a señora que ten un chaleco de cada cor para distintas ocasións e cada unha puntual, a señora que aplaudía a quen sentaba aquí vestido cunha chaqueta de Alcoa, a señora que ten á disposición sempre a bandeira de calquera país —agás do seu, evidentemente—, a señora que pon as camisetas de «Altri non», as dos «venres negros» e a que faga falta. E dá igual que estean sentados aquí, que estean sentados na Mesa, dálles igual... E veñen aquí preguntar por que pon unha persoa un chaleco identificativo no medio



dunha vaga de lumes, cando está en medio dunha emerxencia. (*Aplausos.*) ¡É que non se pode ser tan irresponsable e tan demagogo!

Pareceume escoitar, señoría, para a miña sorpresa, que dixo vostede que hoxe xa se falou aquí de carroñismo político. ¡Non, home, non! ¡Hoxe non! Falouse hai uns días, falou vostede. Falou vostede, señoría, que parece que falara outra persoa. Foi vostede. E eu permítome recordarlle o que, no meu humilde criterio, é carroñismo político. Eu creo que é carroñismo político convocar unha manifestación e acudir a unha manifestación namentres os efectivos están apagando os lumes; paréceme que é carroñismo —creo que é carroñeiro— aproveitar a circunstancia para cargar contra o cultivo do eucalipto, cando o eucalipto non tivo absolutamente nada que ver nos grandes incendios que sufriu Ourense. E dirá vostede que si, que non ardeu matogueira e que ardeu eucalipto. ¡Claro, porque o di a señora Pontón, e dá igual o que digan os datos técnicos! ¡É unha cousa increíble! Eu creo que é carroñismo político ir ás manifestacións, intentar criminalizar unha empresa que non existe en Galicia a día de hoxe e vinculala cunha vaga de lumes coa que non ten absolutamente nada que ver. (*Murmurios.*) Eu creo que todo iso é carroñismo político, e creo que todos eses carroñismos e todos eses disparates só se lle ocorren a unha demagoga, a unha frívola e a unha arribista; só se lle ocorren a vostede, señora Pontón.

Eu quedo co positivo de todo isto, e o positivo de todo isto é que Galicia nun momento difícil estivo á altura, que o pobo galego estivo á altura e que creo que o Goberno, sinceramente, estivo á altura, como estiveron os equipos de extinción á altura, por moito que a algunha das súas señorías lles faga moita graza que digamos que os efectivos estiveron á altura. Non sei por que. E, dende logo, non teño ningunha dúbida de que o presidente da Xunta de Galicia estivo á altura.

Algún día, talvez algún día, Galicia teña a fortuna de ter unha oposición que estea á súa altura, ¡algún día! Eu creo que estaremos máis cerca dese día cando os dous pseudolíderes da oposición estean fóra do Parlamento de Galicia, e creo que hoxe falta un día menos xa para que chegue ese momento que tanto ben lle fará a Galicia.

Namentres, sigan vostedes na crispación, na carraxe, na confrontación inútil, no insulto e na pancarta...,

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...e que non se preocupe Galicia, que aquí hai un grupo, un goberno e un líder que vai seguir traballando por resolver o que a vostedes só lles serve de artificio para a piromanía política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Ojea, vólvolle agradecer —fíxoo o portavoz— o ton. Creo que é o que se tiña que observar; é o que eu intentei, polo menos. E, insisto, creo que intentaremos estar á altura —creo que xa o estamos facendo— sobre os danos producidos. En todo caso, pídolle prudencia. Vostede falaba, por exemplo, agora, en plena vendima, dos danos irreparables na comarca de Monterrei. Doulle un dato: a día de hoxe hai só unha petición de axuda dunha bodega. Non quere dicir que non haxa máis, pero isto creo que é indicativo. E, realmente, dicir que está unha vendima perdida creo que nestes momentos, probablemente, non sexa o mellor, e ademais creo que non é así, afortunadamente.

Algunha cousa máis, simplemente. Creo que está todo claro xa, a que soa cada un, e a oposición que temos. A oposición, incluso nos momentos en que podía facer un esforzo —que eu creo que lle viña ben—, deciden que non, que ten que ser sempre así, e unha vez máis foi así.

Pero direi un par de cousas que me interesa deixar claras, aproveitando que está aquí o señor Besteiro. Señor Besteiro, no tema dos incendiarios, coidadiño con iso, ¡coidadiño con iso! Eu entendo que vostedes, no seu seguidismo, decidiron dicir —polo que fose, xa o dixo o señor Marlaska, na reunión interna que tivemos aquel domingo no Cecopi— que non é así, que non había pirómanos incendiarios, e eu dixen na miña intervención que non é así. Mire, e a Garda Civil, que tiña un equipo destacado, estivo alí, durante toda a vaga de lumes, en Ourense. Traballaban a porta pechada —como creo teñen que traballar— para investigar os incendios intencionados que se estaban producindo. Supoño que non quererá a Garda Civil desbotar medios ou malgastalos. Se fan caso do que di o ministro do Interior e do que repite vostede disciplinadamente: ¿que facía alí ese equipo?

Temos agora mesmo 56 investigados, 21 persoas detidas. Moitísimo coidado con falar destas cousas, e, ademais, ¡maldita hemeroteca! Non sei se era a señora Narbona ou a deputada que ten vostede ao lado —porque as dúas foron ministras—, pero unha delas, creo que foi a señora Narbona —polo tanto, que me perdoe a señora Espinosa—, dicía que había que investigar os brigadistas despechados, que, como non se contrataban... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non foi vostede... Ben, entón, foi a outra, a outra compañeira súa. Moi ben, xa dixen que tiña dúbidas, por iso o dixen así. Pois é igual, supoño que vostede o subscribiría, xa que formaba goberno con ela. Dicía que había que vixiar. Polo tanto, moitísimo coidado con estas cousas de sacarlle importancia a un tema que a ten, e moita.

Dicía vostede que por que lle teño que crer se nos deron a confianza no ditame. Mire, téñoos aquí (*O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, mostra un documento.*), se quere, léolle todas as que están executadas. Dixen que había unha porcentaxe moi alta de executadas e outras por executar. Podo lelas todas, pero supoño que moita xente me agradecerá que non o faga. Estas son as executadas, despois temos as pendentes de executar, e é certo que hai ao redor dun 15 por cento que non se fixeron aínda. Agardo facelas, polo menos na inmensa maioría das que faltan. Insisto en que, se quere, déixolle o papel e léeo. Pero hai moitas e moi importantes. Polo tanto, hai algunha tamén que tiñan que facer neste Parlamento, e digo que están sen executar a día de hoxe. Polo tanto, agardo que todos fagamos o que nos corresponde.

De todas maneiras, mire, postos xa, porque hai que crer que se van facer as cousas, dígolle que o señor Sánchez no ano 2022, cando veu a Valdeorras, tamén con ocasión dos lumes, xa



falou alí publicamente e a porta pechada do Pacto polo cambio climático, e tres anos despois —non se debía acordar moi ben— veu dicirnos exactamente o mesmo. Estaba no mesmo lugar que aquel día que nos falou: a cero. Polo tanto, ¡home!, eu xa sei que aquí non estamos ao cen por cento, pero ao cero por cento, como está ese pacto do que xa non falou do ano 2022... E despois esqueceuse —como supoño que se volverá esquecer outra vez—, a pesar de que vostede ten a orde —que cumpre, por suposto— de recordarnos que o máis urxente non é pagar as axudas, non é facer as cousas, os traballos no monte, para evitar que haxa correntes de terra... Non, non, o máis importante é adherirse a un pacto climático que non temos nin idea de en que consiste e no que levan vostedes insistindo dende o principio.

Señora Pontón, mente vostede directamente. Di que dixeran que todo se facía ben e todas esas as cousas. Mire, vou facerlle algunha precisión. Fala das uxfor —son as agrupacións forestais de xestión conxunta—. Vostedes no Bipartito non chegaron a formar ningunha; nós, si.

Fala de que hai menos medios de extinción. ¡Mentira!, hai máis medios de extinción agora que antes. Iso non é verdade. Fala de que hai menos orzamento. Tampouco é verdade. Fala de duplicar a extensión das faixas. Mire, foi o único que dixo: falou de estendelas a 100 metros. As propostas que estamos facendo, para que realmente as 50 que hai agora, estean limpas, que é moito máis que ter cero metros desbrozado e limpo, danlle igual, o urxente é sempre o do Bloque que, como nunca goberna, como sempre ten esa capacidade de facer as propostas e que máis dá, total, como non ten que executalas, pois alá van os 200 millóns para unha cousa, para outra... Xa, xa e agora, pois resulta que as franxas a 100 metros. E quero comentarlle: dígalles vostede aos alcaldes, que teñen por obriga dunha lei do Bipartito que limpar as faixas, que agora, en vez de 50, son 100. E que a Xunta os axude e o execute subsidiariamente iso é o de menos, iso non importa nada, porque a iso, como dixeran eu, non hai que prestarlle atención, hai que seguir así, pero con 50 metros máis.

Fala do Banco de Terras. Vostedes tiñan un banco de terras absolutamente restritivo que o facía inoperante na práctica. A Lei de mobilidade de terras do ano 2011 ampliou os usos forestais, agropecuarios, de conservación da natureza, do patrimonio, e empezou a funcionar.

Fala do vertedoiro da Rúa. Eu falei coa alcaldesa da Rúa. É un vertedoiro que ten sancións porque non está cumprindo coa normativa; un vertedoiro de titularidade municipal, para o cal, ao final, a Deputación de Ourense fixo o necesario para tapalo, pero a competencia era municipal dende o principio —sabíao todo o mundo—. E ela explicou que non tiña a capacidade, e, ao final, arbitrouse esa solución.

Que vostede veña aquí dicir que unha responsabilidade da Xunta de Galicia era evitar que os incendios fosen a máis. E nunha instalación municipal, a responsabilidade é do Concello; e iso sábeo ata a alcaldesa da Rúa, e vostede non o sabe porque está claro que non falou todo o que tiña que falar con todo o mundo.

Eu vou dicir o mesmo que dixeran na primeira intervención e no peche da segunda. Hoxe había dúas maneiras de afrontar o debate: intentar ser construtivo e facer propostas —que non van ser sinxelas e hai que executalas—; agradecer o enorme traballo feito; ofrecer alternativas; e recoñecer que hai cousas que hai que modificar. Claro, a técnica de dicir: Non, se



vostede reconece que hai que facer cambios, é porque as cousas non funcionan ben. Claro, pois por iso facemos cambios. As cousas poden funcionar ben, pero poden funcionar mellor; e, ás veces, non funcionaban ben. Pero iso é gobernar con valentía e sen contar historias. ¡Que fácil é o inmovilismo!: está todo ben, non cambio nada. ¡Pois non, claro que hai cousas que aprendemos destes lumes!, ao igual que aprendemos dos do ano 2022. E iso foi o que viñemos facer.

Vostedes seguen no de sempre: a Galicia negra, a Galicia de «hai que dimitir»; é a súa única proposta. (*Murmurios.*) Xa non se acorda deses 200 millóns que veu propoñer o día 15.

Por certo, por moito que falen do meu chaleco, seguimos sen saber onde estaba vostede ata o día 15 —o cuarto día de declaración en situación 2 de toda a provincia de Ourense—, que foi no día en que apareceu vostede. Supoño que non lle transmitiron ben a gravidade da situación dende o martes, e entón apareceu ese día; apareceu cunha proposta de 200 millóns, de que non se acorda nin vostede —e non me estraña, ¿eh?—, ata que a volva sacar con outra cousa diferente. Estaremos moi atentos.

Mire, se cre que... A súa aportación, despois do que pasou no mes de agosto, é a de sempre, que é insultar, confrontar, montar manifestacións..., cando aínda había incendios activos moi potentes, pois, ¡alá vostedes!, se non queren corrixir ese rumbo, se non queren ser útiles dende a oposición... —¡proben algún día a ser útiles dende a oposición! De verdade que se pode, eu estaría desexándoo—.

Díxeno na miña primeira intervención, é dicir, que lle tendía a man para algunhas das propostas que lle escoitei nos medios de comunicación estes días. Supuxen que as contaría aquí, pero o que pasa é que non puido; ao final, foi atrapado polo seu propio personaxe: sacou todos os demos a pasear outra vez, mostrou a foto da mangueira... —¡o que faga falta!—. É vostede, que non é capaz de facer outra cousa, e así vimos que non se acordou nin de que tiña propostas; e, polo tanto, ímonos de aquí, sen saber exactamente o que propoñen vostedes.

Polo tanto, nós imos facer o que creo que hai que facer, o que cremos que hai que facer, e imos buscar aliados. Xa sabemos que con vostedes non podemos contar, pois son unha oposición do tipo que temo que vai estar moitísimos anos nesta posición. Nós imos intentar —como dicía— cos alcaldes e coas alcaldesas que están ao pé do terreo —que entenden todo isto moito mellor, con independencia do partido que sexan—, cos propietarios, coas empresas, con todo o mundo..., sen demonizar ningúen. Imos intentar mirar as cousas cos veciños; imos axudalos, en primeiro lugar; e imos seguir traballando.

Non quero rematar sen volver agradecer e poñer en valor o traballo de todos os que participaron porque tiñan a obriga profesional e superárona sen ter ningunha obriga, porque querían a súa terra e eran conscientes do que estaba pasando. Creo que, unha vez máis, o pobo galego estivo á altura, e o que toca agora e o que imos facer agora é intentar reducir ao máximo as posibilidades de que a situación se volva reproducir, ademais de estar o mellor preparados, por se volvese suceder algo parecido —que oxalá que non—.

Moitísimas grazas ao pobo galego por volver dar un exemplo de como hai que traballar unidos.



Moitísimas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día, e pasamos ao punto segundo.

Tal como se aprobou na Xunta de Portavoces, imos substanciar agora as preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais

O PRESIDENTE: Cando queira, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Quero facer, antes de nada, unha manifestación en relación coa repulsa do xenocidio que o Estado de Israel está cometendo contra o pobo palestino.

Fágoa —ben sei— nunha quenda en que, ao mellor, non é procedente regulamentariamente e á custa do tempo que teño para realizar o control, pero quero deixar constancia, efectivamente, da mensaxe de apoio ao pobo palestino e do rexeitamento ao xenocidio que o Estado de Israel (*Aplausos.*) está practicando contra o pobo palestino. (*Aplausos.*)

Ben, a pregunta que hoxe formulamos ao presidente da Xunta é un pouco a continuación deste debate, porque vostedes así o quixeron; quixeron xuntar todo hoxe, nun día, para que, mediaticamente e evidentemente, houbese danos colaterais controlados.

En todo caso, eu creo que é importante falar da cuestión da prevención e dos investimentos que se plantexaron. Hoxe, de feito, botei en falta unhas cifras sobre os anos e os investimentos que se fixeron nas últimas anualidades sobre a prevención e os gastos sobre a extinción de incendios —ese dato creo que é un dato relevante—, pero tamén lle digo que tempo haberá sobre esta cuestión que, lóxicamente, non se acabará no mes de agosto nin no mes de setembro, senón que continuará nun exercicio responsable, xa, proximamente, nos orzamentos do ano 2026, que supoño que xa estarán prevendo a cuestión.

Dígoos, porque nesta intervención pareceulle francamente mal que o eu acusase de algo que todo o mundo percibe, que é que vostede fai un seguidismo absoluto do que di Alberto Núñez Feijóo. E a responsabilidade é que vostede, como presidente da Xunta, non o pode facer; eu,



probablemente, o poida facer porque non son o presidente da Xunta, pero vostede si debe actuar dun xeito totalmente diferente.

Parécelle mal que lle digamos que, efectivamente, a negra sombra de Núñez Feijóo apareceu no mes de agosto e díxolle o que vostede tiña que dicir para favorecer unha política de ámbito estatal na oposición do Partido Popular e notar que é o Goberno do Estado. Vostede elixiu ese camiño, pero non é un camiño que elixise soamente neste tema; é que, francamente, fai o mesmo cando se fala da condonación da débeda —tamén fai caso ao que di o Partido Popular— contra os intereses de Galicia; ou mesmo cando se ofrece un pacto de Estado pola vivenda, tamén di que non, e vai ás reunións dos presidentes boicotear as propostas de pacto entre o Estado e as comunidades autónomas.

¡Bueno!, hoxe toca falar de prevención de incendios, pero nesa política xeral que vostede debe manifestar nesta Cámara, como ten as ideas claras e é capaz de simplificarnos cal é a súa visión política, cal é a forma de entender o financiamento do noso país, as posicións financeiras e os investimentos.

Como xa estamos case a piques de entrar no debate orzamentario do ano 2026, é boa esa recompilación sobre o que é a prevención de incendios, pero, sobre todo, sometida a que perspectiva ten vostede de captar máis ingresos ou de evitar gastos ao noso país. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, pois eses datos —sabe vostede—, como deputado pode pedilos en calquera momento. *(Murmurios.)* ¡Que pena que non lle acordasen ata agora! *(Murmurios.)* Pode saber canto se gasta en extinción e canto se gasta en prevención.

En todo caso —como dixo vostede—, tempo haberá. Xa lle dixen na miña primeira intervención que eran máis de douscentos millóns en total, e subímolos dende o ano 2018, cumprindo, ademais, un dos mandatos desa comisión que vostede di que non está cumprida, e un cincuenta por cento en gastos de prevención. E eu falei tamén na miña intervención da necesidade —que non é nada sinxela— de atopar o equilibrio entre a prevención e a extinción.

E punto final ao tema dos incendios. O que lle dixen na intervención da comparecencia é que vostede é tan previsible... Vostede ten unha pregunta que di: «...Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención e loita contra os incendios forestais...», «...Resposta que está a dar o Goberno galego aos retos...». ¡Non, perdón, esta é a do Bloque! A súa e só sobre incendios; estaban xuntas, perdón.

E xa está, e xa se foi a Feijóo, a cumprir o encargo, o encarguiño —o señor Besteiro, mandadiño—. Lamento que sexa así. Pero, mire, xa que me pregunta —e cambio de tema— polo



financiamento, voulle dicir —tamén o dicía na comparecencia— que a política de fixación de persoas no rural, que a política de fixación de vida económica no rural —que é moi importante na prevención de incendios— pasa por cuestións financeiras. Polo tanto, se temos unha poboación dispersa e envellecida, é por iso polo que estamos loitando e tamén as comunidades autónomas do Partido Socialista que teñen as mesmas características ou características parecidas a Galicia. É increíble que eses presidentes autonómicos socialistas o estean facendo e vostede dende aquí, dende Galicia, estea facendo todo o contrario, que é facéndolle unha especie de carta branca ao que queira facer Pedro Sánchez. O malo é que o único que quere facer Pedro Sánchez —xa que falamos de líderes— é manterse un pouco máis no Goberno, e, por iso a Galicia todas as propostas que está facendo non lle conveñen en absoluto.

Imos asumir moita máis débeda da que nos libera. Non imos poder facer nada con esa débeda condonada —vostede sábeo de sobra—; eses 4.000 millóns que dixó que íamos ter á nosa disposición para o que quixésemos. Esa afirmación, que non é capaz de desmentir —non me estraña— a estas alturas, perseguiralle por moito tempo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben.

Non é a Xunta, precisamente, que sexa absolutamente dilixente na facilitación da información que lle piden; tarda moito, se a dá.

En todo caso, sobre esta cuestión, señor presidente —dígoo, porque na última reunión que tiveron con outros presidentes dos que vostede gusta de dicir que opinan diferente do resto do Partido Socialista—, supoño que non lle sorprenderá a ninguén a oportunidade de ver que o presidente de Asturias e o presidente de Castela-A Mancha van pedir formalmente a condonación da débeda. Non sei se é que, ao mellor, lles veu a lucidez agora ou non; non sei que ten que dicir vostede ao respecto.

En todo caso, iso si supón unha perda evidente de recursos para Galicia. Eu pídolle, con toda a forza que poida representar eu neste Parlamento, que reconsidere a súa posición de non aceptar a condonación da débeda, pois iso vai privar Galicia de recursos que se poden empregar en cousas ben importantes.

Xa non vou facer demagogia sobre onde se deben empregar eses fondos. Vostede sábeo porque nós levamos defendendo neste Parlamento, durante moito tempo, onde se deben aplicar os investimentos públicos.

Vostede insiste en que non, e quere facerlle crer á xente que se a un lle perdoan unha débeda, iso é malo; sen embargo, se eu condono e beneficio con bonificacións aos máis ricos nos impostos de patrimonio, iso é bo. Pois mire, a xente non llo entende; a xente entende que



cando lle condonan a débeda, é algo bo. Sen condicións, simplemente hai que pedila, porque é un acto voluntario, por suposto. E iso si pode detraer recursos para estar nunha mellor posición financeira, que é evidente.

Este ano, imos destinar para a débeda 1.700 millóns —¡mil setecentos millóns!—; facendo unha simple regra de tres, retirando un terzo, estaríamos en disposición —máis ou menos— de non ter que cosituar nos orzamentos da Xunta 600 millóns. (*Murmurios.*) ¿Si ou non? (*Murmurios.*) Oia... (*Murmurios.*) ¡Bueno!, pois sigan terqueando nesa cuestión.

A cuestión é que realmente non teñen que pagar un terzo, e iso é malo. Pois explíquello a quen no o entenda porque ninguén o entende neste país. Regálalle 4.010 millóns, que lle condonan da débeda, salvo que o presidente da Xunta pensase en non pagar a débeda —que esa é unha solución—. Oia, como non pensei en pagala, pois nin me vai nin me vén. Pero as débedas hai que pagalas, e se o Estado lle condona iso, entón estalle retirando recursos que si se poden utilizar para previr incendios, entre outras cuestións, señor presidente.

Mire, non fale de consensos, nin fale de acordos, nin fale de seguidismo..., cando xa lle dixen na anterior intervención que nós, responsablemente, nos sumamos a votar con vostedes o Ditame en que estaban as 123 medidas que se aprobaron e que nós votamos confiando en vostedes.

Por tanto, a confianza tamén hai que traballala; e a confianza demostrase tamén cos orzamentos, poñendo os cartos sobre o que os hai que poñer: máis investimentos en prevención, máis brigadistas e menos cavar fosas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, postos á confianza, vostede dicía agora que nos deron a confianza no ano 2018. O seu representante naquela comisión, que di que confiou en nós —supoño que si—, é o mesmo que di agora que non se pode confiar en vostedes porque todo iso do cupo, da condonación... Si si, é que é o mesmo. Polo tanto, xa me dirá. É o señor Leiceaga. ¿Quen ten razón? ¿O señor Leiceaga do 2018? Si si, bote as mans á cara todo o que queira.

Mire, estanos volvendo —non sei se é a palabra— «un pouco tolos». Vostede desorientáanos moito coa súa interpretación. É o deputado máis guiadiño que pode ter o Goberno central en calquera parlamento autonómico, pero é que despois desmínteos. Desminte o señor Marlaska, que di que actuamos axeitadamente nos incendios. Case son máis crítico eu comigo mesmo do que o é o señor Marlaska. Vostede di que foi todo un desastre, e agora mire o que di o Ministerio: «Documento sometido al trámite de consulta pública previa con fecha 15-5-2025. Vicepresidencia primera del Gobierno, Ministerio de Hacienda. La aplicación del artículo 12 de la Ley Orgánica de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera impide que el ahorro de intereses



producido por la reducción de deuda a las comunidades autónomas pueda ser empleado en incrementar su gasto». E vostede vén aquí, corríxe a vicepresidenta primeira —que, como se entere, co carácter que ten, xa verá o que lle vai facer— (Risos.) e di que todo é mentira e que podemos gastalo no que queiramos. ¿Este é o señor Besteiro do que nos podemos fiar? (Aplausos.) ¿Este é o señor Besteiro? (Aplausos.)

Que todos sabemos que a vicepresidenta primeira é capaz de dicir unha cousa e a súa contraria. Xa o fixo cando veu a Galicia hai un ano; dixo que en ningún caso se estaba planteando a condonación de débeda, nin de broma, dúas semanas antes de dicir que «adiante». Entón, se non hai que fiarse dela —e eu enténdoo perfectamente—, podemos ir ao que di a Airef. ¿A Airef é do PP? ¿Está para deixala quedar mal a vostede, á ministra e a todos? Señor Besteiro, ¡un pouco de seriedade! E xa non falo do aforro de intereses, que estaría en torno aos cen millóns de euros. Mire, falo dos 4.000 millóns que vostede dixo aquí en sede parlamentaria que quedarían libres para gastar no que quixésemos. ¡Catro mil millóns, señor Besteiro! Polo tanto, imos a iso. Vostede segue mantendo que teremos 4.000 millóns para gastar. (Murmurios.) (Risos.) Si, si... Mire, chega o momento, señor Besteiro, en que non o entendo; e, se non o entendo, entenderá que é moi difícil seguilo. Entón, ímolo deixar aquí. Quedámonos en 4.000 millóns. Xa falaremos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resposta que está a dar o Goberno galego aos retos que ten Galicia

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Rueda, se a súa xestión é tan, tan eficaz, ¿que temen? Porque fíxese en como de desastrosa ten que ser a súa xestión para que vostedes hoxe fagan esta anomalía escapista. Porque ¿sabe o único que reflicte que queiran acumular a sesión de control á súa comparecencia? O seu escapismo político e que vostede sabe que fixo unha xestión negligente destes incendios. (Aplausos.)

Pero non imos permitir que escape da súa nefasta xestión dunha vaga de lumes na que vostede durante días estivo desaparecido. Fixo falta que ardesen miles de hectáreas, que houbera desalojos e mesmo catro persoas do dispositivo hospitalizadas —xente, por certo, moi nova— para que vostede se acordase de que era o presidente de Galiza. Galiza ardía e vostede estaba ausente. O día 5 de agosto —segundo soubemos polas súas redes sociais—, estaba de excursión en moto pola costa. O día 6 e o día 7 a súa axenda era unha páxina en branco. O día 8 vostede seguía de veraneo, cando incendios como os de Chandrexa de Queixa asolaban Ourense. O día 9 tivo tempo para ir a unha gala benéfica organizada no Hotel da Toxa.



O día 10 de agosto, mentres xa se multiplicaban os incendios, vostede estaba na Feira do Viño de Monterrei e —¿como non?— tamén sacou tempo na súa axenda para ir ver as touzadas, acompañado por Feijóo e Rajoy. Galiza ardía e vostede de touradas. (*Aplausos.*)

Así, señor Rueda —non sei que lle están preguntando desde atrás, en fin—, chegamos ao día 12 de agosto, coa provincia de Ourense literalmente cercada polo lume, no que por fin vostede se acorda de que é o presidente de Galiza e entón improvisa unha visita ao Cecop. E digo «improvisa» porque ese día a súa axenda oficial era unha folla en branco. Ademais dunha incompetencia total, esta actitude foi de absoluta irresponsabilidade e tamén de menosprezo por este país e pola súa xente. Comportouse vostede como un presidente ausente. Por iso debe dimitir, porque vostede non está preparado para afrontar os grandes retos que ten este país. É evidente que un deles é que fagamos fronte a un problema tan grave como son os incendios, un problema que cada vez é maior. Porque, señor Rueda, quen deixa Galiza negra non é o BNG; son os incendios que provocan a súa política forestal e a súa política de abandono do medio rural. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

¿Sabe o que me estaban dicindo os meus compañeiros que están sentados detrás, señora Pontón? Que vostede nunca deixa de sorprendelos. Cada vez é máis difícil. E dicíame vostede, e tamén protestou na Xunta de Portavoces —ou protestaron, quen estivera aí en nome do BNG— por esta acumulación, porque a súa pregunta non tiña absolutamente nada que ver cos lumes e, polo tanto, non se podía substanciar así. (*Risos.*) (*Murmurios.*) A min non me sorprenden estas cousas de vostede, xa a vou coñecendo bastante ben, é bastante previsible. Aquí estou, escapando de vostede, absolutamente. Estou moi escapado.

Mire, eu podía dicirlle que nalgunha das datas que vostede di que eu estaba de festa había tamén responsables políticos do BNG acompañándome —eu agradézoo moito—. E tamén podíamos dicir tantas cousas que eu resúmoas nalgo fundamental: supoño que alguén coma vostede, que se autoproclama «presidenta na sombra», entenderá que, con esa autorresponsabilidade que se dá, tamén terá algún tipo deber. E seguimos sen saber —e non o imos saber— que pasou. ¿Onde estaba vostede? ¿Por que non mereceu a pena volver? Xa que quere falar destas cousas... Paréceme bastante absurdo, pero se leva o debate a estes límites e a estes extremos... Vostede apareceu o día 15 improvisadamente. Estaba de vacacións e a saber... A min a verdade é que saber onde estaba dáme igual. Pero quería saber: ¿por que, cunha provincia en situación 2 e cun Cecopi constituído ese día —o día que eu fun—, pensou que valía a pena seguir na praia, ou na horta ou onde estivera e que a partir do día 15 había que facer un paripé e volver desaparecer uns días?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Mire, señor presidente, é evidente que vostede non quere dar explicacións. De feito, permítese o luxo de vir aquí e non responder absolutamente nada. E eu quero preguntarlle: ¿quen é presidente, vostede ou eu? ¿Son eu a responsable de coordinar o Servizo de Loita contra os Incendios Forestais ou era vostede, señor Rueda? ¿Quen ten aquí a responsabilidade cando hai unha catástrofe destas características no país? ¿Como que é absurdo preguntarlle onde estaba vostede cando Galiza ardía e o resultado que temos son os peores incendios da nosa historia, señor Rueda? *(Aplausos.)* ¿¿Como pode dicir que é un absurdo!? *(Aplausos.)* Non, é unha esixencia de responsabilidade lóxica. O que comprobamos é como, mentres Galiza ardía, vostede estaba de festa en festa, de gala en gala, paseando en moto e nas touradas, señor Rueda. Ese é o reflexo dun presidente ausente que chegou tarde.

Por certo, sabe vostede perfectamente que dende o BNG e eu persoalmente intentamos poñernos en contacto con vostede e vostede non quixo falar comigo. Vostede saberá por que. *(Aplausos.)* Vostedes non nos deron ningún tipo de información en toda esta vaga de lumes. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, Galiza ten un problema moi grave —ten moitos, pero un dos máis importantes, porque acabamos de velo dramaticamente outra vez este ano— que é facerlle fronte aos incendios forestais. O que nos deixa a súa comparecencia de hoxe é un presidente ausente, que non quere cambiar absolutamente nada do que fixo e que por riba vén aquí intentar responsabilizarnos ao BNG, facerlle oposición á oposición mandándolles aos cargos do seu partido que veñan a esta sesión de control insultarnos. Canto máis nos insultan, máis demostran que peor o fan.

Desde logo, o BNG vai traballar para que haxa unha alternativa neste país para que non vexamos de novo un drama como o que acabamos de ver. E para iso hai que cambiar as políticas forestais, as políticas de abandono do rural, o modelo de ordenación do noso medio rural. O que nos dixo hoxe vostede é que non vai facer nada diso. Pequenos retoques e promesas gastadas, señor Rueda, as mesmas promesas de sempre. A xente deste país merece un presidente que estea á altura, e vostede non o estivo antes, nin durante nin despois. Por iso reiteramos: señor Rueda, dimita. *(Aplausos prolongados.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, estou emocionado, teño que dicirllo. Despois de tres anos é a primeira vez que me chama «presidente»; aínda que sexa para insultarme despois, pero agradézollo moitísimo. *(Risos.)* Xa compartimos este cargo de presidente que ata o de agora só o tiña vostede na sombra, pero a única presidenta na súa concepción era vostede e eu era o señor Rueda. *(Aplausos.)* ¡Moitas grazas por chamarme presidente, señora Pontón!



Mire, xa lle dixen que me parecía un debate absurdo, pero ¿que lle imos facer? Vostede quere telo, pois, para min, xa acabou. Vostede foi informada o día 15 polo conselleiro de Presidencia —igual que o señor Besteiro—; e, igual que o señor Besteiro, agradeceu a información. O primeiro que preguntou vostede é que por que non a chamaba eu. Ao mellor é que estaba facendo outras cousas ese día e o que me interesaba era que vostede tivese a información. De presidente a presidente, que por que non a chamei eu. Foi o seu comentario, señora Pontón. É que é mellor que os galegos xa a vaian coñecendo un pouquiño e que saiban como é. Eu creo que xa a coñecen bastante.

Polo tanto, como vostede sabe que chegou tarde a todo isto, —e como xefa da oposición tamén ten obrigas— e como vostede sabe que os galegos, en xeral, percibiron cando menos —despois pódese acertar máis ou menos na xestión— que presenza, compromiso e preocupación houbo —non só pola miña parte, que o intentei humildemente, senón por parte de todo o Goberno—, vostede ten que construír a realidade contraria. Non vai colar. Os galegos —como digo— coñécena ben e é bo que aínda a coñezan mellor, porque leva 25 anos de deputada na oposición, pero a este paso vai estar bastante máis; iso si, se lle deixan no seu partido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día. Pasamos ao punto terceiro, que é un texto lexislativo. Todo isto con base no artigo 12 da Lei 7/2015, do 7 de agosto.

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo

O PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei pola persoa designada pola Comisión promotora, ten a palabra a señora Teresa Navaza González, por un tempo de quince minutos.

Os servizos da Cámara acompañana ata esta tribuna.

(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

(A representante da Comisión Promotora, Teresa Navaza González, diríxese cara ao presidente e intercambia unhas palabras con el.)

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Presidente do Parlamento, integrantes da Mesa, conselleiros e conselleiras, deputados e deputadas da Cámara, galegas e galegos, moi boas tardes.

É unha honra estar hoxe aquí acompañada, desde a tribuna, por algunhas persoas representantes da Comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular, e acompañada, desde a rúa, ás portas desta Cámara. Mágoa que non se escoite neste interior o son da súa digni-



dade; o son de centos de persoas que precisan, merecen e demandan —como non pode ser doutro xeito— uns medios de comunicación públicos ao servizo do pobo, ao servizo do país, ao servizo de Galiza e ao servizo da cidadanía; cidadanía que procura incansable, como escribiu a nosa poeta Ana Romaní: «Ese mar que habita baixo o deserto».

Foi precisamente o apoio, a sinatura e o compromiso de case vinte e catro mil galegos e galegas, o que nos permite hoxe someter á consideración deste Parlamento unha proposta lexislativa radicalmente popular, que ten, en síntese, un único e grande obxectivo: liberar a Galega; liberar os nosos medios públicos do secuestro en que os mantén, desde hai xa demasiados anos, o Goberno da Xunta en mans do Partido Popular. Case vinte e catro mil persoas asinaron, coa súa identidade, un documento que reclama uns medios públicos plurais, democráticos e de calidade, que non manipulen, que non enganen, que respondan ás necesidades e ás urxencias da nosa sociedade. Mais son só unha pequena parte dunha opinión que cada vez medra máis, que cada vez se sente con máis forza e que se evidencia tamén no abandono dunha audiencia cansa de que intenten manipulala.

As máis de corenta organizacións, colectivos e asociacións de toda índole que promoven esta ILP, agrupadas, desde o ano 2022, nunha plataforma en defensa do que, daquela, era a CRTVG, representan centos de miles de persoas; unha sociedade que reclama o seu dereito a unha información veraz, a uns medios de comunicación públicos ao servizo de Galiza, de toda Galiza. É que tanto teñen en común este abano de siglas, esta maraña de colectivos tan distintos, tan diversos e plurais, para acabaren confluindo na necesidade de rescatar a CRTVG —agora a CSAG— para poñela ao servizo dese pobo soberano ao cal vostedes representan e din gobernar.

Non hai que ir moi lonxe nin moi atrás para entendela. Hai apenas uns minutos, vostedes debatían aquí mesmo sobre a peor vaga de incendios da nosa historia: que se de quen é a culpa, que se as competencias duns ou doutros, que se o modelo de xestión forestal...; pero tamén xa non se pode ocultar por máis tempo o tratamento da cobertura informativa que fixeron os nosos medios públicos de todo o relacionado con esta traxedia; da cobertura que fixeron ou, máis ben, da que non fixeron. ¿Pregáronse a TVG e a Radio Galega —coma sempre— ás consignas e aos intereses do Partido Popular, que ostenta o Goberno da Xunta? ¿Cumpriron os nosos medios a súa misión de informar sen inxerencias? Non sigo. Foi todo tan burdo, tan evidente, tan descarado, tan lamentable, tan obsceno e tan irresponsable, que aforro outros adxectivos. Unha vez máis, a CSAG —e mira que me custa aprender este nome; recórdame a un fondo vóitre— abandonou o pobo galego e traizoou a súa misión de servizo público.

Veunos á memoria estes días o que fixeron cando o Prestige. Agora repetiron a historia cos incendios. Temos que berrar de novo: «¡Manipulación, Nunca Máis!», porque si, efectivamente, falamos, en palabras maiúsculas, de «manipulación informativa». A práctica deleznable derivada da inxerencia política e gobernamental, que impide que os nosos medios cumpran coas misións de servizo público e coas obrigas de vital importancia para a consolidación da democracia que teñen encomendadas.

Nas ditaduras censúrase; nas democracias, agóchanse, terxivérsanse e manipúlanse as novas de impacto máis negativo para a cidadanía. Iso é o que denunciámos, o que pasa día a día



nunha campaña política sen fin. ¿Como se entende, se non, o ataque constante a concellos que non son gobernados polo PP? Pregúntenlles aos alcaldes e ás alcaldesas. Asistimos, desde hai tempo, a unha precampaña das municipais que demoniza os concellos que non goberna o PP, á marxe da propia Lei electoral. E vostedes fano sen tregua. Da mesma maneira que presenciamos uns informativos en que o xefe da oposición en Madrid ten unha sobrepre-senza que se nega á oposición en Galiza.

E é que, señoras e señores deputadas, doe e semella mentira, a estas alturas, ter que lembrar, unha e outra vez —e farémolo mentres nos quede un alento de vida—, que as leis, de que nos dotamos, din literalmente: «Os medios audiovisuais públicos de Galiza son un servizo esencial que teñen como misión difundir contidos destinados a garantir a cultura e a lingua galega, a independencia e a veracidade da información, o pluralismo, a cohesión social e te-rritorial, a promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, e a calidade da propia democracia». Sendo así, se as normas de obrigado cumprimento establecen todo iso, ¿como é posible que o Executivo galego manteña secuestradas a nosa radio e a nosa televi-sión? ¿Como chegamos a normalizar que o investimento de cartos públicos que se destinan cada ano ao que agora temos que denominar CSAG, Corporación de Servizos Audiovisuais de Galiza —nome ben rimbombante e moi baleiro de contido—, acaben cada día, cada minuto, en cada programa e en cada informativo, ao servizo da forza política no Goberno? ¿Que ano-malía é a que tolera, con total impunidade, que a actual directora xeral da Corporación, Con-cepción Pombo, ao igual que fixo durante anos e anos o seu predecesor, Alfonso Sánchez Izquierdo, antepoña os intereses do Partido Popular aos valores de carácter éticopolítico nos cales debe fundamentarse o servizo público? Esos valores relacionados coas necesidades de-mocráticas, sociais e culturais do noso pobo.

Señorías, deputadas e deputados, saben perfectamente —sabémolo todas e todos— que o actual modelo de radiotelevisión non garante a independencia do ente público; o actual mo-delo de radiotelevisión reduce a variedade, o equilibrio e a calidade do conxunto de progra-macións e de servizos audiovisuais destinados aos diferentes públicos; o actual modelo de radiotelevisión mesmo posibilita a emisión noutras linguas distintas do galego. Tampouco potencia a imprescindible participación e o control social, e dá entrada ao capital privado, entregándolle a meirande parte da programación. Volvemos velo estes días coa externaliza-ción do programa deportivo diario da Radio Galega, que —inaudito— se emite agora en di-recto pola FM convencional, pero que —alucinante— se realiza nos estudos de Radio Líder, unha emisora da competencia. Ata aí chega o desmantelamento e o despropósito.

É por iso que, neste contexto, as organizacións sociais, culturais, sindicais, políticas e pro-fesionais integradas na Plataforma en defensa dos medios públicos —que promoveron esta iniciativa lexislativa co respaldo das case vinte e catro mil sinaturas de galegos e galegas, que a fixeron súa— nos vemos na obriga de saír ao rescate do noso servizo público de co-municación audiovisual. E propoñemos e demandamos, hoxe e aquí, na sede da soberanía popular, unha radiotelevisión pública que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, á imparcialidade, á neutralidade, á veracidade e ao pluralismo informativo, erradicando a ma-nipulación e a cancelación de contidos e profesionais; e que recupere a perspectiva da reali-dade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento.



Para ese fin, exiximos que se garanta o dereito de acceso, seguindo criterios obxectivos de representación e de implantación social; que recupere a cobertura territorial de todo o país e as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima; que promova e defenda a identidade de Galiza, a súa lingua e a súa cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, musical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país; que xogue un papel estratéxico na converxencia dixital e garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais; que fomente, a través dos contidos, a igualdade e a non-discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista; que preste especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, por canto que representan o futuro da sociedade, recuperando unha das principais funcións para a cal foi creada a Galega: o fortalecemento da cultura e da lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador; que cumpra a súa función estratéxica como o motor do desenvolvemento, da produción audiovisual independente, con transparencia, evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.

Por último, con esta ILP instamos os poderes públicos de Galiza ao cumprimento da normativa do sector audiovisual xestionada pola Xunta, nomeadamente á designación da dirección xeral da CSAG por maioría cualificada do Parlamento galego, sen subterfuxios, sen disposicións adicionais que permitan, como vén de facer a recente lei reguladora dos nosos medios —a Lei 1/2025, do 14 de marzo—, a imposición monocolor da persoa que ao partido no poder máis lle interesa. Foron tan alá que mesmo se atreveron a aprobar unha norma contraria á lei europea de liberdades de medios —EMFA en inglés—, de obrigado cumprimento nos estados membros desde este pasado 8 de agosto.

Señor Rueda —aínda que non está, que llo contén—, a súa recente Lei de medios naceu fraudulenta, porque non podemos esquecer que uns meses despois do rexistro desta iniciativa que hoxe defendemos o Goberno galego conseguiu, cos únicos votos do Partido Popular, aprobar esta lei, que supón para os nosos medios un retroceso e unha oportunidade perdida. Ademais de permitir ese nomeamento a dedo da nova directora, elimina a obriga da creación do Consello de Informativos e do Estatuto profesional, ferramentas destinadas a protexer os profesionais fronte ás inxerencias que denunciámos; permite a privatización de todos os contidos, mesmo os informativos, blindados na lei anterior; crea un órgano de participación da sociedade, que é unha burla á pluralidade; e, finalmente —insistimos pola súa gravidade—, abre as portas ao uso das linguas distintas ao galego nas emisións da corporación. Ninguén podía imaxinar que o autoodio chegaría ata estes extremos.

Nunca foi máis necesaria, ao noso entender, unha proposta alternativa de modelo de medios públicos...

O PRESIDENTE: Ten que rematar.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Si, señor presidente.

O PRESIDENTE: Grazas.



A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Téñena sobre a mesa e agora tócalles tomala en consideración. Escoitaremos atentamente o que teñan a ben dicir, pero lembren cando nos contesten —e quero que a última referencia nesta miña primeira intervención sexa para elas e eles— aos traballadores e traballadoras da Radio-Televisión pública, que levan anos significándose en defensa do que é de todos e de todas nós; traballadores e traballadoras que acumulan no seu triste historial unha morea de sentenzas por vulneración de dereitos fundamentais por parte da Corporación, algunhas tan graves como a vulneración do dereito á liberdade de expresión, o dereito á folga e directamente por manipular e mentir...

O PRESIDENTE: Grazas.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Perdón, señor presidente.

O PRESIDENTE: Despois ten outro turno.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Pero quixera dicir unha cousa que me parece fundamental, se vostede me permite. Só un minuto.

O PRESIDENTE: Trinta segundos, por favor.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): É tan grave que foron apoiados por 66 organizacións de periodistas de España e 320.000 profesionais europeos de 44 países de todo o mundo. ¡Mágoa que nos coñezan por isto no mundo! ¡Que vergoña!

Quero acabar, agora, si, presidente —e doulle as grazas—, coas verbas dunha poeta palestina —¡palestina!—: «Cando morra, prometo perseguirvos sempre. Cando morra, prometo perseguirvos sempre, un día hei escribir como se as flores fosen nosas».

Presidente, deputadas, deputados, os medios públicos, como as flores, son un ben común.

Grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

¿Grupo Parlamentario Mixto? O señor Ojea declina a súa intervención.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



Un saúdo moi especial para os que estades hoxe aí arriba, na tribuna deste hemiciclo, e moi especial tamén para aqueles que están aí fóra, exercendo o traballo de cidadanía, exercendo a presencialidade que require esta ILP, que require este dereito.

E con ese fío de liberdade que nos dá aínda que poidamos xuntarnos aí fóra dicimos ben forte que non merecemos que un partido político sexa o dono do noso dereito á información. (Aplausos.) Non merecemos como sociedade que o Partido Popular anulase a carreira profesional nos medios de comunicación públicos de varias xeracións de periodistas galegos e galegos. Non merecen os xornalistas deste país a nulidade da súa carreira profesional.

Os gobernos do Partido Popular en Galicia levan anos alimentando as carencias da nosa democracia, fagocitan a iniciativa, o talento, a creatividade e, sobre todo, a mirada crítica e o dereito á información. Pequenas e grandes miserias soportadas con orzamentos públicos que dan como resultado que a sociedade galega recoñeza a falta de credibilidade nas informacións dos nosos medios públicos, que haxa un abandono da audiencia, que asistamos a unha privatización en progresión xeométrica que está ocupando cada vez un espazo maior nos medios públicos, que as compañeiras e compañeiros do ente público teñan que desenvolver o seu traballo con presións, censura, afastamento de funcións e todo un repertorio de técnicas de *mobbing* que provocaron denuncias por acoso laboral, baixas médicas e sentenzas condenatorias ao ente público.

Foron 381 venres negros, a folga máis longa deste país, máis de sete anos saíndo á porta da TVG para denunciar a miseria moral, para denunciar que, grazas á falta de capilaridade democrática, este país nos está a roubar os dereitos da información. E grazas a ti, Tereixa Navaza, grazas amiga, a xornalista na que sempre nos miramos, a que sempre estivo aí, antes de que tivéssemos unha canle autonómica, coa que comezamos a escoitar en galego a televisión e sentimos que o noso era relevante. Sempre coherente, sempre profesional, sempre boa persoa. Porque, como dicía Kapuscinski, para exercer o xornalismo, ante todo hai que ser boa persoa; as malas persoas non poden ser boas xornalistas.

Hoxe tocaría ser honestos como con nós mesmos, ser honestos coa cidadanía. Pero é máis que evidente que isto non vai ser así. Os paradoxos da democracia son un truco de entretemento para o Partido Popular. Hoxe debatemos unha iniciativa lexislativa popular que chega a este Parlamento coa forza de máis de 24.000 sinaturas. Non é un capricho, non é un exercicio teórico, é unha evidencia que a manipulación dos nosos medios públicos é unha enfermidade crónica. O Partido Popular encargouse cunha estratexia férrea e sen pudor de crear unha situación de enfermidade ata cronificala. E hoxe non estamos a pedir máis que aquilo que conforman os dereitos fundamentais de calquera cidadán: paliar os efectos desta enfermidade. Con iso nos conformamos, con paliar os efectos desta enfermidade.

Queremos que a dirección da CRTVG —é verdade que agora se chama doutro xeito, pero para nós seguirá sendo a CRTVG— se elixa en concurso público e con maioría cualificada do Parlamento, non a dedo desde San Caetano; que haxa un estatuto profesional e un consello de informativos, para que quen traballa non sexa refén da manipulación; que se cree unha autoridade audiovisual independente que vele polo dereito da cidadanía a recibir información plural; e, que a programación aposte pola lingua, pola cultura, pola diversidade



e non por un escaparate de glorias de presidente de quenda. Cuestións todas elas que se enmarcan dentro dunha sociedade democrática con madurez e responsabilidade e que están respaldadas polo Comité Intercentros, por colectivos culturais, sindicatos profesionais da comunicación e milleiros de galegas e galegos que reclaman independencia, pluralidade e democracia nos medios públicos. É tan básico que sorprende que teñamos que debater isto no ano 2025. É tan evidente que fai que esteamos situados nunha realidade que semella oculta ao resto do Estado, que nos retrotrae ao ollar do pasado, cando neste ano a TVG cumpre 40 anos. Naceu para ser a televisión de Galicia e acabou sendo unha canle de propaganda política do Partido Popular. Catro décadas de historia, e vostedes, os do Partido Popular, soprando as velas, pero sempre para pedir o mesmo desexo: seguir controlando o mando a distancia da Televisión e Radio públicas galegas. Como o control que fixeron durante este verán coa terrible vaga de incendios que asolaron Galicia mentres ardía o noso, o de todos.

E tamén vaia por diante que dous temas tan importantes do noso país, como son esta ILP e a comparecencia dun presidente para falar desta vaga de incendios, teñan que estar hoxe aquí constreñidos nunha mañá como se fose un despacho calquera de calquera día da semana. Mentres centos de persoas durante este verán eran desaloxadas de praias, de lugares próximos aos montes, a Televisión de Galicia adicábase a retransmitir novas como as do día 15 de agosto, na que a TVG conectaba en directo coa praia de Cabanas para saber que dicía a xente de fumar ou non. Literalmente, nese momento en Galicia chovía cinza en boa parte do noso territorio. Conectaban sempre con poboacións costeiras para evadir a realidade que deixou e segue a deixar nestes momentos miles de hectáreas dos montes galegos arrasadas polo lume, decenas de fogares destruídos ou afectados pola queima, perigo e situacións de risco que provocaron a morte e danos nos profesionais e veciños que se botaron ao monte tratando de frear incendios voraces que aniquilaban o país.

Desinformación que supuña, ademais, un perigo, xa que non indicaba que zonas de Galicia estaban sendo aniquiladas, que rutas eran perigosas ou as probabilidades de contaxio da situación do lume, que se estendía como un regueiro de pólvora polos montes. Esa desinformación fíxose patente nas redaccións vacías das delegacións da CRTVG, ou en programas de radio, nos que abordaban a información do lume a través de chamadas telefónicas, pero nunca cunha planificación directa sobre o que estaba a acontecer en Galicia.

Houbo programas cunha duración de 170 minutos nos que apenas se lles adicaban 14 minutos aos incendios, como no *¿Quen anda aí?* do 13 de agosto, ou no programa *Hora Galega*, do 14 de agosto, que ten unha duración de 70 minutos e apenas se lles adicaron oito minutos aos incendios; ou no programa *O Termómetro*, que ten unha duración de 120 minutos, e apenas dedicou aos incendios 1,15 segundos o día 15 de agosto. A poboación non foi informada polos medios públicos galegos da situación dramática dos lumes en Galicia, ao tempo que xornalistas e técnicos da TVG recibían ordes concretas de que era o que tiñan que gravar, o que tiñan que emitir e mesmo como debían afrontar con normalidade os sucesos que acontecían nos espazos devastados polo lume.

Botando a vista ao pasado nesa historia sempre inconclusa de Galicia, hai unha realidade, e é o esmorecemento do que podíamos ser e non aconteceu. Figuras como Chichi Campos,



Suso Vaamonde, Pilar Pallarés, Xabier Fortes, Paz Castro: «Tivemos posibilidades, fomos algo nalgún momento; tivemos un pequeno pasado, ata que chegou a política de todo a cen».

Dicía «La Agrado», un personaxe da *Lei do desexo*, de Pedro Almodóvar, que «*una es más auténtica cuanto más se parece a lo que ha soñado de si misma*». E eu engadiría: un país tamén é máis auténtico canto máis se parece ao que soñan as súas xentes. Galicia non pode resignarse a ser menos do que merece, nin pode aceptar que se recorten dereitos e liberdades. Cando unha persoa pode vivir sen máscaras, cando pode exercer libremente a súa identidade, cando un pobo pode falar da súa lingua, cando un pobo pode decidir que escoitar, cando un pobo pode decidir o seu futuro e recoñecerse no seu patrimonio, entón, si estamos diante da autenticidade.

Pois ben, señorías, ese é o soño que temos para os medios públicos de Galicia; medios que non se disfracen de modernidade mentres practican o retroceso, senón que sexan uns medios valentes, diversos, libres, porque, como lembraba «La Agrado», a autenticidade non se compra nin se improvisa, constrúese con dignidade, a que nos falta nos medios públicos deste país, a dignidade cos profesionais e a dignidade coas galegas e galegos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas e bo día a todas e a todos.

Honra a nosa, Tereixa Navaza, por poder contar coa túa voz, para as que, ademais, traballamos como profesionais nas redaccións dun medio de comunicación neste país, que unha voz e unha persoa histórica no xornalismo galego sexa quen defenda esta iniciativa lexislativa popular. É unha honra, é un orgullo. Quero saudar e agradecer a túa participación hoxe aquí, pero tamén facer extensible ese saúdo, ese agradecemento, a todas as persoas que nos acompañan nesa tribuna de convidadas hoxe e a todas as que están seguindo o debate tamén desde as rúas, e quero agradecer ao conxunto de entidades sociais e de organizacións que a impulsaron, precisamente da man desas 24.000 galegas e galegos, que hoxe esteamos debatendo, neste primeiro pleno do período de sesións, esta iniciativa lexislativa popular para rescatar a Radio e a Televisión públicas de Galiza. (*Aplausos.*)

E se hoxe estamos debatendo neste primeiro pleno esta iniciativa lexislativa popular non é por vontade das persoas promotoras desta iniciativa, senón por unha imposición do Grupo Parlamentario Popular, que non foi quen nin sequera de respectar a vontade das organizacións que fixeron o traballo e o esforzo de traer este texto lexislativo, apoiado e respaldado por 24.000 galegas e galegos. Pretende o Partido Popular, diluíndo hoxe no medio da comparecencia do debate sobre a xestión da catástrofe dos incendios, facer este importante e necesario debate sobre unha peza fundamental do sistema democrático do noso país.

O PP impuxo o debate cun obxectivo claro: ver se son capaces de ocultar o clamor social na defensa duns medios públicos que estean ao servizo das galegas e dos galegos e non do par-



tido no Goberno, e non do PP. Esa manobra política —porque non pode chamárselle doutra maneira— o que pon en evidencia é, precisamente, aquilo que denuncia a iniciativa lexislativa popular que hoxe debatemos: o control político con man de ferro que exerce o Partido Popular sobre a Radio e a Televisión públicas de Galiza até convertelas no seu terminal de propaganda, pero tamén o seu intento á desesperada por tapar o sol cun dedo, a ver se, metendo o debate hoxe co tema dos lumes, pasa, sen pena nin gloria, unha iniciativa lexislativa popular que vén da man de 24.000 persoas e de máis de 40 entidades e organizacións sociais de todo tipo: culturais, sindicais, de defensa da lingua, veciñais, entidades e organizacións plurais, reflexo da diversidade e da pluralidade que intrinsecamente define e compón a sociedade galega.

Vostedes, señorías do Partido Popular, saben perfectamente que cada vez máis galegas e galegos rexeitan o uso político, partidista e electoralista que fan da CRTVG, e iso non o cambian metendo ou intentando meter debaixo da alfombra esta iniciativa lexislativa popular que o BNG vai apoiar, como non sería comprensible doutra maneira.

Hai apenas algo máis dun mes, cando decidiron cambiar a Lei de medios públicos deste país, despois de incumprila durante máis dunha década, precisamente para non ter que cumprila, diciámoslles que querían cambiar esa lei e que impulsaban unha nova Lei de medios para facerse co control absoluto dos medios públicos galegos. Con eles fulminaban os dereitos profesionais das traballadoras da Radio e da Televisión públicas de Galiza, sacando, varrendo do papel, o Estatuto profesional e o Consello de Informativos. Cambiaban a lei para pisar, aínda máis, se cabe, o acelerador da desinformación, da manipulación e do uso partidista que o PP fai da CRTVG, seguindo ao pé da letra —como denunciaba a portavoz nacional do BNG hai escasas horas, ao inicio desta sesión, na comparecencia do presidente— o manual de xestión de catástrofes do Partido Popular.

Non temos que remontarnos moi lonxe para ver cal é o uso que fai o PP da Radio e da Televisión públicas de Galiza. Este mes de agosto puidemos volver comprobalo cunha cobertura dos incendios que, non por repetida, deixa de ser tan indignante. Non aconteceu por primeira vez nesta vaga de incendios; vivimos exactamente o mesmo, a mesma manipulación, a mesma desinformación, o mesmo uso partidista nas vagas de incendios de 2022 e de 2017. Mentres toda a provincia de Ourense estaba declarada nivel 2 —diciase hoxe pola mañá— desde o 12 de agosto, mentres unha trintena de concellos tiñan toda a poboación confinada, mentres centos de persoas vían como as lapas asediaban as súas casas e tiñan que coller os batefogos eles, porque non había medios de extinción para facerlles fronte aos lumes nos seus concellos, a Televisión de Galiza —que sostemos e pagamos todas con máis de 100 millóns de euros públicos ao ano— continuou coma se nada, repoñendo programación vella na radio e na tele e falando con absoluta normalidade toda a mañá e toda a tarde de pragas de pulgas, de mosquitos tigres e de festas gastronómicas varias.

Non foron quen nin cortaron a emisión dun programa de entretemento repetido cando se estaban producindo as comparecencias do presidente da Xunta e do Goberno de España no centro de coordinación. A xente deste país tivo que cambiar de canle ou poñer o teléfono móbil nunha rede social para poder ver e escoitar algo que estaba acontecendo ao lado da súa casa, porque a Televisión de Galiza prefería seguir poñendo xente bailando que conectar co centro de coordinación da principal catástrofe dos incendios. *(Aplausos.)*



Diciános hoxe o presidente da Xunta: ¿onde estaba vostede o 15 de agosto? Pois se é polo que poñían na tele, pouco preocupada pola catástrofe dos incendios que estaban asolagando ao longo e ancho todo o país, e especialmente a provincia de Ourense. Non lle informaban a ninguén da gravidade do que estaba acontecendo; tiñan que cambiar de canle se querían saber o que acontecía ao pé da súa casa. Pero temos memoria —iso non hai maioría absoluta que nolo saque— e algunhas das que estamos aquí aínda nos acordabamos como si se cambiaba a programación en directo para conectar co mitin propagandista en campaña electoral de Alberto Núñez Feijóo, firmando aquel contrato con Pemex (*Aplausos.*) que nos ía salvar a todos, a empezar polo naval galego, da ruína deste país. Iso si que era importante para cambiar as emisións, para cortar a emisión e a programación en directo; e había que conectar coa sede da Xunta de Galiza. A propaganda do PP si que ten cabida, si que ten carácter excepcional e de servizo público, non os incendios que asolagan —xa digo— a xente deste país; esa que siga vendo xente bailar pola súa tele —pola súa tele, que é deles, entre outras cousas, porque a pagan—. Iso si tiña informativos especiais na Televisión pública de Galiza.

Non mudaron a programación nesta catástrofe, nesta vaga de incendios, ata que xa era demasiado vergonzante ata para eles, ata para a Dirección da Radio e da Televisión públicas de Galiza, ata para vostedes, señorías do Partido Popular, non seguir falando do tema. Pero xa chegaban tarde, chegaban a rastro e chegaban mal, seguindo ao pé da letra, por suposto, o argumentario do Partido Popular, e facendo unha cobertura da catástrofe por teléfono, como se vivísemos nos anos noventa. Nunha televisión pública que sostemos todas e todos con máis de 100 millóns de euros ao ano, a subdirectora de Informativos non pode conectar por teléfono —non en videochamada, por teléfono, como se fosen os anos noventa— para dar conta da última hora dos incendios. Non se pode tratar a xente deste país coma se non pasasen máis de trinta anos por ela.

Pero, claro, claro, cando ti privatizas, cando ti externalizas tamén a programación dos servizos informativos, cando a subcontratas a produtoras privadas, supoñemos que non poden conectar co plató de San Marcos. Unha vergonza e un exemplo perfecto de como a privatización dos medios públicos só trae peor servizo para a cidadanía deste país. (*Aplausos.*)

Pero vostedes, señorías do Partido Popular, non queren uns medios de calidade ao servizo das galegas e dos galegos, senón unha ferramenta de axitación, un instrumento de propaganda ao seu servizo. Iso é, precisamente, o que denuncia esta iniciativa lexislativa popular, o que denuncian ducias de entidades e organizacións sociais e polo que cada día clama máis xente. Levamos anos vendo e padecendo como arrastran a Radio e a Televisión públicas deste país pola lama, como apagaron o servizo informativo pechando delegacións territoriais, como puxeron fin ás desconexións locais para exercer aínda un maior control sobre o que se fala, sobre o que se di, sobre como se di e sobre o que se silencia. ¡Mal de calquera cidade ou vila que non governe o Partido Popular! Aí hai de todo, e moi pouca vergonza.

Levamos anos vendo como se condena xudicialmente a CRTVG por perseguir traballadoras, atentando contra os seus dereitos fundamentais. (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento.*) Esta é a sentenza de Carlos Jiménez, que estaba ás portas deste Parlamento —non sei se puido entrar dentro del—. Levamos anos vendo, padecendo e sufrindo como mentían descaradamente, furtándolle á poboación dereitos fundamentais, por exemplo,



sobre o BNG, tendo que ser a xustiza —sentenza mediante— a que obrigase aos medios públicos deste país a dicir a verdade, ¡a verdade! (*Aplausos.*) Levamos anos vendo como os xefes de informativos fan columnas de opinión e mesas de debate nas que non hai nin unha soa voz discordante coa liña oficial do Partido Popular. Cada vez é máis difícil diferenciar os argumentarios do PP das escaletas dos telexornais. Non se informa de nada, de nada que non supoña unha crítica ao contrario ou de algo que supoña a máis mínima crítica ao PP na Xunta; nos incendios ou en calquera outra cousa. Este mesmo verán —sen movernos do pasado mes de agosto— botáronlle a culpa á xente por non ter cita no médico de cabeceira, dicíndonos que collemos vez e non nos presentamos, cando a realidade que viven ducias, milleiros de galegas e de galegos, é que ti vas ao centro de saúde e non hai quen te atenda... (*Aplausos.*) (*A deputada Olalla Rodil Fernández le un escrito.*) «A elevada falta de asistencia ás consultas médicas colapsa o sistema e impide o acceso dos pacientes». A fonte: o Partido Popular na Consellería de Sanidade.

No BNG apoiamos —e con isto remato— esta iniciativa lexislativa popular, primeiro, por saúde democrática, e polo firme convencemento de que os medios públicos son un dereito fundamental en calquera sistema democrático; e, sobre todo, desde o firme convencemento que temos desde o Bloque Nacionalista Galego de que hai que devolverlle o mando da Tele á xente deste país, porque a CRTVG é e debe ser de todas as galegas e de todos os galegos, por moita maioría absoluta que teña ningún partido neste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señora Navaza, representante da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular. Saúdo tamén o resto da comisión que nos acompaña hoxe na tribuna.

Moi bo día, señorías.

Permítanme comezar a miña intervención lembrando que a proposición de lei de iniciativa popular sobre a que hoxe debatemos chega a esta Cámara escasos meses despois do debate da aprobación da Lei de servizos dos medios públicos de Galicia para a sociedade dixital, á que decote nos referimos como «Lei de medios». Unha lei necesaria, longamente agardada e mesmo recorridamente demandada polos grupos da oposición, malia que, chegado o momento, fixeron o de sempre: dar as costas e dicir que non.

O que está claro, señorías, é que a proposición de lei que hoxe debatemos semella innecesaria, pero tamén inoportuna. Chega tarde e chega incompleta, agás que con ela se pretenda alongar e incrementar o ronsel argumentativo da oposición, que nesta Cámara nin está nin se lle espera á hora de achegar propostas viables que resulten de utilidade para a sociedade galega.



Todo o meu respecto, por suposto, para a comisión promotora que impulsa esta iniciativa no marco das amplas posibilidades de participación cidadá que a normativa autonómica contempla. Posibilidades, por certo, estendidas nunha reforma precisamente impulsada polo noso grupo, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia; grupo que, xa lles adianto, non vai apoiar a tramitación desta proposición polas razóns apuntadas.

É unha proposta —reitero— innecesaria, incompleta e inoportuna, na medida en que Galicia conta desde hai escasos meses —e está a aplicar— unha recentísima Lei de medios; unha lei que foi tramitada con transparencia e con participación e que se someteu á información pública para que se presentasen alegacións, boa parte delas incorporadas no seu día.

Non foi un decretazo dun día para outro, como fixeron no caso da reforma da CRTVE. Iso si que foi escuro, con premeditación e con aleivosía. Por certo, unha lei que permite a xestión directa, pero tamén a indirecta dos medios; polo tanto, permite a xestión externa.

Esta iniciativa lexislativa popular límitase a propor un sistema de elección e de nomeamento da Dirección Xeral e do Consello de Administración; por certo, cun modelo, para a dita elección, que non é máis eficaz, senón ao contrario: aí está o precedente do estrepitoso fracaso do intento de concurso público na CRTVE.

Permítanme que diga que esta é unha proposta que se acompaña dunha declaración de principios moi xenérica, sen concrecións e sen entrar en cuestións fundamentais, como é a da profunda transformación dixital que se está a producir nos medios de comunicación audiovisual.

A lei aprobada vai moito máis aló, deseñando unha plataforma de servizos multimedia no século XXI e dotándoa dun marco e das ferramentas necesarias, coa transformación e a innovación como piares para cumprir con máis eficacia e con máis garantías de futuro.

Vai todo o respecto —insisto— para a comisión promotora, malia que non coincidamos cos seus postulados; e respecto persoal tamén para os representantes do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego que me precederon no uso da palabra, mais non así para os seus argumentos inconsistentes, forzados e máis caducos que o populismo comunista que algún de vostedes defende aínda coa boca pequena.

Señorías da oposición, «consellos vendo que para min non teño». Moito criticar os medios públicos galegos, pero silencio cómplice fronte á clamorosa manipulación —insisto, clamorosa manipulación— que día si e día tamén perpetrar os directivos da RTVE —Tele Sánchez ou Aló Sánchez—; corporación que vostedes coñecen moi ben. ¿Como habería que chamarlle á vista dos seus contidos?, ¿o que acabo de dicir: Tele Sánchez?

Recoméndolles, señorías, que sigan a diario os medios públicos galegos. Eu creo que non o fan. Digo que lles recomendo que os sigan todos os días, ¡eh!, non nun día nin nunha franxa horaria concreta.

Miren, vostedes sempre fan o mesmo: caen na falacia de confundir a parte co todo. Vostedes son tan malintencionadamente simplistas que buscan unha franxa horaria determi-



nada dun día determinado, a que menos lles gusta, para extrapolar e tentar converter a excepción en norma.

Equivócanse, señorías, porque a Radio Galega e a Televisión de Galicia efectuaron unha cobertura informativa excepcional este verán. Ao mellor, é que vostedes estaban máis interesados en manipular que en seguir os nosos medios minuto a minuto. Unha cobertura rigorosa, obxectiva e extensa grazas a uns profesionais de primeira. Traballadores e traballadoras aos que aproveito para felicitar e para amosarlles a nosa total solidariedade. (*Aplausos.*)

Agradecemos os seus esforzos para ter informada a cidadanía galega con profesionalidade, con rigor e con seriedade, unha vez máis. Lamentablemente, unha vez máis, tamén foron obxecto de difamacións por parte dos de sempre: os que pretenden intimidar os xornalistas cunha constante presión co obxectivo de amordazalos, como está a facer o Goberno de España.

Miren, os que fixeron iso que vostedes denuncian, os que menten, enganan e fan montaxes interesadas son os medios que dirixen vostedes, señorías. O pasado 13 de agosto (*A deputada Carmen María Pomar Tojo mostra unha fotografía.*) Televisión Española acusaba o presidente da Xunta de estar de vacacións no peor da vaga de incendios. Isto era mentira e manipulación: fotos manipuladas, tempos manipulados, (*Aplausos.*) lugares manipulados. ¡Isto é manipulación!

¡Moi curioso!, moi curioso, porque mentres vostedes, señorías da oposición e da propia promoción da ILP sobre a que hoxe debatemos, piden non ceder os servizos informativos a terceiros, RTVE fai xusto o contrario: externaliza máis ca nunca, señorías, ¡máis ca nunca! E, por riba, aproveita esta externalización para difundir bulos á máxima potencia, como fixeron neses recentes incendios. Mentira e manipulación —insisto—, señorías, porque o presidente da Xunta estivo e está sempre, dende o primeiro momento, a pé do terreo. Así nolo acaba de demostrar na comparecencia nesta Cámara con claridade, con transparencia e con contundencia.

Non poden argumentar descoñecemento porque as convocatorias, as previsións informativas da Xunta de Galicia chegan a todos os medios, señorías, ¡a todos os medios!, e, por suposto, tamén a RTVE. Pero, claro, a realidade desmentía o relato de Moncloa. E, xa se sabe, en RTVE priman os bulos de Moncloa sobre a información veraz e a realidade.

Dende o Grupo Popular insistimos no respecto e no agradecemento á proposta da comisión promotora, pero, como avancei, non imos apoiar a súa tramitación.

Miren, a iniciativa lexislativa popular titúlase: «Por unha CRTVG ao servizo do pobo». Pois ben, isto xa se está a facer dende hai tempo. Nós entendemos como pobo a maioría da cidadanía galega. Ao mellor, a falacia é confundir, unha vez máis, unha pequena parte coa maioría ou co todo. E a CSAG, coa lei en vigor —tamén coa anterior, no caso da CRTVG—, xa está ao servizo do pobo, incidindo na defensa da nosa identidade, no enriquecemento e na diversidade da nosa sociedade. Piden dende os grupos da oposición «liberar a Galega». Pois a lei garante a autonomía e a independencia funcional da CSAG, que non recibe ningún tipo de indicación. O que hai é que liberala e liberar os traballadores e traballadoras dos bulos, das presións e das campañas intimidatorias dos partidos da oposición; dos seus partidos, señorías.



Insisto —e remato, presidente—, Galicia conta xa cunha Lei de medios que responde plenamente ás necesidades deste momento; unha Lei de medios que axustou o noso marco normativo á lexislación europea e española na materia; unha lei que habilita as fórmulas necesarias para que os medios públicos galegos afronten con éxito retos como a transición dixital ou a mudanza nos patróns de consumo; unha lei que apostou polo diálogo e o consenso, incorporando alegacións e suxestións de procedencias diversas; unha lei que acentúa a pluralidade e busca o consenso; unha lei que recoñece e apoia o conxunto do sector audiovisual de Galicia, potente e talentoso, e que pode e debe ir a máis; unha lei que blinda a misión de servizo público da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, pero tamén blinda a súa principal razón de ser: promover, difundir e impulsar a lingua galega para dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia, dentro e fóra das nosas fronteiras —engado—, aproveitando as posibilidades que nos ofrece a tecnoloxía. Unha lei, en suma, ao servizo dos intereses de Galicia e das galegas e dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de réplica da persoa designada pola comisión promotora, señora Navaza.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Escoiten unha cousa: o que é previsible nesta Cámara case nunca é o correcto. E hoxe, neste Parlamento galego, coa súa maioría absoluta —que van como buldóceres—, os medios públicos deste país e a cidadanía perde outro tren para democratizar de vez os medios públicos de comunicación.

Hai un estudo imparcial no Estado español que di que as únicas televisións autonómicas que cumpren os mínimos de pluralidade e veracidade son a vasca e a catalá. O resto, nulas, e a galega na cola. (*Aplausos.*)

Cando os votos do PP tomben, como anunciaron, esta iniciativa lexislativa popular, a emerxencia que a Radio-Televisión Pública Galega atravesará aínda empeorará. Incrementarán así a xa innegable desafección da audiencia, que continuará a migrar cara a outras propostas, guindándose pola borda non só cartos públicos, senón tamén mandatos e oportunidades de incidir na imaxe exterior deste país e na súa vertebración interior.

Esta estafa, esta fraude, esta grave anomalía pasará e está pasando factura. A democracia non é plena se os medios públicos non atenden a misión que se lles encomendou. Porque a representación simbólica que son os contidos que desde ese necesario altofalante de medios públicos deben difundirse, que son aqueles destinados a garantir a cultura, a lingua, o pluralismo, a cohesión social e territorial, a independencia e a veracidade da información, eses valores, eses contidos, afectan a maneira de escoitar, de ver, de experimentar o mundo que vivimos. Requiren, logo, da participación e do control social, requiren un papel activo e viviente da cidadanía.

Na súa posición negacionista de tantas realidades implacables, a maioría desta Cámara vén de negar unha vez máis que exista unha emerxencia nos medios públicos, e van nunha es-



pecie de abstracción infantil disfrazando todo o que se lles pon por diante. Xa non se pode agochar por máis tempo unha radiotelevisión que se di pública e que non o é.

Confésolles que despois de tantos anos de traxectoria profesional iniciada a finais do 1965 —traballei co franquismo, coa transición e, por fin, coa democracia—, estar hoxe aquí, tras a confianza depositada, é unha das maiores honras da miña vida. Pero teño un sabor agri-doce, porque tamén sinto moita lástima. Teño a desagradable impresión de que nos queren meter de novo na cova do Rei Cintolo, que nos queren levar a aqueles tempos escuros, a aquela «longa noite de pedra». Vostedes saben moito deses ministerios de propaganda, pero lembren como acabou ese ministerio no nazismo.

Remato cunha frase do admirado director Oliver Laxe: «Vivimos un olor a solpor que se xunta coas ganas de que xurda un mundo novo».

Deputadas e deputados, nese mundo, agardo que os medios públicos de Galiza brillen coa luz intensa da verdade e da dignidade.

Señores do Goberno, deputadas e deputados do Partido Popular, non nos gusta a froita que nos queren vender. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Teresa Navaza González): Grazas, presidente. *(Aplausos prolongados.)*

Votación dos textos lexislativos

O PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: ¡Por favor! *(Prodúcense manifestacións desde a tribuna de convidados e convidadas.)* Por favor, servizos da Cámara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, servizos da Cámara, rógolles, por favor. *(Prodúcense manifestacións desde a tribuna de convidados e convidadas.)* Estamos votando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Pausa.)*

O PRESIDENTE: Son vostedes invitados do Parlamento como comisión promotora, e eu pré-golles, por favor, que nos deixen facer a votación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non sei se votamos xa... *(Murmurios.)* Si, que dea o resultado eu, porque iso é o que vale.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, por unha CRTVG ao servizo do pobo.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, co punto cuarto: mocións. (*Murmurios.*)
(*Pausa.*)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras

O PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o punto 1 da parte resolutiva polo seguinte contido:

«Exixirlle ao Goberno do Estado a axilización dos trámites para a construción da subestación da Maciñeira, así como da convocatoria do nodo de transición xusta na zona de As Pontes, co mesmo procedemento empregado para adxudicar o acceso ao nó da CT de Meirama, que suma ata 408 MW de capacidade e prioriza os proxectos que minimicen afección ambiental e maximicen os beneficios socioeconómicos locais na comarca do Eume.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Rubén Lorenzo Gómez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Esixirlle ao Goberno de España as actuacións necesarias para asegurar o mantemento dos 1.400MW de evacuación da CT de carbón das Pontes no nó de transición xusta do concello das Pontes e os 560 MW no nó de transición xusta de Meirama 220 kV, e a convocatoria inmediata e urxente do Concurso de transición xusta dos nós do concello das Pontes e a súa rápida resolución, así como a do nó de Meirama, de tal xeito que se dea resposta ás necesidades dos proxectos industriais e enerxéticos na zona e asegure a continuidade no traballo.



2º.- *Seguir discriminando positivamente a repartición dos fondos de transición xusta sobre os concellos incluídos nas dúas zonas de transición xusta do país.»*)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

«O vello mundo morre, o novo tarda en aparecer e, neste claroscuro, xorden os monstros». Esta cita de Antonio Gramsci ten hoxe máis vixencia que nunca, porque eses monstros, compañeiras e compañeiros, están aquí entre nós, están neste Parlamento. Eses monstros son capaces de cualificar como «femia alfa» a portavoz do principal partido da oposición, ou como «hienas» os seus deputados e deputadas. (*Aplausos.*) ¡Non se pode caer máis baixo! Ben, imos ao lío. (*Aplausos.*)

Traemos hoxe un debate sobre unha comarca concreta, sobre un concello concreto, o concello das Pontes, e sobre milleiros de persoas que están a ver como o seu futuro se esvae, sen que ninguén dende o Goberno galego poña un plan enriba da mesa, sen que ninguén dende a Consellería de Industria e dende a Consellería de Emprego fagan nada máis que mover un folio.

Non é unha esaxeración cualificar toda a comarca, toda a zona de transición xusta das Pontes, como un páramo industrial; non é un recurso dialéctico. Nesa interpelación que deu lugar a esta moción, amosáballes á conselleira Lorenzana unha gráfica onde se vía claramente o descenso de cotizantes á Seguridade Social no concello dende que se decretou o peche da central térmica. Ese descenso de cotizantes avanza a razón de 50 persoas por mes.

Nesa interpelación —na interpelación do pasado 8 de xullo—, puxen como exemplo de como van as cousas en canto ao emprego industrial na comarca das Pontes o caso da empresa Einsa Print. Esta empresa presentou un novo ERE, quince meses despois de executar un ERE anterior no que despediron 113 persoas e co que comezaba o desmantelamento da que foi a segunda empresa en número de empregos de todo o concello das Pontes. Pero ese desmantelamento continúa hoxe. No pasado oito de agosto, 79 traballadoras e traballadores quedaron sen emprego, e os 21 empregos restantes teñen data de caducidade en marzo de 2026. Estamos a falar dunha empresa que naceu ao abeiro do Plan Miner e que vinte anos despois desaparece, pecha as súas portas e deixa na rúa máis de 100 familias sen alternativa, sen acompañamento, sen futuro. Este é un retrato cruel do que significa a mal chamada transición xusta nas Pontes: menos emprego, menos industria e menos oportunidades. E, ¿que fai a Xunta? Nada. Nin plan, nin ambición, nin liderado.

A conselleira Lorenzana insiste en ampararse nos bos datos industriais de Galiza e en dicir que eses datos son grazas á estabilidade dun Goberno sólido, pero a realidade nas Pontes é outra: paro, peches e mocidade que marcha da localidade por falta de oportunidades laborais. Un goberno serio capitanearía este proceso, porque hai que lembrarlles, cada vez que temos a oportunidade, señorías do Partido Popular, que están vostedes gobernando este país. Un



gobierno serio convocaría os actores implicados e lideraría un plan de industria para a comarca, ao igual que se fixo nese Plan Miner que acabo de citar. De feito, a señora conselleira poñía en valor o papel que tivo a Xunta nese plan —plan do ano 1997— e nos resultados que ese plan tivo. E nós estamos totalmente de acordo e queremos que ese plan se traia aos días de hoxe. Un plan ben estruturado, con boa análise da situación socioeconómica actual, con dotación orzamentaria, con investimentos claros e con execucións en infraestruturas. Pero, pola contra, a Xunta limitábase a ser un portelo burocrático: tramitar papeis, sacar notas de prensa e botarlle a culpa ao Estado. E non imos ser nós quen lle saque esa parte de culpa, que tamén a ten.

Pero as responsabilidades non quedan só na inacción na que está instalada o Goberno da Xunta. Tamén existe unha clara irresponsabilidade en, por exemplo, o xeito de tramitar os fondos de transición xusta; fondos que teñen que servir para compensar as zonas máis afectadas, as zonas de transición xusta do país —as dúas—, mais que a Xunta reparte coma se fosen fondos ordinarios, sen dar prioridade a estas zonas, sen recoñecer que quen máis perde é quen máis precisa para recuperarse. Así non hai transición e así non hai xustiza.

E non remata aquí o desleixo que a Xunta de Galicia ten coa zona das Pontes. Se os fondos para a reindustrialización son vitais, a auga non é menos importante. Á marxe de ser un recurso indispensable para a vida do noso planeta —cosa que todos xa sabemos—, a auga tamén é un recurso indispensable para a transición enerxética, tanto para a industria tradicional como para os novos proxectos de xeración de hidróxeno verde, de amoníaco verde, ou mesmo como vector enerxético para o almacenamento nas centrais do bombeo. Así é recoñecido polo Real decreto lei 17/2019, que modifica a Lei de augas introducindo o concepto de «concesións de auga para a transición xusta», que non é máis que que, naqueles lugares onde peche unha central de produción térmica que estea utilizando auga e que teña unha concesión, se saque esa concesión a concurso para que os diversos proxectos poidan acudir a el, ponderando criterios económicos, sociais e ambientais, e incluso reservando unha parte para consumo humano.

Baseándose nese texto —un texto que está en vigor dende finais do 2019—, o documento, caracterización e diagnóstico do Convenio de transición xusta, elaborado polo Instituto de Transición Xusta, recoñece como clave o mantemento do acceso ao recurso hídrico, e fala de como é unha oportunidade para toda a zona de transición xusta das Pontes ter un recurso como a auga do río Eume. De feito, a central térmica de Endesa tiña concedida a nada desprezable cifra de 2.560 litros/segundo. E, no canto de aproveitar ese caudal para xestionalo como un concurso de transición, a Xunta preferiu regularizar a concesión do ciclo combinado que Endesa ten na localidade, asignándolle 350 litros/segundo, e o resto desaparece de xeito case parecido ao nó de transición. Falo de regularizar o consumo de auga da central de ciclo combinado de Endesa porque esa central, que leva funcionando dende o ano 2008, non tiña concedido un uso privativo da auga. Unha mostra máis de que é preferible contentar Endesa, de que é preferible traballar coa oligopolio eléctrico, antes que traballar polo futuro das Pontes e da súa comarca.

Pero a auga segue facendo falta e os proxectos que máis avanza na súa tramitación contan con autorización. ¿Onde está esa autorización? Non está no río Eume, onde quedan litros



vacantes, senón que está no lago das Pontes. Unha concesión condicionada, unha concesión restrinxida, para manter ese propio recurso hídrico, para manter o equilibrio ecolóxico do lago. É dicir, sacamos as concesións do río onde abunda a auga e levámolas ao lago, onde é escasa. ¡Vaia exemplo de xestión chapuceira, señorías! ¡Vaia exemplo!

E chegamos ao mes de agosto e a gran bandeira que saca a Xunta para paliar todo isto chámase Biofibras de Galicia; un proxecto declarado estratéxico, que acadou a declaración de impacto ambiental o 21 de maio, e 60 días despois, en tempo récord, a declaración de avaliación ambiental integrada. Unha tramitación *express* —como dicía— para un proxecto que pretende ser o gran revulsivo para a situación actual do emprego na comarca. Un gran proxecto que levou moitos titulares de prensa e moitas fotografías, non só dos titulares da Xunta de Galicia, senón tamén do alcalde da vila. Pero non confundamos a xente. Non se trata dun gran proxecto nin se trata dunha nova gran industria; é basicamente unha planta de reciclaxe de cartón. Unha planta de reciclaxe de cartón non substitúe a perda de emprego nin de Einsa nin da central térmica, e non pode ser a coartada para dicir que xa temos un futuro nas Pontes. E, sobre todo...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...—remato, señora presidenta— porque a súa construción vaise ir máis aló do 2027. Isto está recoñecido no propio documento de avaliación integral, porque os terreos que Endesa lle vendeu a Ence para localizar esta factoría son os antigos terreos do parque de carbóns de Saá; terreos que, previa calquera actuación que se faga neles, teñen que sufrir cunha descontaminación.

Podería seguir con moito máis desleixo, podería seguir con moita máis desa afección que a Xunta ten coa situación industrial que está sufrindo As Pontes e toda a súa comarca, pero, como se me esgota o tempo, non me queda máis que dicirlles que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...cada día que pasa perdemos unha oportunidade, e a comarca das Pontes e todo Ferrolterra non pide privilexios, señorías; pide xustiza e futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Este verán, Galicia ardeu. Ardeu porque o Goberno do PP non fixo prevención, non executou os fondos europeos e non resolveu en tempo e forma as subvencións para corta-



lumes nin infraestruturas básicas. Mentres o país ardía, había medios propios sen utilizar, e, ao tempo, pedíanlle ao Goberno do Estado e ao Exército medios aéreos que nin sequera había dispoñibles en Europa. ¿Por que? A resposta é sinxela, señorías: Feijóo, mandou, Rueda obedeceu e Galicia perdeu. Non perdeu pedras e matogueiras; perdeu máis de 120.000 hectáreas do seu corazón verde, que tardará moito tempo en recuperarse. E, no medio desta devastación, a conselleira de Medio Ambiente fala de refuxio climático, e a lameira do PP, ben activada, como vimos hoxe neste Parlamento. Ese secretario xeral do PP, que creo que é do mesmo partido que o Partido Popular de Galicia, fala de cavar fosas comúns ao Goberno, faltando ao respecto ás vítimas da represión da ditadura que foron asasinadas, señorías, ¡foron asasinadas! (Aplausos.) E o señor Feijóo —ese moderado que ía para Madrid— bailando arrítmico, berrando no seu aniversario: *me gusta la fruta*. Unha mágoa, señorías, ter que ser testemuña —xa llelo digo aos meus fillos— desta política raquítica, sen ética. Sobre todo, porque amosa moi ben a escala de valores e prioridades do PP. Mentres —temos a sorte e o orgullo de estar no lado bo da historia—, o presidente do Goberno pon en marcha medidas efectivas contra o xe-no-ci-dio, señorías, en maiúsculas e con todas as letras. Xulguen vostedes, señorías da bancada do PP, quen son os pirómanos aquí.

Pero imos xa á moción que nos ocupa, a do BNG sobre os proxectos industriais nas Pontes. Todo o noso apoio tamén para os traballadores afectados de Einsa Print. É evidente que o Goberno galego está mirando para outro lado, coma sempre; política de brazos caídos.

Pero tamén teño que dicir e falar, señor Golpe, da incoherencia do BNG. Non se pode dicir unha cousa pola mañá e facer a contraria pola tarde. Un día reclaman proxectos industriais para as Pontes tras o peche da térmica e, ao seguinte, perden credibilidade e coherencia por propoñer declarar ben de interese cultural —como se debateu na Comisión 6ª— non só a cheminea das Pontes, senón tamén unha gran parte do solo industrial da antiga central, o cal evidentemente vai afectar o asentamento de industrias na zona de Ferrolterra e Ortegá. Un día queren industria verde pero, ao día seguinte, están detrás da pancarta solicitando a paralización dos parques eólicos necesarios para abastecer estes proxectos industriais.

E, ademais, votan co PP no Congreso contra o decreto antiapagamentos, que —como sabe, señor Golpe— favorecería o autoconsumo e o almacenamento enerxético e daba oxíxeno aos parques eólicos suspendidos en Galicia pola irresponsabilidade do Goberno do PP, para poder chegar así a alcanzar os fitos e poderse conectar á rede eléctrica.

A pregunta é sinxela, señor Golpe: ¿a que Bloque hai que crer? ¿Ao que pide proxectos nas Pontes ou ao que pide a paralización das medidas que fan eses proxectos industriais posibles?

Mentres vostedes xogan á contradición, o Goberno galego evidentemente segue a facer boicot por sistema ao Goberno do Estado e a practicar unha política de inacción, de brazos caídos. Os fondos de transición xusta, durmindo o sono dos xustos, sen executar. Chegaron, do 2021, 111 millóns de fondos de transición xusta para reactivar estas comarcas tras o peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama, e a Xunta mobilizou —subvencións concedidas e executadas no 2025— cero euros dos 111 millóns de euros.



Sáíron as convocatorias tarde, mal e arrastro. No 2024, suspensión; no 2025, acelerado, pero non favorecendo e valorando realmente os concellos das zonas afectadas polo peche das centrais: cinco puntos non é ponderar máis nunha convocatoria de subvencións públicas. Iso si, nese mesmo momento en que se firmaba o convenio do 2021 co Fondo de Transición Xusta para recibir eses 111 millóns, tiñamos ao señor Conde, daquela conselleiro de Economía e Industria e presidente de Impulsa —esa sociedade estrela que ía mover proxectos tractores industriais en Galicia—, firmando un pacto secreto, un memorando secreto cos promotores de Altri. Esa sociedade Impulsa —non sei se o sabedes— pechou, disolveuse, con nocturnidade e aleivosía, en pleno mes de agosto. ¿Que amosa? Un fracaso estrepitoso da política industrial da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) As socialistas exiximos sempre transparencia, e, ¿a Xunta que fixo? Pois nada, dicía que era unha sociedade privada, que non tiña nada que dicir. Iso si, o presidente era o conselleiro de Economía e Industria. E o Consello de Contas dixo que había que controlar esa sociedade Impulsa. ¿Por que? Porque, de facto, hai un control material público do Goberno galego.

Mentres, o Goberno de España, en Meirama, concedeu xa a través do Instituto de Transición Xusta, que é un organismo autónomo do Estado, máis de 34 millóns de euros en subvencións. Desbloqueou o Concurso do nó de transición xusta con 408 megavatios postos á disposición. En as Pontes, concedéronse 87,5 millóns en proxectos industriais e proxectos tamén para o concello. En total, 120 millóns de euros concedidos que mobilizarán máis de 534 millóns de euros de investimento. A comparación é brutal. Supoño, señor Golpe, que mo recoñecerá, porque creo que dispón da ficha. Goberno de España: fondos mobilizados, proxectos industriais subvencionados. Mentres, a Xunta do PP: pósters, propaganda e axudas do Fondo de Transición, mal e arrastro.

Emendamos o punto 1 da moción do BNG, como saberá, porque é maximalista e incoherente. Explícome. É maximalista porque sabe que a capacidade de megavatios que se saque no concurso do futuro nó non depende do Goberno de España. Sábeo ben como técnico, sábeo ben. Tense que informar por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e tamén ten que informar Rede Eléctrica da saturación da rede. Por tanto, non depende do Goberno de España. Si que hai un compromiso, como sabe, que é a construción da subestación da Maciñeira, que, xa declarada como nó de concurso de transición xusta, tiña en torno a 800 megavatios de capacidade liberados. É incoherente porque vostedes no Congreso pediron 700 megavatios e agora piden 1.400. Evidentemente, súmanse así tamén á propaganda e á confrontación do Goberno galego do PP. Fraco favor faise.

E nós, as socialistas, non vimos só criticar; vimos tamén propoñer, facer oposición útil. O PSdeG ofrece ese pacto de industria e enerxía necesario para o país. É imprescindible.

É preciso a posta en marcha de medidas de planificación preventiva ante o cambio climático, é unha evidencia; a mobilización dos fondos de transición xusta para crear industria verde e emprego nas zonas afectadas polo peche das centrais térmicas; o fomento de industrias sostíbeis, verdes e con valor engadido, e non macroproxectos depredadores como Altri, e transparencia absoluta, fin dos pactos secretos, democracia participativa e control público das decisións políticas.

Dígollo xa sen rodeos e remato: o PP paraliza Galicia e véndea aos intereses privados. O BNG hoxe vai co vento e mañá vai coa marea. O PSdeG é a única forza con coherencia, criterio e compromiso real co país.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas.

Ben, a verdade é que quedou aquí un ambiente de coherencia bastante frouxiño despois de intervir o señor Golpe, do coherente BNG, e tamén a señora Iglesias, á que eu non me farto de dicirlle: vostede é socialista, e que un socialista hoxe diga que é coherente... Creo que xa ninguén neste país lle cre na coherencia do Partido Socialista de Galicia. (*Aplausos.*)

Eu quería facer un inciso, porque, ata onde eu escoitei —e hoxe estiveron toda a mañá no meu escano—, aquí non se lle chamou «hienas» a ninguén, ¡eh! (*Murmurios.*) Aquí non se lle chamou «hienas» a ninguén. Alá cadaquén se se sente aludido. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero imos á iniciativa. Con todo o respecto, señor Golpe —respecto que sabe que lle teño—, a vostede nesta lexislatura estalle tocando o rol de director de maquillaxe do seu grupo parlamentario.

Presentan unha moción hoxe aquí —leo— «para a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras». ¿E o resto de Galicia? ¿Ou é que o BNG só quere industria na zona das Pontes? Porque vostede ten unha teima coa zona das Pontes, pero iso débello explicar á xente. Porque vostede, cando vén aquí, fala como portavoz de industria do BNG no Parlamento de Galicia. Eu creo que non é xusto, pero o que non é xusto tampouco é o seu plantexamento, nin é xusta a súa incoherencia.

O que está claro é que os proxectos industriais que chegan a Galicia non o fan —están chegando, están chamando ás portas— polo ben que os reciben vostedes os do BNG, teranmo que recoñecer. Nin vostedes nin as súas plataforma satelitais, que si se empregan a fondo para poñer trabas á reindustrialización de Galicia; reindustrialización que chega e industrias que chegan, e que a vostedes lles dá igual se son máis ou menos sostibles. Vostedes son os do «non» polo «non», e iso, señor Golpe, convérteo a vostede no director de maquillaxe—como xa lle dicía— do seu grupo parlamentario. Porque ver aquí hoxe, unha vez máis, un deputado do BNG defendendo a industria en Galicia, sinceramente non lle ten crédito ningún, en absoluto. E, ¿por que non o ten? Porque vostedes só buscan desgastar, co que sexa, un Goberno elixido pola maioría dos galegos. É algo que vostedes aínda non asumiron: o Partido Popular de Galicia sacou a maioría absoluta nesta Cámara.

Obvian que o responsable desta situación de bloqueo na zona de transición xusta, por moitos motivos, está a ser o Goberno central —e vostede sábeo—, que leva anos agravando Galicia. Agravou Galicia cunha transición abrupta, co peche das centrais térmicas sen unha soa alternativa, e faino hoxe negándonos as conexións á rede que os proxectos están a demandar. Por non falar da asignatura pendente que ten co Estatuto de electointensivas. Alcoa e as



empresas electrointensivas de Galicia seguen á espera, señorías, e os seus traballadores tamén; os seus traballadores dos que tanto se lles enche a boca de falar.

Pero Sánchez e os socialistas —vostede tamén señora Iglesias— veñen a Galicia, cando aínda ardía virulentamente, falar do cambio climático. E vostedes, señores do BNG, seguen apoiando sen fisuras este Goberno, que castiga constantemente os galegos e as galegas. Sigan así, porque nós estamos encantados.

En canto ao punto número 1, que nós emendamos, no que respecta ás necesidades enerxéticas, nós queremos sinalar que os nós de evacuación de enerxía xerada nas centrais térmicas de carbón reserváronse como nós de transición xusta. Na práctica, o que supón isto é que as solicitudes de acceso para evacuar enerxía non se conceden polo procedemento habitual, senón que se reservan si ou si mediante concurso. Pero de nada nos vale que as Pontes, efectivamente, sexa unha zona que ten potencia; de nada vale se non saen os concursos.

Primeiro había 1.400 megavatios que quedaron liberados cando desapareceu a central, pero a sorpresa vén cando só sacan 945, perdendo 450 megavatios nas Pontes. Son megavatios esenciais para proxectos que están chegando e que non teñen potencia suficiente co que agora mesmo temos nas Pontes. Tras o peche de ambas centrais sen alternativa —repito—, era de esperar que esa capacidade quedase reservada para eses concursos de transición xusta; concursos onde se poxa por esa capacidade de evacuación de enerxía a cambio de compromisos sociais e económicos dos promotores, procurando e contribuíndo á reconversión e reindustrialización das comarcas afectadas polo peche das centrais. E digo das centrais, en plural, porque vostede na súa iniciativa se olvida de Meirama, señoría, e consideramos que cómpre facer unha demanda conxunta das dúas zonas de transición xusta. Non obstante, en Galicia, tras o peche das centrais, a capacidade dispoñible de evacuación en Meirama foi de 408 megavatios, mentres que nas Pontes foi de cero; é dicir, 150 megavatios menos en Meirama e 1.400 menos en As Pontes. Todo un exemplo de dilixencia e coherencia, señora Iglesias, co seu discurso. O xeito de arranxar este problema foi incluír unha nova subestación de 450 quilovatios nas Pontes, denominada Maciñeira, pero que, segundo os datos de Rede Eléctrica, ten unha capacidade de evacuación de 945 megavatios; é dicir, unha perda de máis de 450 megavatios con respecto ao que debería ter. E isto é o que nos trae hoxe a señora Iglesias como emenda ao seu punto: tragar e aceptar que non van vir os megavatios que nos quitaron despois de pechar as centrais dun xeito abrupto sen ningunha alternativa. Ese é o compromiso dos socialistas con Galicia. *(Aplausos.)*

Non imos aceptar perder máis de 600 megavatios neste proceso, e vostede non debería aceptar esa emenda, permítame que llo aconselle. Non sabemos que foi deses 600 megavatios, pero o que si sabemos, señorías, é que isto vai diminuír o atractivo desas zonas para que veñan novos proxectos á zona das Pontes.

Nós propoñemos unha nova redacción do seu punto —como lle digo— para incluír tamén a referencia ao nó de Meirama, no cal tamén se perderon 150 megavatios, e exixir a rápida resolución dos concursos. Porque, por exemplo, no de Meirama, hai máis de cinco meses que se pechou o prazo de solicitude, e non houbo ningún avance en absoluto.



En canto ao punto 2, queda claro que vostedes non concordan coa aposta da Consellería de Industria pola política industrial baseada nese binomio enerxía-industria. E así o demostran, porque na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, aprobada a finais do ano pasado, vostedes, tanto socialistas como nacionalistas, votaron en contra. Pero, ademais, no caso concreto das Pontes, que vostedes piden na súa iniciativa, contamos xa cunha mesa de reactivación para o impulso da actividade económica das Pontes, para avanzar na reindustrialización da zona.

En canto á Einsa Print, dígolle moi rapidamente. Vostede acusou de que non se reuniu o Goberno galego cos actores implicados. Pois o 11 de xullo, reunión en Ferrol coa representación dos traballadores e traballadoras; 16 de xullo, en Santiago de Compostela, reunión coa representación da empresa; 21 de xullo, de novo reunión coa representación dos traballadores e traballadoras...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...e máis encontros que teño aquí documentados, e vostedes deberían sabelo.

En canto á concesión da auga, a concesión segue vixente. É certo que hai un descenso importante nesa demanda, pasando deses 2.500 que apuntaba vostede a 350, pero seguen dispoñibles máis de 2.200 litros por segundo de auga para novos usos na localidade.

Non me dá tempo, pero si que hai unha discriminación positiva, en contra do que se dixo aquí, nos concursos para esas zonas de transición. Creo —xa remato, presidenta— que intentei deixar o máis claro posible a nosa posición en canto á súa moción. Xa na interpelación do mes de xullo da conselleira quedou claro, como o que lles acabo de expoñer eu agora. Pero non se pode, señorías do BNG, defender o emprego industrial e, ao mesmo tempo, ir en contra de calquera proxecto industrial que se presente.

Señor Golpe —insisto—, man tendida, xa o sabe. Queremos chegar a un acordo e poder apoiar, se non toda, parte da súa moción, e vostedes van decidir se o que queren é seguir sendo obstáculo ou sumar para mellorar a vida dos galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do grupo Mixto. O señor Ojea renuncia á súa quenda de intervención.

Quenda de peche do autor da moción. Ten novamente a palabra o señor Acuña.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Pídolle benevolencia co tempo porque non sei se me dará tempo a rebater tanta falacia.



Vou empezar polo señor Lorenzo, sobre a súa emenda. Non podemos aceptar o punto 2, por cuestións obvias, porque vostede fala de seguir xestionando os fondos de transición xusta como o están facendo e, precisamente, nós estamos pedindo o contrario: que se cambie o método, e moito máis cando hai tres concellos que os demandaron na xustiza. Por tanto, non podemos admitir o punto 2. Si que admitimos o punto 1 como substitución do noso punto 1; ese é o acordo ao que podemos chegar.

E, agora, imos coa señoría do Partido Socialista. Señora Iglesias, por un momento pensei que me chamaba «marxista incoherente». (*O deputado José Manuel Golpe Acuña ri.*) Menos mal que non era iso. Eu non sei que entende vostede por coherencia, non o sei. A nosa proposta de manter parte do complexo fabril que agora mesmo existe na antiga central térmica das Pontes, incluída a cheminea, está ben fundamentada. Se vostede leu algunha das miñas intervencións na Comisión 6ª, se as repasou, poderá ver todo o que xustifica que teñamos que agarrarnos a un patrimonio industrial e o que xustifica que lle pidamos á eléctrica que siga coa súa responsabilidade, que non fuxa. Acabouse o carbón pero non se acabaron as responsabilidades.

Cando vostedes poñen como escusa que hai que tiralo todo para crear un polígono industrial, eu voulle facer unha pregunta: ¿que levan facendo dende o ano 2007 —dezanove anos van aló— no Concello das Pontes? Nin un só metro cadrado de chan industrial creado, nin un só metro cadrado, nin un polígono. (*Aplausos.*) Pero, ¿que fixeron? É máis, sigo cos terreos. Ímonos poñer no caso de que se tira todo, como vostedes piden. Tiramos a cheminea, o segundo edificio máis alto de toda Europa, con 256 metros de altitude; tiramos as caldeiras, tiramos as disipadoras. Queda aquilo nun ermo, nun polígono, que é o que vostedes queren facer: un polígono. ¿De quen son os terreos? ¿Son seus? ¿Son do Concello? Estes terreos son de Endesa Generación S. A. Son terreos privados; non é chan público que poidamos dotar mañá ou que poidamos cualificar como chan industrial. ¡Non señor, iso non se pode facer! Pero repítolledo: ¿que fixeron en dezanove anos no Concello das Pontes, máis que festas? Temos unhas eleccións municipais ás portas, e eu auguro un cambio nas Pontes; sinceramente, non vai tardar en verse.

Eu entendo que é un papelón, votar unha moción como a que nós traemos hoxe aquí. É un papelón porque a responsabilidade de que non haxa 1.400 megavatios da evacuación agora mesmo é do Ministerio para a Transición; non son causas técnicas. Ninguén o entende, porque en ningún dos outros nós se produciu o fenómeno que se produce nas Pontes, que é que desapareza a enerxía, que desapareza esa autoestrada de evacuación *de golpe y porrazo*. Ninguén o entende.

Voulle dar unha pincelada dunha cousa que pasou hai uns meses. A antiga directora do Instituto de Transición Xusta, nun acto no concello das Pontes, ante a insistencia do principal sindicato das Pontes —a Confederación Intersindical Galega—, que demandaba accións claras e un plan industrial, dicíalles: *pero, ¿de que os quejáis?* En ton burlesco. *¿De que os quejáis? Si os llueven los proyectos.* Meses máis tarde, esa señora cesou no seu cargo. Nós pensabamos que era un castigo, pero esa señora agora é directora de gabinete do Ministerio para a Transición Ecolóxica; é dicir, que, aínda por riba, mexan por nós e temos que dicir que chove. Para lucirse, señora Iglesias, para lucirse.



Non podemos aceptar a súa emenda, como é lóxico, porque desvirtúa totalmente o que está pasando. Son vostedes alleos, uns e outros, á realidade industrial, á realidade do emprego e á realidade social, non só no concello das Pontes, senón en toda a zona da transición xusta. O único que lles pido é compromiso; compromiso e sentidiño, como piden outros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado este debate —despois se aclararán sobre as emendas e os acordos—, suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16.30 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás tres e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.

O PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero

O PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 6, que terá o seguinte contido:

<<6. Incrementar o orzamento destinado á prevención da violencia de xénero por se tratar dunha ferramenta esencial para a implementación de políticas públicas eficaces, baseadas na identificación precoz, a sensibilización social e a redución dos factores de risco asociados á violencia machista.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. *Seguir ampliando e reforzando os programas e medidas que axuden a erradicar a violencia de xénero.*
2. *Seguir reforzando a coordinación con todos os organismos e forzas e corpos de seguridade do Estado, para prever e identificar con máis facilidade os posibles casos de violencia de xénero na nosa comunidade.*
3. *Avaliar, en coordinación co goberno central, as necesidades de mellora de VioGén.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Seis mil douscentos trinta e un. Son os casos activos no noso país, en Galiza, en VioGén, segundo o dato máis recente que avanzaba o Ministerio o pasado domingo. Isto, para que nos fagamos unha idea, equivale a toda a poboación xunta do concello de Outes, do concello de Carral ou da suma dos concellos de Ribadavia e de Melón. Se sumamos os casos activos e inactivos —porque hai que recordar que un caso inactivo en VioGén non quere dicir que sexa un caso que non está aínda arrastrando as consecuencias da violencia machista—, falaríamos de máis de corenta e un mil casos, máis de corenta e unha mil mulleres, ou nenos e nenas, atravesados pola violencia machista, o que equivalería á poboación xunta de dous concellos tan poboados como Brión e Ames.

Por iso, como sempre dicimos desde o BNG, non son números, son vidas atravesadas pola violencia machista. Esta violencia machista está detrás tamén dos asasinatos, xa no que vai de 2025 no noso país, de Josefa, veciña do Bolo, asasinada polo seu marido; de Maritza, veciña da Coruña, asasinada pola súa parella; de Marisol, veciña de Moraña, atopada calcinada en compañía da súa exparella condenada por maltrato e que tiña que estar no cárcere; ou de Teresa de Jesús, traballadora do SAF do Porriño, asasinada por un usuario que pedira non atender por unha situación de acoso. A todas elas e ás súas familias e amizades dámoslles a nosa solidariedade e compromiso con seguir traballando por un mundo no que sexamos todas libres e iguais. *(Aplausos.)*

A dimensión, a profundidade e as consecuencias da violencia machista non se resoven nin con conformismo nin tampouco escorando cara ao discurso negacionista e banalizador da dereita máis extrema, que pretende diluír a violencia patriarcal no discurso xeral da violencia e relaxar medidas de forma activa ou de forma pasiva. Esa é a preocupante liña de retroceso á que se está adherindo de forma cada vez menos disimulada a Xunta de Galiza. Unha Xunta que non se atreve a eliminar algunhas das medidas vixentes, pero que se conforma con non desenvolver aspectos cruciais da lexislación galega, que levan sen tocarse e sen desenvolverse desde hai dezaioito anos. É unha Xunta que sobrecarga os concellos e que evade responsabilidades. É unha Xunta que non fortalece os servizos específicos para loitar contra a violencia sexual porque prefere facer negocio con empresas amigas ou facer oposición aos demais grupos políticos. É unha Xunta que, sabendo da importancia da sensibilización, escolle non facela. É unha Xunta que elimina a materia de igualdade no ensino e que, pola contra, impón o control ideolóxico nas aulas que acaban de comezar para tapar tamén o feminismo nas aulas. *(Aplausos.)*



Esta é unha Xunta —e imos recordalo todas as veces que faga falta— que, cando hai que escoller entre poñerse do lado das mulleres que denuncian ou do lado dos acusados, cando son das súas filas ou dos seus gobernos, escolle poñerse do lado deles e vitimizar e cuestionar as mulleres. Esta é unha Xunta que amparou máis de catro meses un acusado de agresión sexual nas súas filas e que aínda hoxe non investigou nin aclarou a quen corresponde a grave filtración dos datos da vítima.

Con esta moción insistimos nunha idea básica: hai que facer máis e hai que facelo mellor. Hai que recordar unha vez máis —e niso estaríamos todas de acordo— que Galiza, o noso país, ten aínda un gran sistema de loita contra a violencia machista. Iso é un logro colectivo, grazas a unha solidariedade da nosa sociedade, que sempre se pronuncia a favor da igualdade, grazas ao movemento feminista e grazas a unha lexislación pioneira. Pero o que temos hai que conservalo, hai que actualizalo. Hai que engraxar a maquinaria, actualizala e poñela a punto sen caer no conformismo. Esa necesidade non só a sinalan as e os profesionais que traballan na cadea da loita contra a violencia machista, non a sinala só o feminismo galego e non a sinala só o Bloque Nacionalista Galego. Desde que se rexistrou esta moción pasaron cousas; entre elas, que se coñecese un informe demoledor —absolutamente demoledor— do Consello de Contas que fiscalizaba a loita contra a violencia machista do Goberno galego. É un informe que é claro e que dá a razón a moitos dos argumentos que levamos anos esgrimindo nesta tribuna. Podemos preguntarnos, por exemplo, que nos di sobre os datos. Pois di que faltan datos e transparencia para poder controlar e auditar a eficacia das políticas públicas. Podemos ver que nos di do persoal: de forma clara e contundente, o Consello de Contas di que o Partido Popular recortou persoal ao servizo da loita contra a violencia machista. ¿E que nos di da política de sensibilización? Pois malia que a literatura científica avala a súa idoneidade, o Partido Popular só destina o tres por cento das actuacións á sensibilización. Tamén nos di que sobra privatización, pois a rede de acollemento, por exemplo —que é o que avalía—, está privatizada ou endosada aos concellos malia non ter competencias directas. Só un centro, o centro de emerxencias, é público.

Isto é así porque o que levamos moito tempo denunciando é a realidade. A dereita xa sabemos que está acostumada a manipular, como vimos hoxe pola mañá, coa temática dos incendios ou ao intentar confundir as definicións de público e de privado. Mais a realidade é que esa rede de acollemento está practicamente privatizada e hai pouco privatizaron absolutamente os centros de crise 24 horas.

Por iso, nesta moción que presentamos hoxe insistimos en que hai que facer máis e mellor. Hai que atender as demandas dos colectivos feministas e dos colectivos de profesionais que atenden as vítimas de violencia machista. Facemos unha batería de propostas encamiñadas a revisar aquilo que non funciona, a avanzar en transparencia para poder facelo, a empregar o autogoberno para mellorar a atención ás vítimas de violencia sexual e a comprometerse cos dereitos das vítimas en xeral.

En primeiro lugar, reclamamos que se avalíe o repunte de violencia machista rexistrado nos primeiros meses do ano en Galiza, singularmente daqueles que teñen que ver con intentos de feminicidio ou feminicidios consumados nos que fallaron as medidas. Pedimos unha ava-



liación en colaboración coas demais administracións de VioGén, facer propostas de melloras e garantir a valoración psicosocial.

Tamén insistimos noutras cuestións que son necesarias. Poñemos nunha das nosas propostas, por exemplo, de novo, exixencia do BNG, do asociacionismo e tamén dos medios de comunicación que se fagan públicos os datos dos centros de crise 24 horas. Nove meses despois da súa posta en marcha, queremos saber os datos concretos de atención para poder avaliar o funcionamento deste recurso.

En terceiro lugar, insistimos en que o autogoberno está para usalo e está para facer mellor a vida da xente. Por iso —insistimos unha vez máis—, con independencia do tempo que poida demorar o Estado en activar os recursos da lei do só si é si, exiximos que a Xunta faga exercicio deste autogoberno e impulse unha axuda para as vítimas de violencia sexual, tal e como pode facer xa para comezos de 2026.

E, por último, insistimos tamén en que hai que comprometer por parte do Goberno e enviar unha mensaxe ás mulleres de que se vai investigar de oficio calquera filtración de calquera vítima de violencia machista da que a Xunta teña coñecemento. Insistimos unha vez máis: as leis hai que desenvolverlas, as medidas hai que revisalas e a marxe da mellora é enorme.

Querémonos vivas e libres, e o machismo non se combate con conformismo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Dende o Grupo Socialista manifestamos, en primeiro lugar, o noso voto a favor desta moción, e tamén esperamos que sexa aceptada a nosa emenda por ser unha proposta construtiva e, sobre todo, tendo en conta os últimos informes do Consello de Contas, aos que despois me referirei.

A situación que viviu Galicia no primeiro semestre do ano, no que se refire á violencia machista, foi terrible. Aínda que, por sorte, non se mantivo durante os meses de verán esta tendencia, lamentablemente, todos sabemos que isto pode cambiar dun día para o outro, porque os datos que mostran a violencia machista no noso país así o reflicten.

Quería facer unha breve referencia a ese informe de aplicación da Lei 11/2007, da Lei para a prevención e o tratamento integral da violencia de Galicia. Dese informe, que é unha obriga anual que ten que facer o Goberno, creo que é importante resaltar varios aspectos. En primeiro lugar, sería a importancia da prevención, a información e a sensibilización. Isto vese no incremento das consultas ao 016, que demostra ser un recurso cada vez máis coñecido e



de maior utilidade, o que é unha boa noticia. Despois, en relación co incremento da violencia de xénero e co incremento das denuncias, cremos que evidencia que hai que seguir apostando pola prevención, pero tamén mostra unha maior confianza das mulleres no sistema. E, despois, quero falar tamén doutro aspecto, como é o do 65 por cento das ordes de protección acordadas, que amosa que en Galicia —como se refería antes a voceira do BNG— existen moitas mulleres galegas que se atopan en perigo.

En relación co pedido nesta moción, eu quería referirme tamén á ampliación deses ítems do sistema VioGén, e non sei se foi por descoñecemento ou por seguir pedindo máis, pero é a miña responsabilidade informar sobre isto: a principios deste ano aprobouse un novo sistema VioGén que pretende mellorar a valoración do risco e incrementar a protección; é unha nova ferramenta froito do compromiso firme do Goberno coas políticas de igualdade, derivado da defensa do Partido Socialista, e que entende que a loita contra a violencia machista é unha responsabilidade colectiva, unha cuestión de xustiza social e un dos piares fundamentais da nosa democracia. Non se trata só de combater a extrema desigualdade, senón tamén de facer políticas e tomar medidas que garantan que cada muller poida vivir libre, sen medo e con todos os seus dereitos recoñecidos e protexidos.

Por iso se aprobaron estas dúas ferramentas. A primeira é ese novo sistema VioGén 2, que non foi unha simple actualización tecnolóxica, senón que foi unha transformación de fondo. Gustaríame pararme máis polo miúdo, pero así é grosso modo. É unha ferramenta máis eficaz e que responde cunha maior precisión ás situacións de risco. Incorpora novos modelos de análise, uns algoritmos mellorados e unha interoperatividade real entre a Administración e as forzas de seguridade. Ao mesmo tempo, tamén se reforzou a seguridade e a confidencialidade das vítimas. Despois, automatizáronse alertas e notificacións para permitir unha resposta máis rápida. Pero non só se fixo iso, senón que se complementou cun novo protocolo do ano 2025, que foi un avance cualitativo ético na forma de abordar os casos de violencia de xénero. Aquí si que se incorporaron elementos importantes, como que se elimina o nivel de «non apreciado», que tantas veces deixaba vítimas sen cobertura efectiva, ou que se reorganizan os niveis de risco para ofrecer unha maior protección ás mulleres segundo a situación. Tamén se mellorou a capacidade de reacción e se incorporaron elementos como o denominado «círculo de fortaleza», que recoñece o papel fundamental da contorna da vítima para a súa protección e para a súa recuperación, así como un novo ítem para ter en conta situacións especialmente complexas, como as que implican menores, agresores reincidentes ou contextos de extrema vulnerabilidade.

A verdade é que, para que isto funcione, necesitamos unha resposta institucional sen fisuras e unha coordinación real entre os diferentes niveis. E refírome ás forzas e os corpos de seguridade, ás administracións autonómicas e locais, ao persoal xudicial e a todos os profesionais que atenden en primeiro lugar as vítimas. A protección non só pode depender da custodia policial. Polo tanto, necesitamos reforzar a atención psicolóxica dos centros para vítimas con problemas adictivos, que é —como din as estatísticas— onde existe un maior grao de reincidencia da violencia de xénero e de quebrantamento das ordes de protección. ¿Onde está ese centro que se ía inaugurar no Porriño, os programas dirixidos aos homes maltratadores, ou a actualización, como se fixo o ano pasado, dese sistema de alarmas de protección?



A nosa emenda refírese a incluír un punto relacionado coa prevención. Nós, dende o Grupo Socialista, entendemos que a loita contra a violencia de xénero non pode limitarse á resposta, senón que debe centrarse con firmeza e determinación na prevención. Dende o PSdeG levamos defendendo anos que as políticas públicas deben ir á raíz do problema, e a raíz está na desigualdade, no machismo estrutural e na cultura da dominación que aínda pervive na nosa sociedade —a pesar de que non o considere así o director xeral—. Por iso, previr é actuar con responsabilidade política. Fan falla recursos, planificación e compromiso institucional. A Xunta leva anos abandonando a prevención da violencia machista. Non o digo eu, dío o Consello de Contas, advertindo claramente esta falta de estratexia, a escaseza da dotación orzamentaria e a ausencia dun seguimento efectivo das políticas de prevención no noso país. É intolerable que se desatenda unha ferramenta clave para evitar que a violencia chegue a producirse. Incrementar o orzamento destinado á prevención non é un gasto, é un investimento de futuro. A prevención non pode seguir sendo a gran esquecida. Non hai liberdade mentres existan mulleres que seguen a vivir con medo. E, para cambiar isto, hai que actuar antes de que o medo chegue.

Investir en prevención é investir en educación afectivo-sexual, en formación especializada para as profesionais, en campañas de sensibilización, en protocolos de detección temperá e en programas comunitarios que promovan relacións baseadas na igualdade e no respecto á liberdade. Pero tamén ampliar a rede de CIM, que aínda estamos esperando, ou a rede de puntos de encontro ou a formación dos profesionais. En definitiva, actuar antes de que a violencia se produza. Porque cada agresión que conseguimos evitar, cada situación de risco que conseguimos detectar a tempo, é unha vida que se pode reconstruír fóra do medo.

Por todo iso reclamamos máis recursos, e nese sentido vai a nosa emenda: máis planificación e máis compromisos coa prevención. Porque sen prevención non hai unha verdadeira política pública contra a violencia de xénero.

E, dito isto, tamén quero dicir que todos estes discursos —despois de min irá a voceira do Partido Popular— de defensa das políticas de loita contra a violencia machista ao final desgraciadamente quedaron totalmente solapadas pola resposta decepcionante e bochornosa do Goberno galego ante a denuncia por agresión sexual do conselleiro do Mar. Todos os discursos, como dicía, de apoio ás vítimas, a publicidade e os lazos lila foron superados por unha reacción machista de protección ao poderoso, de cuestionamento do testemuño da denunciante e de sinalamento á mesma, o que trasladou unha mensaxe terrible á sociedade galega. Como ademais foi ratificado nunha enquisa posterior que se fixo, cando nun medio de comunicación que dicía o resultado de que a sociedade galega desaprobou esa actitude en 1 de cada 4 galegos.

Hai que seguir loitando contra a violencia de xénero, porque segue a ser un problema estrutural, pero hai que comezar a dar exemplo por parte da Administración. E hai que poñer o foco na prevención, xa que, aínda que o director xeral diga que non vale para nada, a realidade demostra que si. Para nós é unha ferramenta esencial para a implementación de políticas públicas eficaces baseadas na identificación precoz, a sensibilidade social e a redución dos factores de risco asociados á violencia machista.



Polo tanto, máis prevención, e así evitaremos ter que gastar recursos en paliar o dano que xa está feito. E, sobre todo, máis responsabilidades por parte da Administración; é o exemplo en relación á loita contra as violencias machistas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Efectivamente, se falamos de violencia de xénero, ningún dato é positivo. Ningún dato que non sexa cero é aceptable. Por iso temos que seguir traballando na loita contra esta lacra. Pero é de xustiza poñer en valor os recursos, medidas e esforzos postos en marcha pola Xunta ao longo destes anos. É de xustiza porque as vítimas necesitan saber que non están soas e a sociedade merece saber que estas medidas están dando resultados.

Nestes momentos Galicia é a segunda comunidade coa taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España e é a cuarta comunidade coa menor taxa de delitos sexuais. Efectivamente, os datos do Sistema VioGén en ningún destes datos son positivos, pero hai que poñer en valor tamén que estamos entre as comunidades de España con menos persoas no sistema VioGén. Por exemplo, temos a metade que ten Extremadura. Non son datos positivos mentres non sexa cero, pero hai que poñer en valor que estamos entre os mellores de España.

E, por certo, respecto ao Sistema VioGén, a primeira persoa que falou nesta Cámara de que era preciso mellorar ese sistema foi a conselleira Fabiola García; á que, por certo, se lle montou un grande escándalo dende o PSOE neste Parlamento e tamén nos medios de comunicación. Pouco tempo despois o propio Goberno de España recoñecía que era preciso modificar ese sistema para darlle máis seguridade ás vítimas. Efectivamente, como dicía a señora Castro, temos en marcha o Sistema VioGén 2 e estanse implementando, veremos se, efectivamente, cando acabe esa implementación se foron solucionando moitos dos problemas que tiñan.

Claro, cando falamos de violencia —e dígoo por quinta vez— ningunha cifra é positiva. E por iso dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia sempre, sempre animamos cada muller a denunciar calquera situación de violencia de xénero que poida vivir. As vítimas necesitan ter confianza, saber que estamos do seu lado e sen medias tintas. E a sociedade necesita mensaxes claras, firmes e comprometidas coa erradicación da violencia machista.

Durante estes anos Galicia conseguiu situarse como unha comunidade referencia. Fomos a primeira comunidade en ter un decreto en formación en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal da Administración; a primeira comunidade en poñer en marcha un servizo de quenda de garda 24 horas para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos menores; en ofrecer asistencia integral dos nenos orfos por violencia ma-



chista e en ofrecer vivendas tuteladas para vítimas de violencia con enfermidade mental e, moi pronto, tamén para vítimas de adiccións. Fomos unha das primeiras comunidades en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero e poñeremos en marcha, tamén sendo pioneiros, a Lei de violencia dixital.

E, por suposto, é imprescindible a prevención e a transversalidade. Señora Castro, non manipule as palabras do director xeral, non as saque de contexto. Dende a Xunta de Galicia, dende o Partido Popular estamos convencidos de que a prevención é imprescindible; estamos convencidos, non só falando, senón poñendo as medidas, poñendo os medios.

Así, no caso dos concellos —porque cremos que hai que facelo con transversalidade, con aqueles que están máis cerca das vítimas, os concellos, as asociacións, tamén as empresas...—, coa rede de entidades locais contra a violencia de xénero á que están adheridos xa 162 concellos; ou cos Centros de Información á Muller, que este ano 2025 teñen o maior investimento da historia: 6,8 millóns de euros para desenvolver o Plan integral de actuación e para o seu impulso. Uns centros de información á muller que son 84 xa, que atenden preto de douscentos concellos e máis de dezaseis mil persoas cada ano e que se complementarán, ademais, cos CIM móbiles no rural e tamén nas universidades. Tamén dentro das funcións do persoal do Centro de Crise 24 horas está a prevención. Por certo, uns centros de crise 24 horas que son públicos, pese o que lle pese ao Bloque Nacionalista Galego.

Temos tamén, unha vez que xa se produce a agresión, as prestacións económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero, que se incrementaron un 38 por cento neste ano 2025. Somos a única comunidade que sostén con fondos propios axudas periódicas a vítimas de violencia de xénero. E incrementamos un sesenta por cento as axudas de pago único. Programas de inserción laboral a mulleres vítimas, bono alugueiro ou o apoio a entidades de iniciativa social. Podería seguir debullando os máis de cincuenta e seis millóns de euros que adica a Xunta de Galicia neste ano 2025 para a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)*

E si, señora Castro, se o BNG acepta a súa emenda, o Partido Popular votará a favor, porque somos conscientes de que sempre hai que seguir incrementando —como vimos incrementando cada ano— o investimento. E farémolo porque o podemos facer, porque dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia aprobamos orzamentos. No Estado vostedes non o poden facer, porque simplemente levan tres anos sen ter orzamentos. Paradoxal a súa emenda, señora Castro, pedindo aquí o que non fan en Madrid.

E non é só que non teñan orzamentos, é que o Goberno do PSOE, de nacionalistas, separatistas e ultrasquerda fai que as políticas feministas en España sufrisen un retroceso sen precedentes. Maximizando coa aprobación da Lei do só si, é si, da que tan contento está tamén o BNG. A lei que máis dano lles fixo ás mulleres, e non nos cansaremos de dicilo. A lei que reduciu as penas a centos de violadores e agresores sexuais. Vostedes, os da esquerda, os da ultrasquerda, son os que fixeron posible iso; tamén os do Bloque Nacionalista Galego. O mesmo Bloque que se negou aquí en Galicia a censurar o pasquín machista da CIG contra a conselleira de Igualdade, Fabiola García. Un Goberno en Madrid que segue sen aprobar a Lei de trata, mentres ministros e secretarios de organización falaban das súas compañías femi-



nistas como mera mercadoría e mesmo as gardaban en álbums de fotos. O mesmo Goberno de Sánchez que aínda segue sen aplicar as boas medidas —porque si ten tamén algunhas boas medidas— da Lei 10/2022 respecto ás axudas para as vítimas de violencia sexual.

E, mire, non é que non queiramos dar axudas ás vítimas de violencia sexual; é que si temos esas axudas. Vostede, señora Noa, debería ver o orzamento, e saber perfectamente que van contempladas esas axudas para vítimas de violencia sexual. O que pasa é que, como no Estado non se desenvolveu a lei, non temos a ferramenta para poder aplicalas. E é máis, aínda que o quixésemos facer nós non poderíamos, porque o Estado pediu ás comunidades que non se dean estas axudas mentres non haxa un acordo e unha unanimidade a nivel estatal.

Así que quédome xa sen tempo. Quero pedir simplemente que sexa aceptada a nosa emenda, porque cremos que é unha emenda que vai no camiño de seguir avanzando na promoción da igualdade e na loita contra a violencia de xénero. É unha emenda realista e coa que daremos pasos adiante. Se non fose aceptada, pediríamos a votación por puntos, se é que vostedes aceptan a emenda do Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo grupo autor da moción, señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, canto ás emendas, aceptamos, por suposto, a do Partido Socialista, que entendemos que complementa a nosa iniciativa; e, por suposto, non aceptamos a do Grupo Parlamentario Popular, porque o que fai é baleirala de contido e deixala en simples declaracións, que é o que lle gusta ao Partido Popular facer canto ás políticas de igualdade e loita contra a violencia machista. Moitas declaracións e despois pouco desenvolver a lei, pouco ter ambición e pouco mellorar os recursos que hai enriba da mesa. Por iso, señora Arias, non llela imos aceptar.

Parecía que ía vostede ben. Estaba incluso, por unha vez, argumentando no lugar de poñer a disparadora da demagogia; pero ao final pásalle como ás hienas, que nos desatamos no final. Porque, claro, a vangarda do feminismo é chamarlle á única líder da oposición «frívola raíña do postureo», «femia alfa do clan de hienas», cando non se lle di que está necesitada ou que hai homes que mandan nela. En fin, en fin... *(Aplausos.)* Están vostedes para presumir de vangarda do feminismo neste país, despois de amparar un presunto agresor sexual meses no Consello da Xunta, despois de poñerse do lado do denunciado e despois de seguir sen dicir de onde sae a filtración dos datos da vítima. Van votar vostedes hoxe outra vez en contra de que se protexa as denunciadas de violencia machista e a súa identidade. E despois volverán aquí dicir literalmente que «as vítimas necesitan saber que non están soas». Efectivamente, necesitan saber iso e necesitan saber que non van ter un Goberno a favor de airear



os seus datos privados cando se denuncia un home poderoso. Iso é o que necesitan as mulleres deste país, señora Arias. *(Aplausos.)*

E, mire, non me quero despistar do importante. Primeiro, quero insistir en que, efectivamente, o Informe do Consello de Contas é demoledor, e máis demoledor aínda é o retrato desas alegacións escritas de puño e letra pola Xunta e que están asinadas polo director xeral de Violencia Machista, que xa tiña que estar —como a conselleira— cesado desde hai meses, señora Arias. Porque son unhas declaracións escritas. Non é algo sacado de contexto dun debate da radio ou dunha conversa privada; non, non, son unhas declaracións asinadas que vitimizan as mulleres e que lle quitan importancia á sensibilización. Por iso gastan vostedes só un tres por cento das súas accións en sensibilización, porque non cren na sensibilización ou porque non queren sensibilizar contra a violencia machista, unha de dúas.

E insistimos: do que van votar en contra hoxe vostedes é, primeiro, deses centros de crise 24 horas. ¿Por que non se fan públicos os datos? ¿Que tanto medo teñen a que vexamos que non están sendo útiles para as mulleres deste país eses centros que vostedes decidiron privatizar a unhas empresas amigas do Partido Popular? ¿Que ocultan? Queremos ver eses datos. Segundo, queremos que se avalíe o que non funciona. O que non funciona do VioGén que se reforsce con valoración psicosocial, e o que puido fallar da cadea de custodia deses asasinatos que houbo antes e despois da última revisión do VioGén e que denotan fallos no sistema.

E van votar vostedes en contra tamén de exercer o autogoberno, porque están tan imbuídos pola extrema dereita, están tan absorbidos pola estratexia do señor Feijóo contra a Lei do só si é si que non queren, en realidade, que se faga real esa axuda para as vítimas de violencia sexual. E nós insistimos: o autogoberno está para protexer as mulleres galegas e para facer mellores os seus dereitos. Xa defendiamos antes da Lei do só si é si unha axuda específica para as vítimas de violencia sexual en Galiza e seguímolo defendendo agora. Poñámola en marcha e, se despois o Estado fai ese mecanismo, adiante, pois xa se reorientará esa axuda. Vostedes van votar en contra diso. Van votar en contra de que haxa máis servizos para as mulleres vítimas de violencia machista deste país.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Van votar en contra de revisar o que non funciona e van votar en contra, outra vez máis, de poñerse do lado das mulleres galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a situación do transporte escolar en Galicia

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Abalde.



JULIO ERNESTO ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidente.

Membros desta Cámara.

Ben, nesta lexislatura a Xunta de Galicia tomou a decisión de unificar todos os servizos de transporte por estrada, tanto os servizos escolares como o resto dos servizos metropolitanos, entre as distintas vilas de Galicia e baixo unha soa dirección xeral, que é a Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia. Dende o punto de vista do Partido Socialista, esta situación xera unha serie de disfuncións no sistema educativo que creo que son ás que temos desde este Parlamento que prestar atención para intentar solucionar dalgunha maneira, porque o transporte escolar é un dos servizos complementarios fundamentais no sistema educativo.

No curso pasado, así como en anteriores, por parte das asociacións de pais e nais presentáronse múltiples incidencias denunciadas —repito, polas Anpa, por concellos e por comunidades educativas— de disfuncións neste sistema de traslado dos alumnos para os centros educativos. Repito: estas queixas inicialmente dirixíanse á Consellería de Educación e, posteriormente, á Dirección Xeral de Mobilidade.

Esta problemática, ademais, recóllese en múltiples incumprimentos; tanto de horario, como autobuses que non chegan, que nunca están nas paradas, emprego incluso de VTC e de taxis... Isto obriga a unha situación complicada desde o punto de vista das familias e do traslado dos estudantes. En ocasións, ademais, os vehículos que se utilizan non teñen axustadas nin o número de prazas á demanda dos usuarios, o que nalgúns casos provoca que alumnos non poidan utilizalo por exceso de usuarios e, polo tanto, que non haxa prazas dispoñibles. Tamén nalgunhas ocasións non cumpren as condicións, como como son a disposición de cintos ou as idades dos vehículos, que están nunha situación de conservación francamente mellorable.

Arredor destas queixas e denuncias, á Consellería de Educación antes e agora baixo a Consellería da Presidencia na Dirección Xeral de Mobilidade, presentáronse múltiples preguntas desde este grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia. E sempre por parte das conselleiras falábase de situacións puntuais e situacións normais.

O transporte escolar —como dicía antes— xoga un papel fundamental, sobre todo en núcleos urbanos e concellos en que a poboación está dispersa, para que precisamente estes rapaces e rapazas poidan asistir aos centros educativos naqueles centros onde hai unha distancia importante entre os lugares onde viven os rapaces e os centros educativos. Para nós, resulta moi preocupante que nenos e nenas perden tempo das súas aulas ou que incluso os horarios do transporte escolar afecten gravemente a duración dos tempos e a organización escolar das distintas aulas en distintos centros.

Aquí hai casos concretos. É dicir, o caso, por exemplo, do CPI Castro Baxoi, do concello de Miño, que precisamente por problemas nos horarios dos autobuses hai grupos que teñen que reducir o tempo das súas aulas, reducindo dos 50 minutos que soen ser cada unha das materias a 40-45 minutos, o cal supón que nalgúns casos hai grupos que perden practica-



mente unha hora de clase semanal. Igual que neste curso temos a situación no CEIP de Rubiáns, situado no concello de Vilagarcía de Arousa, que curiosamente por causa da urbanización do transporte escolar teñen que iniciar a súa hora docente, en vez de ás 09.00-09.15 —como sucede no resto dos colexios do municipio—, ás 09.50 e rematar ás 14.50, co cal supón un problema importante de conciliación para as familias, ademais de diferenzas cos outros centros que teñen un horario normal desde as nove e cuarto ata as dúas e cuarto. Isto é debido fundamentalmente á forma e distribución do transporte escolar. Polo tanto, a organización do transporte escolar ponse por enriba da organización e da calidade educativa. Exactamente igual, por exemplo, no caso do concello de Camariñas, onde o propio concello ten que aportar fondos para o transporte escolar para os alumnos de bacharelato, porque sinxelamente os horarios non se corresponden adecuadamente.

Polo tanto, este non recoñecemento por parte da Xunta de Galicia desta problemática e esta ausencia de medidas específicas que eviten que moitas veces se corrixa estas disfuncións que se producen no sistema de transporte escolar foi o que fixo que os pais e as nais levasen á Valedora do Pobo estas queixas. E a valedora do Pobo recoñeceu que a Xunta de Galicia non estaba dando unha resposta adecuada ás solicitudes de reclamación por parte dos pais e as nais destes centros educativos. De feito, a propia valedora do Pobo marca que o tempo de resposta para estas reclamacións por parte dos pais e nais pode chegar incluso a entre oito e once meses de resposta, co cal o curso escolar está rematado.

Neste contexto, estamos neste momento anunciando pola Xunta de Galicia un novo contrato de máis de noventa e cinco millóns de euros na contratación dun servizo de transporte regular de viaxeiros por estrada para uso especial para o transporte escolar ata o ano 2027. Con esta contratación continúaase ofertando o servizo licitado no ano 2021 —é dicir, simplemente unha prolongación do contrato do ano 2021 por 92 millóns de euros— e a Xunta anuncia un incremento dun 12 por cento, pero, se temos en conta que ten unha duración de catro anos, realmente non é máis que a actualización polo incremento do PIB. Ben, cremos que este é o momento, con este novo contrato, de que a Xunta de Galicia tome cartas no asunto para mellorar dunha forma efectiva este servizo de transporte escolar.

Incluso é curioso, porque nesta contratación a Xunta de Galicia di que incrementa os lotes de contratos de rutas precisamente para incrementar a competitividade e mellorar a flexibilidade para que as pequenas e medianas empresas do transporte poidan ir a este concurso. Non deixa de ser curioso este obxectivo, porque precisamente o plantel de transporte por estrada que estableceu a Xunta de Galicia hai uns anos o que fixo é anular absolutamente toda a competencia entre as pequenas e medianas empresas, de forma que neste momento practicamente temos un oligopolio dunha soa empresa que, ademais, utiliza o sistema de UTE para ir con outras empresas locais. Pero, sen embargo, realmente do que se trata é única e exclusivamente dunha empresa que ten practicamente o monopolio. Polo tanto, iso non é máis que consecuencia da política da Xunta de Galicia, que favoreceu e propiciou ese monopolio do transporte.

Precisamente por iso, aproveitando a situación que brinda este novo contrato, é polo que presentamos esta moción por parte dos socialistas de Galicia. Do que se trata inicialmente é de solicitar á Xunta de Galicia que, precisamente con motivo deste contrato, estableza un



protocolo de resolución das queixas e reclamacións rexistradas polas deficiencias no transporte escolar, coa obriga de dar resposta á cidadanía nun prazo inferior a un mes. E, como segunda medida, e precisamente como medida de transparencia e rendición de contas, remitir ao Parlamento o informe das adxudicacións do novo contrato, poñendo de manifesto o cumprimento do obxectivo de contratación máis flexible, competitivo e inclusivo, co acceso das pequenas e medianas empresas á contratación. E unha segunda parte que di: «Remitir ao Parlamento en cada período de sesións un informe de cantas queixas sobre o transporte escolar foron recibidas, cantas respostadas e cantas deron lugar á apertura dun expediente por incumprimento das condicións do servizo, das súas razóns e as posibles sancións». O que pretendemos fundamentalmente é que os problemas que provocou a decisión da Xunta de Galicia de unificar todos os transportes, incluíndo o transporte escolar, se poidan corrixir. De feito, a situación na que se atopan algúns centros —como, por exemplo, o que comentabamos antes de Vilagarcía— é que cando presentan unha reclamación desde o punto de vista da organización do horario escolar a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, o que di é que non é a súa responsabilidade e que a responsabilidade é da outra consellería. Por iso, son situacións de disfunción que o que fan é empeorar a calidade do sistema educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Ríos Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Antes de nada, señor Abalde, en vista do posible novo nomeamento de vostede como delegado do Goberno na Coruña *(O deputado Julio Ernesto Abalde Alonso: Subdelegado.)* —subdelegado, perdón—, eu quixera dicirlle que o seu paso por aquí polo Parlamento espero que lle servise para tomar unha conciencia ampla dos temas que afectan o noso país e que defenda este país e os intereses galegos e das galegas por enriba de cuestións partidistas e de taticismos do Goberno do Estado e que realmente vele polos intereses dos galegos e das galegas. Espero que, cando menos, esta visión máis ampla dos asuntos lle valla para iso, que bastante traballo terá por diante.

Indo xa co asunto que nos trae hoxe aquí... Efectivamente vostede, señor Abalde, xa nomeou a algúns dos problemas que ten o transporte escolar no noso país. Non me vou deter en todos eles, mais si que hai unha serie de cuestións que quixera dicir. O transporte escolar en Galicia, se o comparamos co resto do Estado —dígoos por adiantarme xa á intervención do Partido Popular—, é máis extenso, loxicamente, por unha cuestión de necesidade: por como habitamos o territorio, os núcleos de poboación, a orografía e un longo etcétera. Non vale



só con dicir que o temos e que temos máis que o resto, senón que hai que poñelo realmente ao servizo dos alumnos e das alumnas deses centros. E iso non está acontecendo, senón que se está poñendo ao servizo das grandes empresas de transporte, como tamén se fai co transporte interurbano.

Un caso concreto é, efectivamente, o CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, onde vemos que se anteponen os intereses das empresas concesionarias por enriba dos dereitos, das necesidades e dos intereses da comunidade educativa e dos alumnos e das alumnas, que levan xa moitos anos loitando para que a Xunta de Galiza reverta as decisións en termos de transporte escolar e que realmente lles dea solución ás súas necesidades. Dende aquí, dende o Grupo parlamentario do BNG, moita forza aos pais e nais, alumnos e alumnas, á comunidade docente e á comunidade educativa deste CEIP Rubiáns, de Vilagarcía. Apoiamos a loita, loxicamente, como non pode ser doutra forma, e seguro que con mobilización, loita e presión chegarán os resultados. ¡Moito ánimo dende o Parlamento de Galiza! (*Aplausos.*)

Pero non só é o caso do CEIP Rubiáns; non é un caso illado, non son temáticas illadas. Temos discutido aquí en moitas ocasións sobre a discriminación por orixe que significa que a Xunta de Galicia se negue a, dunha vez, ver cales son as necesidades, ver cales son as alternativas para atender o transporte do ensino postobrigatorio. Moitos mozos e mozas de bacharelato, de ciclos formativos e demais ven que non poden utilizar un transporte público, ao que deberían, segundo o noso punto de vista, ter acceso, e realmente a Xunta déixaos ao seu albur. Porque, se falamos dunha cidade, ás veces é moito máis fácil combinar transporte para poder chegar a un centro de ensino, pero, se falamos de centros de ensino con bacharelato, con centros de formación profesional e nos situamos nunha vila do rural, vemos que hai moitas máis complicacións e que realmente a Xunta de Galiza non está dando solucións a este problema.

Ou podemos falar tamén de problemas que aparecen neste comezo de curso, como o caso, por poñer un exemplo, da miña comarca, de Cangas, onde a Xunta de Galiza vén de eliminar varias das rutas, varias das paradas de diferentes colexios de primaria por situarse simplemente a menos de 2 quilómetros do centro de ensino, cando realmente existe un prexuízo real para as familias que teñen que levar os seus nenos e nenas ás escolas e tamén para os propios nenos e nenas, que ven realmente eliminado un dereito simplemente por vivir a 2 quilómetros. Non sei se vostedes saben o que son 2 quilómetros. E, volvo dicir, non é o mesmo 2 quilómetros nunha grande cidade que 2 quilómetros en moitas partes do noso territorio. Imos vendo como se van eliminando recursos e como se van eliminando capacidades de que o alumnado, neste caso, acceda a un transporte que lle corresponde e ao que teñen dereito.

E iso lévanos a este novo proceso de licitación no que a Xunta de Galiza está inmersa. Despois dun proceso de licitación anterior, bastante convulso, onde a propia xudicatura, os propios xuíces, paralizaron varios deses contratos por exceder, neste caso —segundo din os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, e nós témolo dito en moitas ocasións—, o número de contratos que unha mesma concesionaria pode recibir e á que se pode presentar neste camiño ou carreira cara ao monopolio, que temos denunciado en tantísimas ocasións, non só lles deu exactamente igual que durante o proceso de licitación se lles avisase de que está ocorrendo isto, senón que, cando os tribunais paralizaron estes contratos, vostedes lles deron unha prórroga sen que lles temblara a man nin o máis mí-



nimo. Prorrogaron sen ningún tipo de problema contratos paralizados pola xustiza e aquí non pasou absolutamente nada.

E agora, con esta nova licitación, despois deste cambio de cromos entre diferentes consellerías, vemos como este novo equipo da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia leva toda esta lexislatura intentando dar unha pátina de transparencia, unha pátina de avance nas cuestións do transporte, porque se vía realmente como había moitísimos problemas e que debían lavarlle un pouquiño a cara a este departamento. Pero quedou só nunha patina. Nós levamos moitos anos dicindo que había que aumentar os lotes para aumentar a capacidade das pequenas e medianas empresas de concorrer a estes transportes de contratos. Fixérono de forma moi moderada, e ademais tamén coa cuestión da transparencia, que é unha das cousas das que fala esta moción do Partido Socialista. Efectivamente, apoiaron unha moción do BNG para que o Parlamento galego tivese a información das ofertas das diferentes empresas concesionarias, para que tivéssemos tamén acceso á resolución dos expedientes e demais, pero, como só era unha pátina e non hai que enfadar a quen non hai que enfadar, curiosamente, se revisamos a información que mandou a Xunta de Galiza a este Parlamento, vemos —curiosamente— que nas ofertas das diferentes concesionarias, ¿a que non adiviñan de que empresas faltan todas e cada unha delas? Supoño que o poden adiviñar. Non hai, nesa relación da información que a Xunta de Galiza traslada a este Parlamento, ningunha oferta de contratos gañados polo grupo Monbus, alegando confidencialidade, pero sen xustificar a propia confidencialidade. Xa lles aviso que terán que responder na Xunta de Galiza a varios escritos feitos pola miña parte pedindo que se xustifique esa confidencialidade. Nós entendemos que non existe unha confidencialidade que se poida xustificar en termos de cuestións tecnolóxicas e demais, e o que entendemos é que nesas ofertas existen melloras non executadas, existen ofertas que aceptaron como baixas temerarias e que despois, ademais —e este é un tema que falaremos noutra ocasión—, levaron a que a Xunta de Galiza resolvese e rescatase varios contratos deste grupo supostamente de mutuo acordo. Isto será algo que falaremos noutro momento.

En todo caso, nunha nova licitación —e agardo equivocarme—, vemos como realmente esa pátina de transparencia, esa pátina de sacar a Dirección Xeral de Mobilidade e todo o que ten que ver coa contratación do transporte escolar e co transporte interurbano, vai quedar só nun pequeniño intento, moi tímido, e moito tememos que as cousas van seguir como ata o de agora. Esperemos que non, porque iso significaría antepoñer os intereses das grandes empresas de transporte por diante dos intereses do alumnado, por diante das comunidades educativas e por diante da sociedade galega. E iso é algo que un servizo público e que vostedes, na Xunta de Galiza, como titulares dun servizo público, non poden permitir.

Nós, en todo caso, seguiremos vixiantes e seguiremos denunciando todas as situacións que nos poidan chegar en relación co transporte escolar e co transporte interurbano.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Suárez.



CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

En Galicia, como saben, móvense cada día uns 80.000 alumnos e alumnas en transporte escolar. Temos máis de 3.700 rutas e máis de 33.000 paradas repartidas por todo o territorio. Iso supón un investimento de arredor de 120 millóns de euros, xuntando todo o transporte, e este valor correspóndese co dun ano. Isto supón máis do 20 por cento de todo o gasto en transporte escolar de España. Este é un dato significativo, cando representamos soamente o 5 por cento da poboación escolar; volvo insistir: o 20 por cento de todo o gasto do transporte escolar de toda España, cando nós representamos o 5 por cento da poboación escolar. E eu dígolle, señor Abalde, que se isto non lle parece que é un compromiso firme coa igualdade de oportunidades, pois, perdoe que llo diga, pero eu non o vexo así.

Evidentemente, claro que hai incidencias. Sería imposible que un servizo desta magnitude, con 80.000 alumnos e alumnas —insisto— non tivese ningún problema. Pero tamén —permítame que lle diga— confundir algunha incidencia puntual con mala xestión, páreceme pouco rigoroso, e —permítame que lle diga— non só pouco rigoroso, senón un pouco irresponsable.

Mire, no curso pasado, no curso 2024-2025, houbo pouco máis de cen queixas no transporte compartido e outras tantas no transporte escolar. A maioría destas queixas concéntranse nos meses de setembro e outubro, loxicamente, que é cando se inicia o curso escolar e se poñen en marcha novas rutas. A partir de novembro, a media baixou a 5 queixas ao mes —¡5!—; 5 queixas ao mes a partir do mes de novembro e así ata o mes de xuño. Son 5 queixas fronte a 80.000 rapaces e rapazas que son usuarios e usuarias diariamente deste transporte escolar. É dicir, se sacamos a media, a incidencia é dun 0,006 por cento.

E non só é que se resolvan esas queixas, tamén se emiten sancións. Houbo 13 expedientes de penalidades a empresas, porque, como podo dicir e afirmar, en Galicia hai control, hai seguimento e tamén hai consecuencias cando as cousas non se fan ben. Esa é a diferenza entre falar e gobernar.

Eu fágolle unha pregunta: ¿poden dicir vostedes o mesmo do Goberno central con respecto aos servizos ferroviarios? Penso que non. ¿Pódense permitir dar leccións, cando converteron a chegada dun tren a Galicia nunha lotería, despois de enviar trens que non cabían polos túneles e despois de acumular atrasos constantes e discriminacións constantes nos investimentos? Eu penso que vostedes non teñen a autoridade moral para dar leccións de transporte cando converteron a xestión ferroviaria nunha auténtica vergoña. *(Aplausos.)*

E, mire, mentres vostedes critican, en Galicia mellórase. Neste momento xa fixeron referencias á nova licitación, a cal está en tramitación administrativa. Agora mesmo estase pendente da apertura do sobre A, que, por certo, nesta nova licitación vai un incremento dun 12,2 por cento no orzamento referente ao transporte escolar. Polo tanto, non só se trata de máis recursos —que iso xa é moito, xa é bastante—, senón dunha mellor distribución.



E voulle aclarar o sistema desta nova licitación. Divídese en lotes máis pequenos. ¿Para favorecer a quen? As pequenas e medianas empresas. Limitase a 10 o número máximo de lotes por empresa, precisamente para evitar concentracións, e refórzanse os mecanismos de control e seguimento para garantir a calidade e a seguridade.

Isto, señorías, a min paréceme que é xestionar e si que é gobernar; non é lanzar titulares nin repartir panfletos, nin moitísimo menos.

E non só iso. Podemos falar tamén da Tarxeta Xente Nova, con máis de 5,5 millóns de viaxes que foron gratuítas para estudantes durante o curso pasado. ¿Isto que supuxo? Pois un aforro de máis de 5 millóns de euros para as familias galegas. ¿Isto tamén lles parece un problema?

E agora vou facer un repaso sobre a moción que presentan.

Protocolo de queixas cun mes de prazo. A Xunta xa atende con dilixencia todas as queixas, moitas delas incluso xa se resolven directamente nos servizos provinciais e con prazos moito máis curtos dos que vostedes propoñen. E, ademais, hai múltiples canles para presentar reclamacións, tanto no Rexistro ordinario da Xunta de Galicia, como por teléfono, por correo electrónico, nos centros educativos... Polo tanto, pretender dicir que non existe un sistema de resposta pois é simplemente descoñecer a realidade.

Propoñen garantir o transporte en todas as partes e para todo o alumnado. Isto xa está garantido, sempre estivo e, por suposto, seguirá estando. O transporte escolar é un servizo esencial e nunca se interrompe por unha licitación. Como en calquera outro contrato público, o servizo mantense ata a adxudicación definitiva. E non hai ningún risco de que este estea desatendido.

E, con respecto á transparencia e rendición de contas, toda a información desta licitación está dispoñible publicamente na Plataforma de Contratos Públicos da Xunta de Galicia. E, ademais, neste Parlamento, como non pode ser doutra maneira, xa se responde a todas as preguntas que vostedes formulan con respecto a este servizo.

Polo tanto, pedir informes adicionais só sobre queixas sería ofrecer unha visión parcial, porque tamén hai inspeccións, seguimento dos centros e comunicación constante coas ANPA e tamén coas empresas.

En definitiva, todo o que vostedes piden xa se fai; non se achega nada novo ou responde a un relato interesado e parcial. Eu penso — nós pensamos — que, se hai algo fundamental no transporte escolar, é a función social que cumpre. Non se trata só de mover autobuses dun lado para outro, do que se trata é de garantir o acceso á educación en termos de igualdade, sen barreiras socioeconómicas nin xeográficas.

Este servizo, ¿que permite? Pois que un neno ou unha nena que vive nunha aldea pequena teña as mesmas oportunidades de chegar ao colexio que quen vive no centro dunha cidade. Iso é cohesión territorial e iso é igualdade real; or suposto, tamén é conciliación.



E, como dicía, o transporte escolar é unha prioridade absoluta para este goberno, porque non só se mantén, senón que se reforza, mellora e se moderniza cada curso.

Polo tanto, hai un transporte escolar que funciona, con incidencias mínimas —que acabo de relatar—, cun control efectivo, con sancións cando proceden e cunha nova licitación que reforza este servizo. E queda claro que a Xunta de Galicia defende un servizo público esencial que garante que cada día máis de 80.000 nenos e nenas, vivan onde vivan, teñan as mesmas oportunidades de acceder á educación.

Por todo isto, non imos aceptar esta moción. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Escoiten... *(A deputada Cecilia Vázquez Suárez vírase para falar co presidente.)*

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: E xa fóra de tempo, aínda que non sei se será unha metedura de pata —pero agardo que non—, quero dicirlle que creo que vai ser a última vez que debamos neste Parlamento, señor Abalde, e creo que sempre o fixemos dende o respecto e a cordialidade. Polo tanto, eu o que quero é desexarlle que teña sorte e que teña un bo camiño na nosa provincia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Abalde.

JULIO ERNESTO ABALDE ALONSO: Para empezar, señora Vázquez, moitas grazas polos bos desexos e, como somos da mesma provincia, supoño que a boa xestión tamén a desfrutará... *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)* ¿Eh? Pero aínda que sexa nacido en Vigo, vou desempeñar as miñas funcións na provincia da Coruña. Polo tanto, espero que desfrute da boa xestión que imos facer desde a Subdelegación do Goberno. Mañá vou estar por aquí; ou sexa, que aínda ten oportunidade, aínda que non estea no atri.

Señor Ríos, non necesitaba estar no Parlamento para ter unha visión ampla, porque a miña actividade persoal e profesional é moi longa e permíteme coñecer perfectamente Galicia. O que si lle podo garantir é que aquí, nos distintos postos que ocupei, tanto na Administración como na Universidade —e ao que vou ir agora—, sempre puxen por enriba de todo os intereses de Galicia e dos galegos e as galegas, *(Aplausos.)* e seguireino facendo, como viñemos facendo ata agora.

E, respecto do que dicía a señora Vázquez, eu, a verdade, despois de dicir que todo isto está feito, pensei que ían votar a favor, porque, claro, se resulta que todo está feito, ¿que problema hai en votar a favor desta cuestión? Porque do que se trata simplemente é de que non teñamos que pedir información a través do artigo 9, que, por certo, chega cando chega. Nalgunhas ocasións pediuse esta información, e esta información deuna o conselleiro o outro día, pero non nola pasaron por escrito. Polo tanto, o que se pide aquí é que a Xunta de Galicia se acostume a informar periodicamente ao Parlamento de como está esta situación.



Creo que é mal día para falar de caos no transporte. Vexa nas redes —porque nas televisións non aparece— como está a situación do transporte en Madrid, tanto de metro como de autobuses; hoxe e onte. Polo tanto, non creo que sexa bo día hoxe para que veña falar de boa situación no transporte. Efectivamente, Galicia ten o 20 por cento do transporte, por iso se require aínda moito máis esforzo, porque precisamente a poboación galega é unha poboación distribuída e necesítase moito máis esforzo por parte da Xunta de Galicia.

Vostede dime que queixas hai poucas. Pois a valedora non dixo exactamente iso. E agora voulle facer unha pregunta retórica. Non espero que ma conteste porque, se non, o presidente nos vai reñir. ¿Vostede cre lóxico que por culpa dos horarios dos autobuses se modifique o horario lectivo dun centro? ¿Vostede considéralo lóxico? ¿Vostede considera lóxico que haxa grupos nun centro que perdan unha hora de docencia á semana precisamente porque hai que axustar o horario de transporte co do centro do lado? ¿Vostede considera lóxico que nunha cidade como é Vilagarcía haxa un centro que teña media hora de diferenza entre a entrada e saída dos alumnos con respecto ao resto dos centros? ¿Vostede considéralo o lóxico? Eu, como docente, non, porque iso si que afecta a calidade educativa.

Polo tanto, xa repito, o único que se pretende aquí é transparencia, control. Vostede di que, efectivamente, incrementan o número de lotes e que van favorecer a competencia, ¡pero se a competencia a anuláron! Vostedes anuláron a competencia. Todas as pequenas e medianas empresas do transporte, moitas delas locais, desapareceron como consecuencia das contratacións que fixo a Xunta de Galicia. Entón, agora, intentar recuperar unha competencia cando a Xunta de Galicia nas súas medidas o que fixo foi eliminala é moi difícil. É moi difícil recuperar o morto, porque o morto é por causas das políticas da Xunta de Galicia.

Polo tanto, transparencia e rendición de contas. E se a Xunta non está disposta a facelo, simplemente o que demostra é a situación e o que entende a Xunta por dar un bo servizo á cidadanía.

Aproveito para —porque non sei se mañá me vai deixar falar o presidente—, nesta última intervención, despedirme de todos. Para min foi un pracer estar aquí. Aprendín moito, señor Ríos, a pesar do que dixen antes. Aprendín moito, e a verdade é que teño que agradecer a todos os deputados e as deputadas deste Parlamento a boa relación; fundamentalmente, fóra destas portas. E tamén quero agradecer ao meu grupo, o Partido Socialista, a confianza que depositou en min para presentarme ás eleccións e tamén a confianza que depositou agora para que vaia á Subdelegación do Goberno para seguir facendo servizo público, que é o que levo facendo dende o ano 1985.

Polo tanto, moitas grazas e sempre vai aquí, no corazón. *(O deputado Julio Abalde Alonso sinala coa man o corazón.)*

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O PRESIDENTE: Moitas grazas. E tamén lle desexamos na Mesa moita sorte.

E agora, xa rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.



Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de José Manuel Golpe.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Non sei se chegaron a un acordo... ¿Está transaccionado con todos os grupos? (*Asentimento.*)

(*O deputado José Manuel Golpe Acuña pronuncia palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos?

¿E que puntos? (*Murmurios.*) Perdón, vamos ver, o autor da moción dixo que aceptaba a votación por puntos. El é o dono da iniciativa. Entón, ¿que puntos queren separar? (*Murmurios.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Separar?

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Solicitamos a votación por puntos. Pediríamos facer votación separada do punto 1 e o resto votaríanse en conxunto. Do 2 ao 6 votaríanse en conxunto.

O PRESIDENTE: ¿Separar só un?

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Si.

O PRESIDENTE: Vale.

Están todos de acordo, así que imos votar o punto número 1.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto número 1.

O PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras, agás o punto 1.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados o resto dos puntos.

O PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Noa Presas.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular. A ponente do Grupo Parlamentario Popular pediu a votación por puntos... Non lla acepta... Entón, soamente se acepta como adición a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de don Julio Abalde.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a situación do transporte escolar en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción..

O PRESIDENTE: Continuamos agora co punto quinto da orde do día, que son as proposicións non de lei.

Antes saudamos a Asociación de Empresarios da Coruña, que hoxe visitan o Parlamento. (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) E empresarias... Bueno, eu leo textualmente. Aquí pon «Asociación de Empresarios». Será



que hai homes e mulleres. (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores: Ben se lles ve que son mulleres.) Non, eu vexo un home, dous... (Risos.) Eu vexo dous. Eu só pregunto... Non imos converter o saúdo nunha polémica. Ben, pois a Asociación de Empresarios e Empresarias da Coruña; ou só de Empresarias, se iso é o que queren. Dáme igual.

Quedan saudadas e grazas por vir ao Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños e do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación da débeda

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que acepte e solicite a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros, tal e como se recolle no proxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as comunidades autónomas de réxime común, cuxa metodoloxía responde a criterios obxectivos e que inclúe o criterio de poboación axustada como referencia».)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde ás empresarias tamén e ás mulleres, que xa vemos que dá igual cantas sexamos. Basta que haxa só un home para invisibilizarnos, pero, en fin, seguimos camiñando... (Aplausos.)

O PRESIDENTE: ¡Vaia polémica!

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Se non o entenderon, explícollelo despois, que boa falta me fai o tempo para isto.

O PRESIDENTE: Non perda o tempo con isto.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Efectivamente.

Señorías, hoxe traemos unha iniciativa que é xusta, urxente e necesaria. Pedimos que o Partido Popular de Rueda deixe de traizoar os intereses de Galiza, que rectifique e que acepte a condonación da débeda negociada polo BNG. As oportunidades hai que aproveitalas, e hoxe



Galiza ten unha oportunidade sen precedentes, que era absolutamente impensable durante os gobernos da dereita no Estado, e unha realidade hoxe, grazas ao papel das forzas soberanistas no Estado, que é que, ante un contexto sen maiorías, negociaron a favor de que se abra a negociación sobre a débeda. E así as cousas, hoxe está enriba da mesa unha quitación da débeda que aliviaría as nosas finanzas e que supón recibir un trato equitativo ás comunidades que non adherisen no seu día o FLA, como é o caso da Xunta de Galiza, que financiou a súa débeda no mercado privado e que, polo tanto, foi máis custoso.

Polo tanto, temos ante nós a oportunidade de aproveitar xusto o que pedía o Partido Popular cando pensaba que era un imposible, xusto o que demandou ao Parlamento galego no debate do estado da Nación de 2023. *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.)* Polo tanto, hoxe dicímoslle que xa chegou de pataleo, que é o momento de que, agora que o Congreso vai tramitar este proxecto de lei, o Partido Popular escollo por fin; que escollo por fin entre Galiza e o seu servilismo partidista ás instrucións de Génova.

Con esta iniciativa brindámoslles a oportunidade de rectificar e de acertar. Rectificar e acertar, porque a estas alturas xa ninguén cre as manipulacións do Partido Popular, as que se adica a facer, moi especialmente na CRTVG, respecto do debate da débeda. Sabemos que están acostumados a manipular e a terxiversar a realidade. Vímolos no *Prestige*, vímolos na guerra de Iraq e vímolos na crise de incendios. Negan vostedes as súas responsabilidades, negan vostedes os seus erros, negan todo o posible, e parece que todo vale, pero, desde logo, dos mesmos autores do negacionismo, do cambio climático, vemos agora o negacionismo da quitación da débeda. Polo tanto, queremos insistir hoxe nalgunha cuestión novamente.

En primeiro lugar, queremos insistir en que é absolutamente falso que a negociación da quitación invalide o máis mínimo a negociación dun sistema de financiamento mellor para o noso país. O Partido Popular di agora que non quere a quitación porque o que hai que negociar é un mellor sistema de financiamento. En primeiro lugar —insisto—, ¿que terá que ver unha cuestión coa outra? ¿Que impedirá ao Partido Popular negociar por Galiza, se é así o que quere? Dende logo, non tiveron os mesmos miramentos para abrir unha negociación cando no Estado español se destinaban milleiros de recursos económicos para sufragar o rescate millonario a Abanca, cando se dedicaban a rescatar as radiais madrileñas ou cando se aumenta o gasto militar. En todo caso, respecto ao sistema de financiamento, habería que dicir que «a boas horas, mangas verdes», porque eu quero recordar que ese modelo actual vixente que o señor Feijóo asinou do seu puño e letra no ano 2009 leva caducado dende o ano 2014. Aínda estaban vostedes no Goberno do Estado e non tiveron ansia ningunha por pedir un mellor financiamento para Galiza. Non negociaron co señor M. Rajoy, non negociaron cando entrou o Partido Socialista no ano 2018, e é máis, neste Parlamento vimos como na anterior lexislatura e nesta bloqueaban unha comisión de propostas para o sistema de financiamento. Nesta lexislatura nin sequera aprobaron o seu plan de traballo, porque ao Partido Popular non lle interesa ter unha proposta que defenda a Galiza, porque sabe que entraría en incoherencias coa súa estratexia partidista a nivel de Estado e porque saben que, ademais, o debate do sistema de financiamento hai que abrillo e hai que pedir máis avance en cotas de autogoberno, e non están dispostos a facelo. É máis, vimos como se dedican a criticar a proposta que o Bloque Nacionalista Galego, como líderes da oposición, si trouxo a este Parlamento para avanzar cara a un cambio de modelo e cara a un modelo de concerto



económico. Non lles gusta a proposta do BNG, pero non traen vostedes ningunha proposta. ¡Vaia vergoña!

En segundo lugar, queremos insistir en que agora din vostedes que non pode haber unha quitación porque beneficia os malos xestores. Mire, que se beneficie os malos xestores, desafortunadamente, a quen máis vai beneficiar, neste caso, será a Galiza, porque vostedes triplicaron durante os seus gobernos a débeda deste país; triplicaron a débeda destes gobernos e, ademais, poderíamos pensar que foi durante a época de crise para soste os nosos servizos públicos, pero a verdade é que iso non pasa nin o máis mínimo exame, non pasa a proba do algodón, porque vostedes triplicaron a débeda máis de 12.000 millóns de euros, segundo o último dato do Banco de España, ao que habería que sumar as colaboracións público-privadas, como ese fracasado Hospital Álvaro Cunqueiro ou as autovías, tal e como demostran os informes do Consello de Contas.

Pero, en todo caso, ¿que fixeron vostedes tamén nestes anos cos servizos públicos? ¿Que fixeron coa sanidade, por exemplo? Para mostra, un botón: máis de 1.900 millóns de euros recortados en atención primaria durante os anos do seu goberno, que explica que haxa que agardar ata dez días por unha consulta ou que haxa neste país nenos e nenas segundo a pediatra ou que pase o que pasa no ensino, que acaban de comezar as clases. Pois un propio informe do Consello de Contas deixou ben ás claras que entre 2009 e 2019 recortaron vostedes 2.500 profesores e profesoras neste país. Iso é o que explica ter un ensino que aínda non se recuperou dos seus recortes e que por iso vai ir o próximo sábado a unha gran mobilización en defensa do ensino público neste país. Así teñen vostedes os servizos públicos, mentres triplicaron a débeda deste país; unha hipoteca para futuras xeracións e para futuros gobernos.

Polo tanto, é unha absoluta manipulación dicir que unha quitación da débeda de máis de 4.000 millóns de euros non suporá un beneficio para Galiza, porque é evidente que si —¡é evidente que si!— e, ademais, é evidente que están a manipular esta cuestión e que cada vez teñen menos argumentos enriba da mesa. Saben vostedes que o seu goberno gasta este ano, este exercicio orzamentario 2025, máis en pagamento da débeda que en toda a Consellaría de Política Social; saben vostedes que, se o Estado asume a súa responsabilidade e asume unha parte, un terzo desa débeda, vai ser o Estado quen se responsabilice por unha vez dun problema que tamén causou, en boa parte pola súa política centralista; e saben que cada euro que aforren vostedes no pagamento da débeda pode ir destinado a gasto social, e se agora o Partido Popular quere abrirse tamén a acabar co marco de límites de déficit, benvidos a ese debate.

Pero, en todo caso, nós insistimos: se non lles gustaba a proposta, tiveron meses para negociar. O Estado trasladoulle á Comunidade unha proposta en febreiro. ¿E que fixo o Partido Popular? Da primeira reunión, levantouse; levantouse para facer seguidismo da estratexia da señora Ayuso. Da seguinte reunión, vangloriábase de que durou 10 minutos, e foi telemática. E, a partir de aí, ¿que fixo o presidente da Xunta? Non negociou co presidente do Goberno. En todo caso, iso foi unha vergonza. Pedímoslle que sexa unha vergonza do pasado e que aproveiten o presente. Agora mesmo este proxecto de lei vaise tramitar no Congreso das e dos Deputados, e Galiza terá que aproveitar esta oportunidade de negociación.



Polo tanto, hoxe teñen a responsabilidade e teñen a oportunidade de demostrar que teñen algo aínda de fidelidade a este país e que van antepoñer os intereses de Galiza fronte aos intereses do señor Feijóo no Estado. Demostren que obedecen a Galiza, acepten unha quita-ción da débeda e abran unha oportunidade que este país non pode desaproveitar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Benvidas, empresarias da Coruña.

Señorías, hoxe Galicia xa ten enriba da mesa unha oportunidade histórica: liberar 4.000 millóns de euros de débeda pública. A pregunta é sinxela, señorías da bancada do PP: ¿están co futuro de Galicia ou están co cálculo partidista do señor Feijóo?; a ese Feijóo que lle gusta máis «a fruta» que facer unha oposición á altura do Estado. Como se di que é un partido de Estado e que teñen esa ansia de chegar ao poder, pois non está facendo unha oposición á altura do Estado. ¿Por que non condena con todas as letras o xenocidio de Gaza? Estamos orgullosas —en feminino— as socialistas de Galicia de saber que estamos do lado correcto da historia, cun presidente que anuncia medidas contundentes contra o xenocidio, dando exemplo en Europa —jen Europa!—; recordamos as palabras que dixo Borrell: «asistimos atónitos a unha Europa que está perdendo a alma». Tamén estamos orgullosas de non estar do lado dos que practican a política da lameira, rebaixando todos os límites ao falar de fosas comúns, insultando as vítimas do franquismo.

Señorías, e outro exemplo dese boicot, dese seguidismo vergoñento e lamentable do señor Rueda, é negarse a aceptar a quitación de 4.000 millóns de euros, que é como rexeitar un premio de lotería. Hoxe o PP ten que elixir entre Feijóo ou Galicia, e non hai volta de folla.

Aquí está a clave. Esta condenación non é un agasallo, é unha oportunidade de facer política útil para Galicia, lonxe da lameira. E temos unha proposta, que é histórica, e que marca unha xeración. A proposta do Goberno de España supón condonar máis de 83.000 millóns de euros de débeda pública a todo o Estado, ás comunidades autónomas de réxime común, dos cales 4.000 millóns serán correspondentes a Galicia. E non estamos a falar dunha cifra abstracta, estamos a falar de sanidade pública, de escolas, de residencias, de dependencia, e estamos a falar do futuro. O que ofrece o Goberno de España é claro: primeiro, 4.000 millóns de euros de débeda pública, que xa non será galega, e que non é incompatible con falar, con negociar do sistema de financiamento autonómico, poñendo a Galicia no corazón e na cabeza, e atendendo, claro, ás singularidades galegas como nacionalidade histórica que somos. Implicará unha redución inmediata do risco financeiro da Xunta e un alivio das amortizacións anuais da débeda, que significa aforro dos intereses sempre que se cumpra a regra de déficit, que, evidentemente, Galicia non cumpre —como dixo a Airef—, non polo lado dos gastos, senón polo lado dos ingresos, coa política irresponsable de recadación fiscal que practica o Goberno



do PP, que leva dezasete anos na Xunta. Podemos entender que a unha familia, se lle quitan un terzo da súa hipoteca, do piso que está a pagar, amortiza intereses ou amortiza capital; evidentemente, iso é o aforro.

E, fronte a isto, ¿que fai o PP? Escusas e máis escusas, e sobre todo seguidismo de Feijóo. E dígolles máis. Cando este anteproxecto de lei orgánica chegue ao Congreso, será moi difícil de explicar por que os deputados e deputadas galegos que sentan na bancada do Congreso votan en contra de que a Galicia se lle condone 4.000 millóns de débeda. ¿Como lle van mirar á cara os veciños e veciñas aos que representa cando regrese a Galicia?

E miren os datos, son moi clariños: hai un problema de débeda. Dende que están no Goberno, triplicouse: en 2009, eran 4.900 millóns, e agora son máis de 12.000. Pagamos máis de 1.700 millóns de euros en xuros desa débeda, que supón o orzamento da Consellería de Política Social. A quitación supón borrar un de cada tres euros de débeda. E grazas ao criterio de po-boación axustada que se aplica nesta proposta do Goberno de España, teranse en conta as singularidades do avellentamento e tamén a dispersión xeográfica de Galicia.

Pero, como dicía, non só temos que mirar o lado dos gastos, tamén hai que ver o lado dos ingresos. Esta é unha balanza en equilibrio, e o señor Rueda, ademais de practicar un se-guidismo obsceno, é irresponsable na súa política fiscal. ¿Por que? Porque lles perdoa im-postos aos máis ricos mentres recorta e privatiza servizos públicos.

Imos dar datos. Os patrimonios máis altos de Galicia acumularon case 9.000 millóns de euros máis nos últimos anos. O 8 por cento dos máis ricos de Galicia concentran o 76 por cento do patrimonio total dos fogares. E vostedes no PP seguen falando de bos xestores, cando o que fan é deixar que uns poucos gañen máis a custa da maioría dos galegos e das galegas.

Tamén se falaba hoxe pola mañá do artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria. Eu tamén sei ler ese artigo, e no apartado 4º, ¿que di? No apartado 4º di que as comunidades au-tónomas que asuman competencias normativas de autogoberno fiscal poderán incrementar as regras de gasto público. Para que todos o entendamos: se Galicia asume máis autogoberno fiscal nos tributos cedidos polo Estado —imposto de patrimonio, o tramo do IRPF, o imposto de doa-zóns—, pois, evidentemente, poderá gastar máis en servizos públicos básicos: recuperación da atención primaria, sanidade pública, atención do profesorado aos nenos con necesidades educativas especiais; e un SAF digno e unhas residencias públicas dignas, señorías. (*Aplausos.*) Esa é a realidade e o demais son contos, e non se confundan. Intentan enganar, pero este non é un traxe a medida para Cataluña. As comunidades autónomas máis favorecidas están gober-nadas polo Partido Popular, pois, en termos absolutos, Andalucía é a máis beneficiada, con 18.900 millóns; e per capita as máis beneficiadas son: Andalucía, Valencia e Murcia.

E, por outra parte, quero ser clara co BNG. Levamos semanas escoitando que esta quitación foi negociada polo BNG. Pois ben, imos dicilo con claridade: non é certo. Se o modelo se aplica a todas as comunidades en réxime común, ¿tamén negociaron vostedes a quitación de Murcia, de Aragón ou de Castela-A Mancha? Non, señorías, non. O que vostede pactaron no 2023 no acordo de investidura foi pedir medidas compensatorias se había condonación, diferenciando se as comunidades autónomas acudiran ou non ao FLA; o resto é propaganda.



E o máis grave da súa contradición é que, por un lado, defenden —con razón— aceptar a quitación de 4.000 millóns de euros, nun sistema solidario, equitativo e xusto, pero, por outro, piden un concerto económico que suporía saír dese sistema común e solidario e quedar illados, ademais de ser ruinoso para Galicia. É dicir, o BNG defende unha medida que reforza a solidariedade territorial e ao mesmo tempo pide un modelo insolidario.

Por iso, señorías, as conclusións son moi claras:

Primeiro, o PP está disposto a sacrificar 4.000 millóns de euros por seguidismo de Feijóo, e iso será un erro histórico.

Segundo, o BNG presume de que non o fixo, e ademais propón modelos que serán letais para Galicia. Iso é incoherencia.

E o PSOE, o PSdeG ofrece unha medida seria, unha medida legal e unha medida xusta, unha medida solidaria.

O PPdeG e o señor Rueda á fronte teñen que escoller entre Feijóo ou Galicia. Se votan en contra desta medida no Congreso, cometerán unha traizón a Galicia que quedará gravada na memoria colectiva.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)
Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Presas, nunca podería imaxinar que veríamos unha iniciativa na que o BNG fose máis sanchista que o propio señor Besteiro.

Veñen aquí dicindo que estamos ante un acordo beneficioso para todas as comunidades autónomas, cando a realidade é que esta proposta de quitación non deriva dun acordo negociado co conxunto das comunidades, e incluso algunha delas, como, por exemplo, Galicia, sairá prexudicada. Estamos ante unha tomadura de pelo, estamos ante unha máis das peaxes que Sánchez ten que pagar por ter sido investido presidente.

E voulle lembrar algo, porque fala do acordo adoptado no DEA no ano 2023. Non manipule, por favor. O que se aprobou por unanimidade foi que, no caso de condonación ás comunidades que se adheriron ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fi-



xeron. E nós consideramos, como vou explicar, que esta oferta de condonación da débeda non é en absoluto equitativa. *(Aplausos.)*

Señorías do BNG, vostedes, que sempre presumen de poñer os intereses de «Galiza» por enriba dos intereses dos partidos, resulta que son os máximos defensores dunha «quita-ción-trampa» como consecuencia da cal cada galego acabaremos pagando máis débeda da que temos na actualidade. Mire, que aquí o señor Besteiro —co papelón que fixo esta mañá— defenda este sistema, pois pouco nos asombra, porque xa sabemos que o seu papel se limita a ser unha sucursal do sanchismo en Galicia, pero que agora o partido da señora Pontón pretenda ser máis papista que o Papa e máis servilista ante Sánchez que o propio PSdeG é, como mínimo, sorprendente. Porque vostedes, señorías da oposición, respecto da quitación, non dixeron unha soa verdade. E como o tempo é moi limitado, eu só lles vou comentar hoxe tres mentiras.

Primeira mentira. Mentiron cando afirmaron que estabamos ante unha condonación da débeda. Vostedes saben que iso é falso. A débeda non se condona, non desaparece, non se volatiliza; a débeda o que fai é cambiar de mans; pasa das comunidades autónomas ao Estado. E todos os españois, incluídos os galegos, pagaremos a débeda dos cataláns; débeda xerada polo derroche independentista. Non nos cansaremos de repetilo porque vostedes están enganando os cidadáns.

¿E que mellor exemplo dese engano que o recente exemplo da ministra de Hacienda, ou da ministra portavoz dos socialistas en Madrid, cando dixeron ambas ministras que «a que familia española no seu san xuízo» —dixo a señora Montero—, «se se lle plantexa unha condonación de parte da súa hipoteca, diría que non? Pois, por suposto, ningunha. O que pasa é que á señora ministra se lle olvidou dicir que a esa familia responsable se lle perdoa parte da súa hipoteca, pero vaille tocar asumir a hipoteca dun veciño que gastou sen control e que é dun importe superior ao que esta familia tiña. Señora ministra, ¿quen voluntariamente quere asumir unha hipoteca maior da que tiña porque outros gastan irresponsablemente? Pois xa llo digo eu: Ninguén. Sánchez invita, pero pagas ti. *(Aplausos.)*

Segunda mentira. ¿Cantas veces temos escoitado aquí aos grupos da oposición —hoxe mesmo— que aceptar esta quitación implicaría que Galicia disporía de 4.000 millóns de euros de recursos adicionais? Iso non é certo. Esta quitación-trampa non implica maior capacidade de gasto. Trátase dunha operación exclusivamente financeira, e o que se aforra de débeda non xera maior marxe de gasto para outras políticas públicas. Quizais este sexa o maior dos bulos que temos escoitado con respecto á quitación-trampa. Estamos ante unha actuación insólita dos grupos da oposición, que supoño que o fan para enganar a poboación e convencela de que esta operación non é o que realmente é: un pacto político cos independentistas cataláns.

Trátase conscientemente de crear un relato confuso e incerto ante a opinión pública —que non ten por que coñecer os temas técnicos— e á que se lle traslada a idea —repito, falsa— de que menos débeda podería conlevar maior gasto. Ben, xa vimos esta mañá o propio señor Besteiro defendendo este bulo. Está claro que ou non se entera —non sei— ou intencionalmente contribúe a esta estratexia de confusión. El saberá por que actúa así.



Pero é que non é só o señor Besteiro. Tamén a señora Pontón a semana pasada chegou a afirmar que aceptar esta quitación significaría ter máis recursos, nada máis e nada menos que para atender necesidades sociais: «...recuperación de lumes, vivenda, sanidade, educación ou para facer fronte ao despoboamento rural» —pecho comiñas—.

Señora Presas, vostede foi máis prudente que a señora Pontón e xa no último pleno, e hoxe mesmo, recoñeceu que de 4.000 millóns de euros, nada de nada. E dixo que, como moito, se poderían reinvestir os euros que se aforren en intereses. Pero iso tampouco é así. Así que, por favor, señorías da oposición, deixen de percorrer Galicia espallando unha mentira. (*Aplausos.*)

Como dixo hoxe o presidente Rueda, eu non lles pido que nos crean a nós, pídolles que crean o Ministerio de Hacienda, no artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade presupostaria, (*A deputada Cristina Sanz Arias mostra un documento.*) —está colgado o documento que acompaña o anteproxecto que se aprobou no Consello de Ministros—, que di, na súa páxina 7 —xa llo leu o presidente, pero voulo repetir eu tamén—: «Artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria: Impide que o aforro de intereses producido pola redución de débeda poida ser empregado en incrementar o seu gasto». Impide incrementar. Queda claro ¿non?

Pero, se non me cren a min, non cren o presidente Rueda e non cren o Ministerio de Hacienda, pois poden crer a Airef, que di nunha nota informativa: «En consecuencia, este aforro non modifica o cálculo» —sen excepcións, señora Iglesias— «da regra de gasto e, polo tanto, non xera maior marxe de gasto noutras políticas públicas». Queda claro, pero, se non lles vale nin a Airef nin todo isto que lles digo, pois lean a prensa, que na prensa tamén está. (*A deputada Cristina Sanz Arias le unha nota de prensa.*) O anteproxecto da quitación da Airef «desmiente a Sánchez y a Montero» —literal—; «o aforro non pode xerar máis gasto». ¡É que eu xa non sei como máis llelo podemos explicar!

Eu penso que queda claro que estamos ante argumentos contundentes, non interpretables nin opinables. Estamos ante o mandato claro dunha lei; así que, por favor, deixen de enganar.

¿Onde están os 4.000 millóns de euros, señor Besteiro? ¿Onde están os 4.000 millóns de euros, señora Pontón?

Ben, por último, terceira mentira. Tampouco explican que estamos ante un negocio ruinoso, porque Galicia tería que asumir 600 millóns de euros de débeda doutras comunidades autónomas. Isto implicaría algo que xa explicamos moitas veces, pero farémolo todas as que faga falta: a cada galego, con esta oferta, redúceselle a débeda en 1.477 euros, pero coa asunción de débeda que temos que facer desde as comunidades autónomas asumiríamos 1.702 euros de débeda estatal. En definitiva, con este suposto negocio da quitación-trampa, cada galego nos endebedaríamos en 225 euros máis.

E, por se isto fose pouco, tamén sabemos que o cálculo se nos fixo por..., que se nos deu un 4,8 por cento. Non sei moi ben por que, por debaixo da poboación, que somos un 5,5 por cento, ou por debaixo da poboación axustada, que somos un 6,7 por cento. Mirémolo como o miremos, para os galegos este é un negocio ruinoso, xa que as comunidades máis beneficiadas teñen unha condonación por habitante axustada un 67 por cento superior á nosa.



Señora Presas e señora Iglesias, ¿como explican isto? Se vostedes apoian esta discriminación, terán que explicar por que o fan; por que veñen aquí defender sen rubor unha quitación-trampa deseñada co cálculo que máis prexudica a Galicia.

Nós non apoiaremos esta iniciativa. Apoiaremos o Goberno galego, que presentou alegacións ao anteproxecto e tamén o apoiaremos se decide tomar calquera medida, como, por exemplo, acudir á vía xudicial; o que se necesite para defender a Galicia deste atropelo.

Remato xa, deixando claro que os populares galegos non nos someteremos ás exixencias do independentismo catalán e da folla de ruta da súa chantaxe a Sánchez; folla de ruta que pasa pola aprobación da chamada condonación da débeda como paso previo á aprobación do cupo catalán e do financiamento singular para Cataluña, que será a escusa perfecta para sacar esa comunidade do sistema ordinario, de xeito que a débeda que eles contraeron a terminemos pagando todos os españois —os galegos tamén—, e ademais deixan de contribuír ao sostemento deste país.

Votaremos en contra desta iniciativa con total convencemento. A condonación da débeda é unha condenación ao contribuínte do resto de España a sufragar a república ensoñada polo independentismo catalán.

Non cabe maior impunidade, ilegalidade e traizón por parte do Goberno de Sánchez, pero o máis triste é que a señora Pontón e o seu partido se preste a esta trama. E vostedes, que tan nacionalistas galegos din ser, o que están facendo é defender os intereses de Cataluña por enriba dos intereses de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, co Partido Socialista vou perder un minuto e xa me queda dito para o resto de debates que nos quedan por diante neste período de sesións.

Eu sei que é difícil de entender para un partido acostumado a recibir ordes de Madrid, pero o que guía as actuacións do Bloque Nacionalista Galego é bastante claro: o BNG defende Galiza contra o egoísmo do centralismo. (*Aplausos.*) ¡É así de claro, e nós non nos equivocamos de inimigo! Hai quen si, e o resultado é que cada vez máis xente confía na forma de entender a política que temos no BNG.

Ben, señora Sanz, dixo unha verdade: que a quitación da débeda é unha peaxe que ten que pagar o Partido Socialista por ser investido. Por fin entendeu que o BNG negociou o seu voto de investidura a cambio de cuestións positivas para Galiza ¡Por fin o entenderon!, ¡por fin o entenderon! (*Aplausos.*)



Agora só falta que recoñezan o lóxico e o evidente, que é que a Galiza lle vai ir mellor cunha quitación da débeda que sen ela. ¿Cal é a cuestión? Que vostedes estiveron anos e anos argumentando que se había unha quitación ía ser só para Cataluña. *Spoiler*: non foi así. Despois argumentaban que ía ser só para as comunidades que adherisen ao FLA; que vostedes non adheriron, pagaron máis. ¿E quen foi o inventor do FLA 1 e 2? O señor Montoro, agora investigado por corrupción. En fin, en todo caso, iso non pasou tampouco. O BNG cumpriu con este acordo do debate de investidura (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.*) e negociou para que Galiza estivese incluída, para que as comunidades que non adheriron ao FLA non fosen penalizadas nunha negociación da quitación da débeda. Eu pregúntome: ¿por que vale que o Estado se endebede para financiar as radiais madrileñas ou rescatar a banca e non vale que se endebede para aliviar a carga de débeda que vostedes triplicaron? (*Aplausos.*)

Se eu teño que pagar todos os meses 20 euros ao banco e, de súpeto, hai alguén que vai asumir estes 20 euros, pois poderei reinvestir os 20 euros que ía destinar noutras cuestións. (*Murmurios.*) Ninguén do BNG dixo aquí que nos fosen ingresar un cheque multimillonario de 4.000 millóns de euros.

E outra vez volvo dicir: ¿queren ter arredor de 4.000 millóns de euros máis para investir neste país? Pois cambien vostedes de modelo e defendan que Galiza xestione directamente os seus recursos económicos e os seus impostos cun modelo de concerto e negocien despois canto se lle devolve ao Estado. (*Aplausos.*) ¡É así de sinxelo! Os expertos en condonar son vostedes, condonando sempre impostos aos máis ricos.

E xa agora, de repente, están descubrindo que hai un problema co límite de déficit do marco de estabilidade. É que foi historicamente o Bloque Nacionalista Galego a única forza política deste país que se opuxo a iso. Negocien vostedes co Estado poder ter máis recursos. ¡É así de sinxelo!

Polo tanto, nós insistimos unha vez máis, por responsabilidade política con este país: non hai ninguén que lles compre que lle vai ir mellor a Galiza sen aceptar unha quitación que aceptándoa. Polo tanto, é o momento de que rectifiquen, de que entren en razón, de que disimulen un pouco durante a tramitación no Congreso das e dos Deputados e de que cheguen a un acordo polo ben de Galiza. É increíble pensar que haxa gobernos do Partido Popular dispostos a traizoar os intereses deste país simplemente pola estratexia cutre e electoralista do señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

«A parte resolutiva da iniciativa quedará redactada do seguinte xeito:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

a) Aceptar os 380 millón de euros do novo Plan de Vivenda Estatal promovido polo Goberno de España, para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.

b) Aumentar ata un 40 % o seu financiamento para o vindeiro Plan Estatal de Vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixirlle ao Goberno de España:

a) Reclamar que calquera medida ou iniciativa en materia de vivenda sexa previamente consensuada e dialogada coas comunidades autónomas, garantindo o respecto ao principio de lealdade institucional e ás competencias exclusivas ou compartidas recollidas no marco constitucional e estatutario.

b) Reclamar que atenda de forma efectiva as peticións, propostas e necesidades expostas polas comunidades autónomas en materia de vivenda e, particularmente, as formuladas pola Xunta de Galicia, garantindo un tratamento equitativo, transparente e estable.

c) Convocar a Conferencia Sectorial de Vivenda que leva desde o mes de outubro sen reunirse, como foro de cooperación multilateral no que facer efectiva a participación das comunidades autónomas na definición do interese xeral, o apoio á unidade de acción e o respecto ao autogoberno e a diversidade».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei para o debate en pleno.

Emenda de adición.

«Engadir na parte resolutiva o seguinte texto in fine:

“Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Presentar publicamente e ante esta Cámara as propostas concretas e detalladas que o goberno galego pretende trasladar ao Ministerio de cara ao novo Plan Estatal de Vivenda, no prazo máximo de 15 días.

-Acadar un acordo co Goberno do Estado para aumentar o orzamento destinado ao Plan Estatal de Vivenda para Galiza en, cando menos, os 380M€ propostos na Conferencia de Presidentes”».)



O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Deza.

MARÍA DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais desafíos sociais que afectan milleiros de españois e tamén de galegos. Trátase dunha cuestión sensible que require unha planificación seria, estabilidade normativa, financiamento suficiente e, sobre todo, cooperación leal entre administracións.

E, neste contexto, traemos hoxe esta iniciativa, que reivindica precisamente esa cooperación guiada polo diálogo institucional e o consenso; unha iniciativa que procura a aprobación dun novo plan estatal de vivenda, porque no día de hoxe, a piques de rematar o anterior, a Xunta segue sen ter un borrador do mesmo.

Porque Galicia, a pesar das falsidades difundidas —por exemplo, polo alcalde da cidade olívica— non renuncia a chegar a un acordo ao respecto do financiamento do novo plan estatal, tal e como veu reiterando o Executivo galego en numerosas ocasións. E neste sentido xa se mantiveron varias reunións e intercambiáronse numerosas cartas co Ministerio, nas que desde o primeiro momento foi manifestado pola Xunta de Galicia o interese por acceder aos fondos do plan estatal.

¿E que dúas demandas se trasladaron desde Galicia? Que, por certo, non acaban de cumprirse. Primeiro, coñecer o borrador do novo plan, cuestión que interpreto que a todo o mundo lle parecerá lóxica. E, segundo, que se convoque a Conferencia sectorial coas comunidades autónomas. Porque a falta de información respecto do novo Plan estatal de vivenda 2026-2030 pon en risco as necesarias actuacións que, no seu caso, deben levar a cabo as comunidades autónomas. Por iso, ten todo o sentido reiterar a petición de información detallada sobre os diferentes aspectos do futuro plan de vivenda, que a Xunta aceptaría cofinanciar co corenta por cento, tal e como propón o Goberno de España.

E, fronte ao silencio, a Xunta non permanece de mans cruzadas. Pero, ante a falta de información do Goberno central, o Goberno autonómico remitiulle as propostas de Galicia xa o pasado mes de decembro para o novo plan estatal. Entre outras, propoñíase: un marco común e flexible; financiamento acorde co esforzo investidor de cada comunidade autónoma; cofinanciamento das vivendas de promoción pública en réxime de venda e alugueiro; axudas á rehabilitación, á conservación, á accesibilidade e á mellora da eficiencia enerxética; axudas para vivenda protexida para promotores e cooperativistas en alugueiro e tamén en venda; axudas a particulares para a mobilización das vivendas baleiras; a cesión gratuíta de vivendas e solos da Sareb; e a revisión da Lei polo dereito á vivenda e da normativa fiscal.

Miren, a semana pasada na famosa entrevista emitida na TVE, o presidente do Goberno pedía a cooperación dos concellos e das comunidades autónomas para resolver os problemas da vivenda. Nesa mesma entrevista Sánchez asegurou que o Executivo central está a poñer as escadas para resolver as dificultades ao acceso á vivenda tanto en alugueiro como en pro-



piedade. Pero, ¿de verdade isto é así? Vaiamos aos datos. Se poñemos o foco no mercado residencial, vemos como se mantén a escalada de prezos; segundo o índice de prezos da vivenda publicado polo INE, o prezo de venda libre en España creceu un 12,7 por cento interanual no segundo trimestre de 2025, o maior incremento desde o 2007. Así mesmo, o déficit de vivenda acumulado en catro anos ascende a unhas 515.000 vivendas, cifra que crece ata as 600.000 se se consideran as vivendas terminadas. Respecto á oferta de vivenda no mercado do alugueiro, a Federación Nacional de Asociacións Inmobiliarias advertiu de que o inventario da oferta de vivenda e do alugueiro de longa estancia caeu un 36,3 por cento ao longo do ano 2024, mentres que a demanda creceu a un ritmo dun 26,28 por cento. En 2024, o total de inmobles comercializados en réxime de alugueiro en España foi de 734.662, unha redución de máis de 120.000 vivendas en tan só dous anos; e para este ano 2025 a previsión é que a cifra siga diminuindo. Ademais, desde a introdución da Lei de vivenda os prezos dos alugueiros subiron máis do vinte e seis por cento, superando por primeira vez os mil euros de media.

Todos estes datos demostran que Sánchez non estaba contando a verdade. Son consecuencias dunha normativa intervencionista que pretende resolver os problemas mediante imposicións e limitacións, que o único que ocasionan é unha redución na dispoñibilidade da vivenda. (Aplausos.) E non falemos das 183.000 vivendas públicas prometidas polo señor Sánchez, obxectivo que pretendía lograr combinando actuacións do Ministerio e da Sareb. Porén, segundo os datos facilitados polo propio Goberno, a finais do 2024 soamente se acadou o cinco por cento do prometido. Ese é o resultado despois de oito anos de políticas impulsadas polo Goberno do señor Sánchez e dous anos despois da entrada en vigor da lei de vivenda estatal, que era a que prometía que ía conter os prezos, garantir o acceso á vivenda, ampliar o parque do alugueiro e protexer os inquilinos. Pero os datos son os datos, e nada máis lonxe da realidade. O señor Sánchez dicía cando se aprobou esta lei que *«la vivienda deja de ser un bien de lujo y se convierte en un derecho. Política útil para la mayoría»*. E desde aquí eu digo: ¡menos mal que se trataba de política útil! (Aplausos.)

E, fronte a esa «política útil» que cada vez dificulta máis o acceso á vivenda, aquí en Galicia o Executivo galego triplica neste exercicio o orzamento destinado á vivenda. No que vai de lexislatura están en marcha máis de 2.800 novas vivendas públicas; adquiríronse e rehabilitáronse no marco do Programa Rexurbe máis de noventa inmobles; creouse a sociedade Vipugal, que xa avanza no seu reto de construír 2.350 vivendas de promoción ata o 2028. Aprobáronse medidas excepcionais e temporais, aplicables ata finais de 2028, como que as vivendas de promoción pública adquiren a condición de obra de interese xeral, de tal forma que permitirá axilizar os procedementos. Elimínanse trabas para a conversión de baixos en vivenda, facilítase o remate de obras inacabadas e moitas outras medidas, tamén tributarias. Estase a promover tamén o novo programa de mobilización de vivendas baleiras, Fogar Vivo, para incentivar a entrada no mercado do alugueiro de vivendas de titularidade privada con renda accesible. Ademais, estase a traballar cos concellos na cesión de solo urbano consolidado para a execución de vivendas; grazas a estas cesións disporase de solo para máis de oitocentos cincuenta novos fogares. Redobráronse esforzos para desenvolver solo no que se poderán construír 25 novas vivendas máis nos próximos anos. Lanzouse o novo fondo de cooperación para financiar sen xuros a construción de nova vivenda protexida. E por medio de axudas para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal colabórase tamén cos



concellos de menos de 30.000 habitantes para incrementar o seu parque público de vivenda para alugueiro. En definitiva, fronte a unha política intervencionista do Goberno central que pode cualificarse de todo menos útil, unha política que procura garantir un acceso real ao principal ben das familias, o acceso ao seu fogar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Correspóndelle á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de vivenda, sempre é bo lembralo. Moito se falou esta mañá de competencias; competencia de vivenda, esquecida e non exercida durante dezaseis anos polos gobernos do PP. E agora chegan as présas e, como sempre, os culpables son os demais. Tamén esta mañá o demostrou o presidente do Goberno. En suma, facendo abandono das competencias exclusivas.

A vivenda é un dos maiores retos aos que se enfronta Galicia. É certo, o acceso á vivenda digna é un dereito constitucional que o Goberno galego debe garantir. Os gobernos do PP —Feijóo e Rueda— levan moitos anos sen un compromiso real pola vivenda pública, sen planificación e nun abandono institucional que na práctica supón unha renuncia deste Goberno galego a exercer unha política de vivenda que necesita a sociedade galega e que debe ser máis ambiciosa. Galicia, como consecuencia dos dezaseis anos do Goberno do PP, carece dun parque público de vivenda que se axuste ás necesidades da súa poboación. Países europeos contan cun parque público que está entre o 15 e o 25 por cento de vivendas; Galicia —consecuencia das políticas do PP— figura nos últimos postos de Europa, moi por debaixo do 5 por cento.

A realidade é incontestable: a pesar dos datos da señora Deza, hai non tanto —uns meses— 18.000 familias galegas estaban en lista de espera por unha vivenda pública; e, en moi poucos meses, a cifra de hoxe é de 22.000 familias. Este incremento en moi pouco tempo débese a que cada día esa lista se incrementa en 18 solicitudes novas. Mentres tanto, os prezos do alugueiro e a adquisición da vivenda dispáranse día a día, facendo imposible o acceso á vivenda para a gran maioría, ante a pasividade do Goberno Rueda, fracasando estrepitosamente.

Propostas dos socialistas como o Banco Público de Alugueiro, que poderían ter efectos inmediatos, como ocorreu noutras autonomías, son desprezadas polo Goberno da Xunta. O Goberno de Rueda, señora Deza, non practica a colaboración institucional; o PP galego é unha sucursal de Génova e non prioriza os intereses de Galicia. A súa estratexia política está dirixida polos obxectivos e ordes de Feijóo; ordes e obxectivos que non son os de Galicia. A confrontación partidaria levada ao extremo supón unha renuncia de recursos para Galicia. É en materia de vivenda un dos mellores exemplos, porque a competencia, que lle corresponde ao Goberno galego, lévase a cabo coa importante achega de fondos orzamentarios do



Goberno de España, —recórdolle, señora Deza— o 66 por cento, algo que aquí se oculta e non se recoñece.

Para falar de política de vivenda, o Goberno galego debe esquecerse das ordes de Feijóo. A demostración de todo isto produciuse no mes de xuño, con motivo da celebración da Conferencia de Presidentes. O Goberno de Pedro Sánchez propuxo un novo Plan estatal de vivenda 2025-2028; propúxoo —si, señora Deza— e foi aprobado nesa Conferencia de Presidentes. O problema do PP de Galicia e de toda España é que xa tiñan prefixada a posición de boicotear calquera debate. Días antes decidíano, nesa estratexia de Feijóo que seguen vos-
tedes a cegas en toda España e tamén aquí.

E pregunto: esa confrontación partidaria ¿que prexuízo lles supón aos galegos? Pois renunciar aos recursos que o Goberno do Estado propón achegar. No caso de Galicia, o presidente Rueda, señora Deza, renunciou expresamente a 380 millóns de euros, o que supón a construción de 4.000 vivendas públicas; un investimento que multiplicaba por 2,5 o plan anterior. É dicir, cumprir as ordes de Feijóo supónlles a 4.000 familias galegas quedar sen vivenda pública. Unha irresponsabilidade, outra máis das actuacións deste Goberno que prexudican gravemente a sociedade galega só por confrontar con Pedro Sánchez; o único obxectivo do PP neste Parlamento, como demostran as estatísticas das iniciativas propostas por vostedes nesta lexislatura e que recollía a prensa hai uns días.

Porque si que hai novo Plan de vivenda 2025-2028. A proba está en que en Euskadi, Navarra, Canarias e Asturias aceptaron eses fondos para a construción de vivenda. Fronte a isto, Galicia renunciando —como dicía— a 380 millóns de euros e a 4.000 vivendas. Un novo plan de vivenda que non só achegaba fondos, tamén incluía medidas estruturais. E a Xunta, co catecismo do PP e por motivos estritamente de partido, renunciando a fondos estatais.

Miren, reclaman na súa proposta colaboración institucional, precisamente o que vostedes non practican. Reclaman reunións e os socialistas estamos de acordo. Pero ¿para que as reunións, señora Deza? ¿Para que? O problema é que, unha vez convocadas esas reunións, o PP de Feijóo boicoteaas e vostedes, o PP galego e o Goberno da Xunta, seguen cos ollos pechados esas ordes e, antes de sentarse nesas reunións que piden, xa anuncian o seu desacordo e boicot aos acordos. Todo iso inclusive antes de escoitar o que se propón.

A nosa emenda de modificación é moi clara. Hai —afirmo categoricamente— proposta formal do Goberno de España cifrada en 380 millóns de euros para Galicia, que supón 4.000 vivendas. E instamos nesa modificación e nesa emenda á Xunta a que acepte expresamente esa achega. Non hai que pedir proposta, como din vostedes no punto 1, porque xa está. A partir de aí, parécennos moi ben os puntos 2, 3 e 4. ¿Reclamar consenso? Por suposto. ¿Diálogo, tratamento equitativo e todas as reunións que sexan necesarias? De acordo. Pero son vostedes...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...—conclúo— quen deben empezar a practicar o que piden neses puntos, porque ata o de agora suspenden en levalos a cabo.



Pregunta final: ¿como é posible que nesta emerxencia habitacional que sofre Galicia o Goberno galego renuncie a 380 millóns que supoñen a construción de 4.000 vivendas públicas? Responda, señora Deza.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde.

Esta iniciativa do Partido Popular en materia de vivenda representa á perfección unha forma de facer política na que están instalados, onde todo vale para servir o partido. Ten todos os ingredientes do *modus operandi* do Partido Popular. O primeiro é seguidismo a Génova, aínda que iso supoña transitar por un canellón sen saída. Aos feitos me remito. O 6 de xuño celébrase unha conferencia de presidentes onde hai un tema principal que xira arredor da vivenda. Nesa conferencia o Goberno do Estado traslada unha proposta de mínimos que xira principalmente sobre unha idea moi básica, que é pactar, de cara ao novo plan estatal de vivenda, un aumento do orzamento. Ese día Rueda asiste a esa Conferencia de presidentes, pero non como un presidente dos galegos e das galegas, senón que foi alí interpretar o papel de barón de Feijóo, porque despachou esa proposta simplemente cunha negativa, (Aplausos.) sen máis explicación e sen explicarlle nada á sociedade; cando se trata, ademais, dun dos temas que máis preocupa. Para pasar, iso si, inmediatamente a sumarse aos outros líderes do Partido Popular a facer dese encontro unha petición de adiamento electoral. Rueda acudiu a cumprir coa axenda e cos intereses partidistas do Partido Popular, pero non a buscar unha solución aos problemas da nosa sociedade. Porque ante unha situación de crise habitacional é absolutamente inxustificable rexeitar de plano, como fixeron, un incremento do investimento na política de vivenda especialmente destinado á creación de vivenda pública protexida.

E é importante neste debate falar de cifras, porque ¿a quen lle dixo «non» o actual presidente da Xunta? Dixo non á proposta de que a Xunta invista 24 millóns de euros máis ao ano nese plan de vivenda e que o Estado aporte, pola súa banda, 25 millóns de euros máis ao ano en Galiza nese plan. É un aumento positivo, pero que tampouco supón un esforzo desmedido, tal e como se pretende dar a entender por parte da Consellería, que, recordemos, manexa un orzamento anual de máis de cincocentos millóns de euros. Aquí o problema non é a contía, senón o feito en si de investir máis. Porque para o Partido Popular a crise da vivenda non se pode abordar con máis recursos públicos, senón coas receitas que impuxo a Xunta nos orzamentos do ano pasado, que son: a quen especule con inmobles enteiros, exencións fiscais; que, se hai sentenzas xudiciais que obrigan a partir de agora a pagar impostos, exencións fiscais; e, novamente, máis e máis rebaixas nos impostos de transmisión. En definitiva, a receita do Partido Popular é reducir a capacidade de investimento público da Xunta en beneficio de quen máis ten e de quen fai negocio coa vivenda.



Pero nas propias filas do Partido Popular son conscientes de que soste esta política de recortes en vivenda é impopular nunha situación tan crítica como a actual e, sobre todo, que o IGVS ten unha dependencia total e absoluta dese plan estatal, porque vostedes se limitaron precisamente a ser meros xestores dos programas estatais sen desenvolver as súas competencias. Por iso, pasado o momento de interpretar o discurso oficial de Génova, un mes despois desa Conferencia de Presidentes, o Goberno da Xunta envía a Madrid o director do IGVS a un encontro bilateral co director general de Vivienda y Suelo. Desa reunión publícase por parte da Xunta unha escueta nota de prensa na que a Xunta anuncia —coa boca pequena— que si, que van aceptar o aumento orzamentario proposto na conferencia de presidentes de xuño. ¡Menuda autoemenda, señorías do Partido Popular, enviar un mes despois un director xeral a aceptar o que o propio Rueda nesa conferencia de presidentes rexeitaba con tanta vehemencia! (*Aplausos.*) Pero, sobre todo, ¡menuda demostración de que o presidente da Xunta non traballa polo interese dos galegos e das galegas e que só dá a cara para exercer de ventrílocuo de Génova e de peón na axenda política de Feijóo en Madrid! Porque podía ter ido a esa conferencia para intentar acadar un mellor acordo de investimento en vivenda e foi única e exclusivamente facer seguidismo; iso si, ademais con posterior humillación.

O segundo ingrediente que aportou o PP a este debate é a mentira. Porque nesa conferencia de presidentes, ademais da cuestión orzamentaria, púxose enriba da mesa o feito de poder pactar unha serie de medidas que reforzasen o carácter social dos investimentos. O máis importante que se debateu era establecer a cualificación permanente de toda a vivenda protexida. E o presidente da Xunta asegurou nesa reunión e na rolda de prensa posterior que isto Galicia non precisaba asumilo porque xa o estaba aplicando, cando non é certo. A cualificación permanente en Galicia só se aplica ás vivendas de promoción pública ou a aquelas vivendas de protección autonómica que se constrúan nun solo desenvolvido por promotor público; nas restantes o período de cualificacións son trinta anos en caso de venda e incluso quedan reducidos a quince anos de protección se se destinan ao alugueiro. Cónstame que o señor Rueda foi advertido do seu erro, pero o Goberno galego continúa unha e outra vez repetindo esa falsidade, polo que entendemos que son plenamente conscientes de que están empregando a mentira como forma de facer política. E sabemos que a mentira xa non ruboriza a ninguén neste lado do hemiciclo, pero, aínda así, hai que recordarlles que temos debatido iniciativas do Bloque nesta Cámara precisamente propondo estender a cualificación permanente a toda a vivenda protexida e vostedes premían o botón vermello para impedi-lo. ¿Como poden dicir que iso está en vigor no noso país? ¿Pero como poden utilizar a mentira dunha forma tan descarada?

E o terceiro compoñente que engade o PP ao debate é o maltrato e o uso espurio que fai das nosas competencias, neste caso das competencias en materia de vivenda. Primeiro, porque nin as desenvolven nin as protexen cando se autolimitan a ser xestores dese plan estatal, cando votan «non» sistematicamente a crear un marco propio para regular a vivenda baleira en Galicia, «non» a establecer un modelo propio de vivenda protexida, «non» a regular aquí, limitar e controlar os pisos turísticos, atendendo ás características específicas e en como se concentran no noso territorio, «non» a planificar a vivenda pública atendendo a unha visión de reequilibrio e de ordenación territorial, «non» a crear programas de axudas propias, «non» a programas de emancipación... Tamén cando votan «non» a declarar mercados tensionados e lles delegan as súas competencias aos concellos; iso si, reservándose



mecanismos para boicotealos. Dinlle sempre «non», «non», «non» a exercer as súas competencias; non queren exercer a capacidade transformadora que teñen como Goberno. Agora ben, no PP lémbrense delas cando hai que desviar o foco sobre cales son as súas políticas antisociais. Porque vostedes non están en contra do plan estatal por querer ser agora moi garantistas coas súas competencias, senón porque non están de acordo coa liña programática. Vostedes preferirían un plan estatal de vivenda da época Rajoy: recortar un trinta por cento do orzamento en vivenda, acabar coa vivenda protexida e moitos, moitos beneficios fiscais a promotores, especuladores e fondos de investimento. Ese é o plan que queredes o Partido Popular.

Dende o BNG temos claro que o Goberno do Estado ten que facilitar o proceso de diálogo coas comunidades autónomas e respectar as súas competencias. Mais o que pretende o Partido Popular con esta iniciativa é, en nome das competencias, que a oposición avale unhas propostas que ademais nin tan sequera coñecemos. Porque vostedes critican a falla de transparencia do Goberno central nesta negociación do plan estatal, pero é que tampouco coñecemos cales son as propostas que remitiu a Xunta de Galiza en decembro do ano pasado ao Goberno central. E por iso presentamos precisamente unha emenda para que, ademais de garantir ese respecto competencial, que iso por suposto debe habelo, debatamos do contido concreto dese plan estatal e dos obxectivos que debería perseguir. O que lle exiximos ao Goberno galego na emenda de adición é que traian a debate a esta Cámara, que lle expliquen á sociedade cales son as propostas concretas que se lle están trasladando ao Goberno central dende a Xunta de Galicia. Porque reclamar que o Goberno estatal atenda as propostas da Xunta está ben, pero terán que explicarnos que é o que propoñen e, sobre todo, que é o que rexeitan. Se o que vostedes queren é, como dixo Rueda na Conferencia de Presidentes, *rebaixa de impostos <y menos coartar la libertad del mercado>*, que esa foi a súa gran aportación ao debate, non contén co noso respaldo. Se o que buscan é lograr máis investimento público para ampliar o parque público de vivenda protexida, aí estaremos. Se apostan por crear unha liña de axudas para evitar a perda de vivenda cando hai risco de impago, contén co noso apoio. Se apostan por máis financiamento para mobilizar vivenda baleira, contén co noso apoio. O problema é que ninguén coñece cales son as reclamacións do Goberno galego.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: E ademais —acabo xa— hoxe deixan claro que non teñen ningunha intención de facelas públicas, porque nos fan unha transacción na que nos propoñen precisamente que eliminemos da nosa emenda a petición de transparencia ao Goberno galego onde se fagan públicas esas reclamacións. Entón isto é xa o colmo do esperpento. Presentan unha PNL para reclamarlle ao Estado que escoite as reclamacións da Xunta e néganse a facer públicas as reclamacións da Xunta.

Como comprenderán, non podemos votar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...a favor dunha posición que se negan a dar a coñecer; votar en favor da nada. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Grupo Parlamentario Mixto? Renuncia á súa intervención.

Pecha entón a autora da proposición non de lei, a señora Deza.

MARÍA DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Os dous voceiros, tanto o do Partido Socialista como a do Bloque Nacionalista Galego, puxeron aquí enriba da mesa hoxe que Galicia renuncia á proposta feita polo presidente na Conferencia de presidentes. Pero nada máis lonxe da realidade. Voulles dar uns datos.

O seis de xuño, acaba de dicir a señora Fernández, celebrouse a conferencia de presidentes autonómicos, certo é. O Goberno central anunciou que aumentaría o gasto en vivenda pública e que sería un investimento sempre supeditado a que as comunidades autónomas aportasen o corenta por cento de financiamento das actuacións. Ben, Galicia dixo que estaría disposta a aportar ese corenta por cento. Acabo de dicilo na miña intervención anterior. O que tamén quere Galicia é saber cal é o plan que propón o Goberno do Estado, porque nesa conferencia de presidentes non é certo que se propuxese ningún plan; o único que se dixo foi que había que aumentar o financiamento das comunidades autónomas. E repito e reitero que Galicia sempre manifestou que, efectivamente, ía asumir ese financiamento. *(Aplausos.)*

Despois desa conferencia de presidentes, o día 13 de xuño, a propia conselleira envíalle unha carta á ministra de Vivenda reiterando a petición dese borrador e unha reunión para poder tratar o tema do novo plan de vivenda. Non houbo contestación por parte dela, e a contestación que houbo por parte do Ministerio foi que houbo unha reunión dos dous directores, esa reunión á que vostede aludía anteriormente. Pero nesa reunión volveuse reiterar por parte de Galicia que, efectivamente, se asumía ese custo do corenta por cento do financiamento, e volvemos a seguir sen un borrador que nos diga cal é o Plan estatal de vivenda, mais que que temos que asumir o corenta por cento.

Despois houbo outra reunión o día 14 de xullo, unha reunión multilateral á que asiste novamente o secretario xeral de Urbanismo e na quen tampouco se volveu indicar nin cales eran as liñas de financiamento nin cal era o plan estatal de vivenda. Despois desa reunión, a conselleira volveulle mandar unha carta á ministra para solicitar novamente unha conferencia sectorial e tamén unha reunión directamente coa nosa conselleira e non houbo contestación. Por tanto, non sei a que se refire ao señor Font cando di que é o propio Goberno da Xunta o que boicotea as reunións, o que boicotea calquera tipo de acordo, porque realmente non hai ningún tipo de acordo.

Despois dicía a señora Fernández que non saben cales son as propostas que lle fixo Galicia. Díxeno na miña anterior intervención. No mes de decembro a Xunta de Galicia remitiulle ao Goberno de España o plan estatal as proposicións que facía a Galicia. E —repito— esas proposicións eran: un marco común e flexible; financiamento acorde co esforzo investidor de cada comunidade autónoma; cofinanciamento das vivendas de promoción pública en réxime de vivenda e alugueiro; axudas á rehabilitación, á conservación, á accesibilidade e á mellora da eficiencia enerxética; axudas para vivenda protexida para promotores, cooperativistas en



alugueiro e tamén para a venda; axudas a particulares para a mobilización de vivendas baleiras; a cesión gratuíta das vivendas e os solos da Sareb e a revisión da Lei polo dereito á vivenda e da normativa fiscal. ¿Que hai desta proposta? Mutis polo foro. O Goberno de España non conta está absolutamente nada das propostas que fixo o Executivo galego no pasado mes de decembro. Despois tamén di...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Deza.

MARÍA DEZA MARTÍNEZ: ...o señor Font que nós desprezamos as políticas que plantexan desde o Goberno do Estado, que ese plan está máis que proposto, que o único que facemos nesta emerxencia habitacional é renunciar a 380 millóns de euros... Repito, nada máis lonxe da realidade. O Goberno da Xunta de Galicia xa anunciou e requeteaanunciou en varias ocasións que está disposto a asumir ese financiamento.

E digo, respecto ás emendas que presentaron tanto o grupo do PSdeG como como o BNG, aportheilles a vostedes un texto de transacción que, polo que dixo a señora Fernández, entendendo que non o van admitir. Pero ben é certo que, —volvo e insisto— se é o único que quere o señor Sánchez é que Galicia poña máis cartos, Galicia pon máis cartos. Pero o que quere o Goberno galego é que se pase dunha vez por todas ese borrador do plan estatal.

Nada máis. Moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esta Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Continuar apoiando economicamente aos concellos galegos para facer fronte ao custo do SAF, que é un servizo de competencia municipal, e seguir impulsando a mellora do seu financiamento.

2. Continuar reclamando ao Goberno de España o cumprimento da Lei de Dependencia que lle obriga a financiar o 50% do custe dos servizos, así como o pagamento da débeda con Galicia e os galegos por ese incumprimento.



3. Analizar a posible modificación das rateos que fixan o persoal técnico mínimo exigible ás empresas prestadoras deste servizo co obxectivo de garantir unha mellor prestación do mesmo.

4. No marco das negociacións iniciadas coa Fegamp, crear unha mesa de traballo que inclúa tamén as representantes sociais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar co obxectivo de elaborar protocolos de prevención e intervención en casos de agresión no domicilio, violencia machista ou discriminación contemplando as actuacións legais oportunas que permitan adoptar, con seguridade xurídica para as traballadoras, os concellos e as entidades prestadoras do servizo, medidas de suspensión temporal ou total do servizo en casos de agresión, violencia machista ou discriminación, entre outros.

5. Facer valer a capacidade da Xunta de Galicia en tanto que autoridade laboral e administración responsable en materia de dereitos sociais e, a través do Consello Galego de Relacións laborais, intermediar, se así o acordan as partes, na negociación do Convenio colectivo do SAF para promover unhas condicións laborais e salariais dignas e seguras para as traballadoras do SAF.»)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Benvidas, especialmente as persoas que nos acompañan, traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, hoxe na tribuna de convidadas.

Lembrarán todas as súas señorías que hai un mes tivo lugar en Galiza o asasinato de Teresa de Jesús González, traballadora do Servizo de Axuda no Fogar, no Concello do Porriño. Unha traballadora dun servizo público esencial de atención á dependencia que foi asasinada mentres desenvolvía o seu traballo. Un feito gravísimo e excepcional que puxo de manifesto, da maneira máis cruel, máis dura, o que as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar en Galiza veñen denunciando desde hai anos. Traballadoras como María, como Julia, como Érica, como Felicidad, Susana ou María del Mar, que nos acompañades hoxe no debate do Parlamento, milleiros de mulleres que acoden cada día ás casas de 23.000 galegas e galegos dependentes para atendelas, para coidalas, e que van traballar nunhas condicións absolutamente precarias que non se corresponden en absoluto co enorme esforzo que prestan á sociedade galega.

¿Saben en que condicións van traballar estas mulleres aos domicilios de 23.000 galegas e galegos dependentes? Estas mulleres saen cada día da súa casa no seu vehículo particular para ir ao seu centro de traballo, que é a casa da xente, nunhas condicións marcadas por un convenio colectivo caducado, vencido desde o ano 2012, hai trece anos; sen que a patronal se sente a negociar, nin tan sequera, con elas e coa súa representación sindical unhas condicións de traballo, primeiro, axustadas á realidade do século XXI e do ano 2025, pero, sobre todo, que lles garantan condicións de seguridade e de saúde laboral, ademais duns salarios dignos. Empresas que dominan o sector na maior parte dos casos, que non se sentan a negociar porque tampouco ninguén as obriga, a pesar de estar financiadas con cantidades inxentes de diñeiro público. E non as obriga quen máis responsabilidade ten: a autoridade



laboral deste país e a máxima responsable en materia de dereitos e servizos sociais, que é a Xunta de Galiza. As traballadoras do SAF van cada día o seu centro de traballo, que son as vivendas de 23.000 galegas e galegos dependentes, sen ferramentas de prevención nin protocolos que garantan a súa seguridade e protección no traballo.

O asasinato de Teresa foi un golpe durísimo, unha patada na boca do estómago que debe facernos reaccionar como sociedade e que fai inaprazable o impulso de cambios legais, de cambios normativos que garantan unhas condicións laborais dignas e seguras para as traballadoras do SAF. Non podemos mirar para outro lado e a primeira Administración que ten que implicarse e poñerse á fronte da situación é a Xunta de Galiza. Eu teño que lamentar que, xusto hoxe, coincidindo precisamente co debate nesta Cámara desta proposición que trae hoxe o BNG, tiña lugar pola mañá unha reunión, convocada polas organizacións sindicais e emprazada hai un mes pola representación dos concellos galegos a través da Fegamp, para falar precisamente da elaboración deses protocolos de protección e de seguridade no traballo que veñen reclamando desde hai moitos anos as traballadoras do SAF. E, ¿saben a quen mandou a Xunta de Galiza a esa reunión? Non foi a conselleira, non foi o director xeral responsable do Servizo de Axuda no Fogar, non foi a secretaria xeral técnica da Consellería; mandaron unha xefa do Servizo de Inspección e a xerente do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral. Esa é a importancia e a relevancia que lles dá o Partido Popular ás condicións nas que traballan esas mulleres cada día. (*Aplausos.*) Nin sequera na primeira reunión de traballo foi quen de ir alguén con algo de autoridade política e capacidade de decisión da Consellería da Xunta de Galiza.

Non están á altura do que merece este país e, sobre todo, do que merecen as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar. E non é porque non teña responsabilidades o Goberno galego no Servizo de Axuda no Fogar, e en xeral en materia sociosanitaria. Eu quero lembrar que o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia di que corresponde ao poder galego a competencia exclusiva en materia de asistencia social. E a lei de servizos sociais que existe neste país deposita funcións de coordinación, funcións de ordenación normativa, de homologación, de rexistro e de control dos servizos sociais do noso país, independentemente de quen teña responsabilidade de xestionalos. O que hai que lembrar hoxe aquí é que se deriva e se carga sobre o lombo dos concellos a xestión dun servizo vinculado á dependencia, sen practicamente recursos nin humanos, nin materiais, nin económicos, para garantir que a súa prestación se fai coa máxima calidade.

Desde o BNG levamos moitos anos formulando propostas para blindar e mellorar o servizo de Axuda no Fogar, para garantir o dereito a unha vellez digna das persoas dependentes do noso país, para garantir mellores condicións laborais e salariais das traballadoras e tamén para impulsar protocolos fronte a situacións de violencia como as que segaron a vida de Teresa. En decembro de 2020 neste mesmo hemiciclo —en decembro de 2020, hai case 5 anos— o Bloque Nacionalista Galego defendeu unha proposición non de lei na que recollíamos precisamente dúas propostas: a elaboración de protocolos de prevención e de intervención en casos de agresión, de violencia machista ou de discriminación no ámbito do SAF; e a introdución de cambios normativos que permitisen adoptar suspensións temporais parciais ou totais do servizo nesas situacións de agresión, de violencia machista ou de discriminación, entre outros, con seguridade xurídica para todas as partes —para as traballadoras,



para os concellos, para as empresas e para a propia Xunta—. O Partido Popular votou en contra. Vostedes saberán por que.

Desde o BNG fixemos daquela a proposta porque as traballadoras levaban anos trasladándonos nas sucesivas reunións de traballo que mantemos con elas e coa súa representación sindical que sufrían agresións, que sofren insinuacións nos domicilios, casos de acoso, mesmo sexual, que teñen que asumir en solitario, porque esas traballadoras van ás casas co seu corpo e soas, e ao que pasa aí dentro da casa da xente —porque o seu centro de traballo non é un centro de saúde, non é un hospital, non é unha fábrica, teñen que ir coidar e atender a persoas no seu domicilio— van soas sen ter ferramentas nin sequera para poder garantir correctamente a súa protección. É imprescindible. Érao daquela no ano 2020 e hoxe é urxente e inaprazable facer cambios normativos e introducir ferramentas como estes protocolos de prevención e de intervención para garantirles condicións de seguridade no traballo a estas mulleres que —insisto— prestan un servizo público de atención sociosanitaria a persoas dependentes no noso país.

As mulleres traballadoras do SAF non precisan declaracións de intencións, nin palabras baleiras, nin sequera golpes na espalda, nin moito menos que a máxima responsable en materia de servizos sociais lles diga que o único que poden facer é ir denunciar. Porque eu quero lembrar que Teresa puxo en coñecemento de todo o mundo que estaba pasando. É evidente que necesitamos ferramentas que dean seguridade xurídica a todas as partes para poder actuar e garantir a protección destas mulleres. Iso é hoxe o que trae a debate e a votación o BNG nesta iniciativa, que no marco das negociacións que hai abertas coa Fegamp, o Servizo de Axuda no Fogar elabore protocolos de prevención e de intervención que teñen que ser introducidos na Orde que regula o Servizo de Axuda no Fogar, publicada no DOG, para que sexan homoxéneos en todos os concellos galegos e, sobre todo, de obrigado cumprimento para todas as partes. Para iso necesítanse recursos económicos para poder levar a cabo as ferramentas que prevexan eses protocolos. Necesítase incrementar, como levamos proponendo tanto tempo no BNG, o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar e, sobre todo, incrementar a *ratio* de persoal non só auxiliar, senón tamén técnico, para garantir labores de coordinación e sobre todo de seguimento e de control en cada caso, permitindo que as traballadoras sociais que desenvolven ese traballo poidan acompañar e protexer mellor as propias auxiliares en casos conflitivos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: E, por último e o máis importante, —con isto remato— a Xunta de Galiza ten unha obriga de facer valer a súa posición como autoridade laboral, pero sobre todo como responsable en materia de servizos sociais e como grande financiadora do Servizo de Axuda no Fogar, en sentar as empresas que fan parte da patronal do sector do Servizo de Axuda no Fogar e dos coidados para promover unha renovación do convenio colectivo que permita garantir condicións dignas e seguras de traballo ás mulleres que sosteñen o Servizo de Axuda no Fogar. Non se pode dar palmadas nas costas ás traballadoras pregoando que son moi importantes e ao mesmo tempo mirar para outro lado mentres as explotan laboralmente. Nin é xusto nin é democrático.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde de novo.

Antes de nada saudar a todos os que nos acompañan no estrado e facer unha lembranza sentida para Teresa de Jesús, a súa familia e os seus achegados. (*Aplausos.*) A súa morte non tería que terse producido nunca, e é responsabilidade de todos nós e de toda a sociedade que isto non volva pasar, nin isto nin cousas moito máis graves. Que a integridade física e a integridade psíquica tamén de todas as persoas, pero de todos os que traballan cos nosos maiores, se vexa sempre protexida.

Pero, señora Rodil, é verdade que Teresa de Jesús se queixou, que pediu amparo e que se sentía insegura, pero fíxoo ante a CIG, ante ninguén máis. E a min paréceme que hai que poñer en valor que —porque hai que dicir que o Servizo de Axuda no Fogar é de competencia municipal e é de competencia municipal dende que así o decidiu o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista no ano 2008— é axeitado que sexa a Fegamp a que poña en marcha esa mesa para analizar, estudar e de forma urxente elaborar un protocolo que dea seguridade a todas as partes. E nesa mesa —e díxoo aquí o director xeral na Comisión 5ª a semana pasada— por suposto que está e estará a Xunta con todas as persoas e todas as dependencias que sexa necesario.

A vostede non lle parecerá axeitado que os técnicos estean nesa mesa. Pois, ¿que quere que lle diga? Eu creo que os primeiros que teñen que estar son os técnicos, que terán que achegar os datos e que con eses datos serán os políticos os que tomen as decisións pertinentes. Facelo ao revés non nos levaría a ningunha solución axeitada, senón ao mellor a unha solución simplemente política.

Respecto do convenio colectivo, vostede sabe perfectamente que a Xunta exerceu o seu labor de mediación a través do Consello Galego de Relacións Laborais. Así mesmo, a Mesa negociadora do terceiro convenio colectivo para a actividade da axuda no fogar mantivo dúas xuntanzas no ano 2025. E nesta última, que tivo lugar en marzo do 2025, as partes decidiron tomarse un período de reflexión. Son eles os que teñen que marcar os tempos e non a Xunta de Galicia.

E, se estamos a falar de servizos de atención aos maiores e de dependencia, temos que ter en conta que dende a Xunta de Galicia, e dende o ano 2011, o gasto social incrementouse en Galicia máis de tres mil millóns de euros, ata acadar un 45 por cento. Estes son os datos, e son uns datos que, ademais, reconece o último informe da Asociación de directores e xerentes de servizos sociais, que tanto lles gusta a vostedes mencionar e que din que o gasto en políticas sociais en Galicia é, en porcentaxes, o quinto máis grande de toda España. (*Aplausos.*)

A Xunta aporta este ano para a dependencia 700 millóns de euros. Eses 700 millóns de euros supoñen o 65 por cento de todo o custo da dependencia, pero é que tiña que poñer só o 50



por cento segundo a lei, porque o outro 50 por cento tíñao que poñer o Goberno central. É o mesmo que vai poñer ao País Vasco, pero aos galegos non, aos galegos ponlle o 35 por cento e aos dependentes vascos, o 50 por cento. ¿Que fai o BNG? ¿Que fai o BNG en Madrid? ¿Protestar? Non. (*A deputada Raquel Arias Rodríguez mostra un cartel.*) O BNG non protesta en Madrid porque é «o do non» aos galegos. Os de Ana Pontón votan, unha e outra vez en Madrid, a favor de que lle dean máis cartos aos nacionalistas vascos e cataláns, pero en Galicia esixen que sexa a Xunta, cos cartos dos galegos, a que poña eses cartos. A utilidade do nacionalismo galego para os galegos é igual a cero.

A pesar destes 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno de Madrid e que vostedes non lle reclaman —se realmente llo reclamasen e se exercesen o seu poder como galegos en Madrid, vostedes, que lle ofreceron o apoio a Sánchez, xa llo terían retirado—, sen vostedes e sen a súa axuda, dende que están os gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia (*A deputada Raquel Arias Rodríguez amosa un gráfico.*), multiplicamos por cinco os dependentes que están atendidos, ata chegar ás 84.000 prazas. Multiplicamos por tres o número de prazas públicas das residencias, por seis o número de centros de día e por sete as persoas atendidas na axuda do fogar. Máis de 2.500 galegas e galegos teñen Xantar na casa e puxemos en marcha medidas como o Carné +65 e programas como o Xuntos polo Nadal e o Benestar en balnearios, que están incrementando o seu orzamento cada ano.

Temos en marcha o bono Coidado no fogar, ese que a vostedes lles gusta tan pouco, porque o modelo do BNG é que os galegos vivan como quere que viva o BNG. ¡E non, señor! (*Aplausos.*) Dende a Xunta de Galicia, dende o Partido Popular, o que queremos é que os galegos, na súa última etapa da vida, vivan onde queiran vivir e ímoslles poñer os medios para que así sexa.

Ímolos poñer tanto que, dentro da aportación á axuda no fogar, resulta que nos últimos tres anos (*A deputada Raquel Arias Rodríguez amosa un gráfico cunhas imaxes.*) —señora Rodil, isto seguro que lle interesa— a Xunta de Galicia incrementou nun 22 por cento as súas aportacións ao SAF. ¿Saben en canto as rebaixou o Partido Socialista de Sánchez co apoio do Bloque Nacionalista Galego? Rebaixounas nun 22 por cento. Mentres que no ano 2023 o Estado aportaba o 57 por cento, agora aporta tan só o 35 por cento. ¿Vostedes queren ser útiles? Se queren ser útiles esixan que nos paguen ese 50 por cento e esixan que teñamos un financiamento axeitado ás nosas necesidades, porque ter o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia é tamén moito máis caro coa dispersión e co envellecemento que temos.

Vostedes o que queren é marcar aquí. Esa é outra: vostedes din que os concellos son os que teñen as competencias, pero despois non deixan que sexan os concellos os que negocien. Deixen que os concellos negocien na Fegamp cal vai ser a aportación que teñan. ¿Vostedes cren que son menores de idade? Nós cremos que non. Nós cremos que esa negociación se ten que facer entre a Xunta e os concellos.

Unha vez máis, temos a supremacía moral do BNG, que lle quere dicir a todo o mundo o que ten que facer e como ten que vivir. É un BNG que di preocuparse moito polos concellos, pero que foi quen no 2008, co PSOE, lles puxo a competencia do Servizo de Axuda no Fogar; é un BNG que di preocuparse tanto polos maiores, pero que en plena vaga de incendios, cando



moitos dos maiores tiñan que ser desaloxados das súas casas e das súas residencias, o que facía era estarse manifestando; é un BNG que di en Galicia que o Goberno ten que aportar o 50 por cento da dependencia, pero en Madrid o que fai é estar a favor de que ese 50 por cento vaia para os vascos e que aos galegos nos dean só o 34,9 por cento; e é un BNG ao que lle parece unha fantástica idea que todos os galegos lles paguemos a débeda que teñen os cataláns.

Señorías, vostedes seguen apoiando a Sánchez e o seu maltrato aos galegos. Dende o Partido Popular non o imos permitir, nin coa dependencia nin con ningunha outra cousa.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Renuncia á intervención.

É a quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde ás compañeiras do Servizo de Axuda no Fogar que hoxe están aquí. Grazas pola vosa presenza. Sinto moito estas cousas que pasan aquí. Un vén falar do que toca e creo que, neste caso, é un tema suficientemente importante, suficientemente grave e suficientemente próximo a todos os que estamos aquí —ben polo que nos vai tocar na vida ou ben polo que nos tocou—, que é o do Servizo de Axuda no Fogar. Sen vós, moitas de nós non poderíamos sobrevivir nin ás enfermidades nin ás longas doenzas, nin ter esa vida que moitas veces os nosos maiores tiveron ao final das súas vidas. Fostes as que salvaron o papelón que tiñamos que pasar nas nosas casas.

É un traballo atomizado, feminizado, precarizado e en *solitude*, como se dixo aquí, porque é verdade que aquelas que traballan nas residencias ou nos centros de día teñen as compañeiras e os xefes no traballo, pero vós non tedes absolutamente nada diso cando chegades a unha casa, todo o contrario. Tedes unha enorme *solitude* e dependedes, como xa dixen máis dunha vez —a frase non é miña, é de Tennessee Williams—, da amabilidade dos estraños. Así que moitísimas grazas por todo o que facedes e desculpade se moitas veces nesta Cámara non estamos á altura das circunstancias e non estamos á altura do traballo que se entende que temos que vir facer aquí. (*Aplausos.*)

Entendo tamén que os galegos o que queren é vivir con dignidade, basicamente. Quere-mos chegar a unha idade —o máis lonxe posible— e ter a sorte de que unha Teresa de Jesús veña ás nosas casas, pero tamén queremos que as «Terasas de Jesús» teñan a seguridade que deben ter. O que se está pedindo aquí, simplemente, é que as autoridades competentes —por suposto que a Fegamp, pero por suposto tamén que a Xunta de Galicia, ¡por suposto que a Xunta de Galicia!, que é quen lidera, na Lei de servizos sociais, os servizos sociais desta comunidade— tomen cartas neste asunto porque, basicamente, é un asunto grave. Se non fose un pouco cinematográfico, eu diría que é de vida ou morte, como se viu neste caso.



Entón, eu creo que ante estas situacións, sacar os balóns fóra e que esteamos pasando a pelota os uns aos outros non ten ningún sentido, porque estas señoras van seguir traballando nas condicións nas que están, que son precarias. Van ter que seguir traballando con esas inseguridades. Evidentemente, non sempre con esa inseguridade que levou á morte a Teresa de Jesús, pero si con moitas delas, con situacións indignas nos domicilios aos que acoden e non teñen a ninguén para que as defenda nin a ninguén para quen alzar a voz. Si, poden ter un sindicato, pero o sindicato é ao final o que ten que reverter estas queixas e nós, os políticos, somos os que temos que facer que isto teña o camiño que se teña que facer, non botar os balóns fóra.

Eu creo que cando un goberna, e vostedes gobernan —eu xa o digo sempre, eu teño unha mala noticia, vostedes gobernan e gastan un montón de pasta en fotocopias, tamén é certo—, ten que tomar a situación que teña enriba da mesa e solucionala, porque non hai outra. É o duro de gobernar: ter que decidir e ter que negociar. Iso é o que hai que facer. Hai que sentar na Fegamp con todos os dereitos que teñan a sentar. Pola Lei de servizos sociais, teñen vostedes a obriga de liderar os servizos sociais en Galicia.

Por certo —é unha teima que teño sempre—, vostedes incumpren a lei e sábeno perfectamente. Non hai plan estratéxico e así imos. Así imos co SAF e así imos con esas residencias que, ou ben son privadas ou ben son concertadas, ou ben dependen da amabilidade do estráño do señor Amancio Ortega. Así imos nos servizos sociais de Galicia.

O SAF é un servizo que estoupou. É o máis demandado e é o que nos dá unha seguridade nas nosas casas cando coidamos os nosos maiores porque non queremos que saian das casas, queremos estar con eles alí. O SAF é ese servizo que non só axuda a coidar. Para os que tivemos que pasar por aí, é un servizo que nos deu a autoridade moral, que nos deu o apoio e que nos deu, nalgún momento, esa seguridade de saber que alguén vai vir sempre ás nosas casas botarnos unha man. Vostedes téñeno completamente abandonado; é máis, trasladan partidas que agora converten en bonos, bonos que agora son o recurso que vostedes promoven porque afastaron os traballadores sociais de todo ese procedemento para solicitar axuda á dependencia. Afastáronos en primeira instancia, co cal, xa teñen na ventanilla da entrada ese bono.

Teñen un bono para todo, ata van ter bonos para a froita, co que lles gusta. Entón, como teñen ese bono para todo, aí están vostedes aforrando unha cantidade inxente de diñeiro. Vostedes saben perfectamente que con algo máis de catrocentos euros apenas un pode coidar unha persoa maior na súa casa. Vostede sabe que con algo máis de catrocentos euros, apenas se pode facer fronte a pagar unha residencia que, no mellor dos casos, vai custar 2.500 euros e, no peor dos casos, imos estar esperando case tres anos por unha praza pública. Acoden vostedes ao bono porque non dan solucionado, nin sequera, os casos de grao tres na dependencia. Acoden vostedes ao bono porque os grao un e os grao dous non van levar, na vida, unha axuda á dependencia ata que cheguen ao grao tres. Tiraron pola rúa do medio, pola cuestión fácil.

Tiñan vostedes enriba da mesa a posibilidade dun plan estratéxico e non o contemplan; teñen vostedes a posibilidade de achegarse á Fegamp, onde teñen alcaldes que están coa



auga chegándolle ás orellas e non o contemplan; e teñen vostedes a posibilidade de recibir e concitar a maior parte posible das empresas que traballan co SAF e de chegar con elas a un acordo. Non o fan.

O SAF é un auténtico cabalo de batalla nesta situación, cunha Lei de dependencia que ten 18 anos, unha maioría de idade na que ninguén está disposto a que siga sendo maior de idade. Teñen vostedes aquí unha arma política para que nos azoutemos entre cifras e fotocopias. O que, simplemente, miles de mulleres nesta comunidade autónoma están a pedir é que se lles regule o seu sistema de traballo. Son vostedes os que teñen esa competencia.

Despois podemos falar de pedir máis cartos a Madrid, se é que son capaces de xestionalos. Despois podemos falar de sentar para facer un plan estratéxico e van ter o noso apoio, se é que son capaces de facelo. Xa levan vostedes tendo un conselleiro tras outro conselleiro: uns que apoian a política municipal; outros aos que tanto lles dá, que o mesmo lles ten; e outros que veñen aquí para «ben, imos ver se *a través de lo privado, vamos solucionando lo público*». Claro, como non temos ningunha directriz... Hai comunidades que xa levan dous plans estratéxicos, están terminando o segundo e nós non sabemos nin como se fai.

Entón, sinto moitísimo que esteamos nesta situación. Eu simplemente podo pedir que en Madrid se nos escoite máis e manden fondos que, esperemos, sexan capaces de xestionar. Pero é verdade que, no día de hoxe, non son capaces nin de poñerse de acordo co que teñen que facer e non son capaces de saber quen ten a responsabilidade. Entendo que a responsabilidade, evidentemente, é de todos, pero aquí hai alguén que goberna con maioría absoluta desde hai dezaseis anos. Digo eu que tempo terían para arranxar o que lles pasa a todas estas traballadoras. Insisto: traballo atomizado, feminizado e precarizado.

Estou á súa disposición para o que queiran. Nós, de momento, o que simplemente podemos facer é apoiar esta moción e facer da nosa voz un altavoz da súa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda de peche, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de máis, quero agradecerlle o apoio ao Partido Socialista.

Quero manter a calma. E non é fácil, porque é unha vergonza o que hai que oír aquí. ¡É unha vergonza e é unha indecencia que pouco menos lle faltou botarlle a culpa a Teresa de non presentar unha denuncia e de ser responsable do que pasou despois! (*Aplausos.*) Cando hai un comunicado público da empresa dicindo que se puxera en coñecemento dela ese mesmo día e do Concello do Porriño o día anterior. (*Aplausos.*) ¡Así que retíreo! ¡Retíreo, porque é indecente e é unha vergonza!



O que temos que facer a xente que estamos aquí é remangarnos e ver que podemos facer para que iso non volva pasar. Por isto está aquí o Bloque. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Que haxa un Goberno que non é capaz nin sequera de mandar un responsable da consellería con capacidade de decisión política á primeira reunión na Fegamp dá a medida do que lles importa ao Partido Popular e ao Goberno da Xunta de Galiza a vida desa xente. ¡Non o Bloque! Esas mulleres, que son as que sosteñen co seu corpo un servizo público esencial nunhas condicións de traballo que non as quere ninguén para si mesmas. Así que teña un pouco de respecto, polo menos. (*Aplausos.*)

Eu dígolle unha cousa: ¿que é o que ten que pasar neste país para que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade e faga algo, señora Arias? Non lle estou falando de mandar un tractor con grava para tapar unha fochanca, senón de garantirlles ferramentas de traballo a estas mulleres para poder defenderse en casos e en situacións cada vez máis habituais de discriminación, de insinuacións e de agresións de todo tipo —mesmo sexuais— por parte de familiares das persoas usuarias ou incluso de persoas usuarias, que moitas veces, polo seu desenvolvemento cognitivo e o grao de deterioración que sofren froito da idade, son as responsables desas agresións sen ser conscientes do que están facendo.

Aquí, en decembro de 2020, cando eu mesma xa levaba daquela a portavocía de servizos sociais dentro do Bloque, defendemos a necesidade de facer eses protocolos. Poden coller o *Diario de Sesións*. Hoxe ten bastante máis responsabilidade quen deu a réplica naquel debate e me dixo que o que pediamos xa o tiñamos. ¡Pois á vista está que eses protocolos non existían e, se existían, están metidos nun caixón, porque non serviron para garantir a protección da traballadora! (*Aplausos.*)

Entón, imos ver que podemos facer con medidas concretas, que se publiquen no *DOG* para que algo como o que aconteceu no Porriño coa vida de Teresa de Jesús non poida acontecer. Iso é do que está falando hoxe o BNG nesta iniciativa: poñer medidas concretas no *DOG* para evitar que volva acontecer o que pasou cunha traballadora do SAF do Porriño. Este servizo é dependente da Consellería de Política Social, que eu quero lembrar que é quen autoriza as horas, quen di que a esas persoas, a través dos servizos sociais...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...teñen que dárselles horas do Servizo de Axuda no Fogar. Poñemos medidas concretas para que as traballadoras vaian traballar en condicións dignas e seguras, e medidas concretas para facer valer a posición da Xunta e sentar as empresas, que levan trece anos pitorreándose de todo o mundo, nunha mesa de negociación.

Por último, queremos que se fagan de obrigado cumprimento os acordos que se adopten no seo da Fegamp. Para iso hai que reformar a orde que regula o Servizo de Axuda no Fogar e os dous artigos, o 8 e o 9, que falan da prevención e da seguridade no traballo, ademais de incluíla no convenio colectivo que se recolle.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Sobre a emenda, señora Rodil?



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Eu lamento de verdade, señora Arias; o Partido Popular está moi lonxe de estar á altura do que merece este país. Dixémolo pola mañá na catástrofe dos incendios...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Señora Rodil...

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...e repetímolo agora coa situación que teñen no Servizo de Axuda no Fogar.

Máis nada. *(Aplausos prolongados.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Sobre a emenda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois, rematado o debate da última iniciativa, rematamos a sesión, que será reanudada mañá ás dez da mañá.

Boa tarde-noite a todos e todas.


Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

